Sobre a avaliación ambiental que leva a cabo o Goberno galego logo de episodios de verteduras contaminantes nas augas e nos ecosistemas costeiros e a súa valoración verbo das actuacións no sucedido fronte a cabo Prioriño, na ría de Ferrol



- 48583 (12/INT-001606)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Bouza Manso, Aitor

Sobre a planificación por parte do Goberno galego do mantemento das infraestruturas dos centros de ensino e, singularmente, sobre o estado das instalacións do CEIP Xunqueira I, de Pontevedra

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 48477 (12/PUP-000185)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do anuncio realizado polo Goberno central da creación de cincocentas novas prazas xudiciais en 2026

- 48976 (12/PUP-000186)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as actuacións concretas de restauración mineira levadas a cabo pola Xunta de Galicia na mina de Monte Neme desde o anterior incidente de hai doce anos ata o 23 de maio de 2025

- 48996 (12/PUP-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre o nivel de responsabilidade que asume a Xunta de Galicia no episodio acontecido nunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo

- 49005 (12/PUP-000188)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 9 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego co obxectivo de compatibilizar a política de conservación do lobo coa actividade gandeira

- 49019 (12/PUP-000190)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre a información actualizada que pode ofrecer a Xunta de Galicia respecto da rotura dunha das balsas da antiga mina de Monte Neme, en Carballo

- 49024 (12/PUP-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre o obxectivo da continuidade do uso industrial dos terreos portuarios que hoxe ocupa Astilleros San Enrique en Vigo cando remate a súa concesión



1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 49027 (12/POPX-000069)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a efectividade da resposta que a Xunta de Galicia lles está a dar ás necesidades das cidadás e dos cidadáns galegos

- 49028 (12/POPX-000070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os efectos da modificación por parte do Goberno galego das normas de aplicación do canon eólico

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 27 de xaneiro de 2026, pola que se procede ao nomeamento como persoal funcionario de carreira, do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 24 de xullo de 2024

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 29 de decembro de 2025 (*BOPG* num. 312, do 13 de xaneiro de 2026), acordou a finalización e aprobación do proceso selectivo para ingresar por quenda libre no corpo auxiliar do Parlamento de Galicia.

De acordo coas bases da convocatoria e no uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal e o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Nomear persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia, grupo D, as persoas aspirantes aprobadas que se relacionan no anexo desta resolución, ordenadas de acordo coa puntuación final obtida no proceso selectivo e con expresión dos postos de traballo que se lles adxudican.

SEGUNDO. Para adquiriren a condición de persoal funcionario de carreira, as persoas ás que se re-fire o anexo desta resolución, segundo dispón o artigo 8.d) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, deberán tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



TERCEIRO. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

CUARTO. Notificarlles esta resolución ás persoas interesadas, ao servizo de Persoal e Réxime Interior e a Intervención e Asuntos Económicos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Presidencia do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

ANEXO

CONVOCATORIA		Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 24 de xullo de 2024						
GRUPO		D						
QUENDA		Libre						
CORPO AUXILIAR DO PARLAMENTO DE GALICIA								
Nº	DNI	Apelidos e nome	Código do posto	Denominación	Unidade destino	Grupo	Nivel	
1	***0206**	Corral Campello, Cristina	AP79	Uxier	SPRI ¹	D	13	
2	***0621**	Martínez González, Silvia	AP81	Uxier	SPRI	D	13	
3	***7290**	Ulfe Rodeiro, Lorena	AP85	Uxier	SPRI	D	13	
4	***7074**	Masaguer Torres, Paula	AP88	Uxier	SPRI	D	13	

¹ Servizo de Persoal e Réxime Interior



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 28 de xaneiro, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta (doc. núm **36818**, [12/INT-001349]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. No inmediato, incrementar a achega orzamentaria da Xunta ao financiamento do SAF até os 17 euros a hora con carácter retroactivo, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2025 para aumentar progresivamente esa contía até alcanzar os 20 euros a hora en 2027 co horizonte posto en que se asuma ao 100% o seu financiamento por parte da Xunta e do Estado a partes iguais, tal e como establece a Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

2. Impulsar as accións necesarias para reclamar xudicialmente ao goberno do Estado o diñeiro adebedado a Galiza en materia de dependencia tanto no referido ao financiamento do 50% do Servizo de Axuda no Fogar como a débeda histórica contraída desde a entrada en vigor da Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Asinado o día 29/01/2026 ás
12:44
Por Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Iniciar, no seo do Consello Galego do Benestar, un grupo de traballo específico para abordar a necesaria reforma do servizo co obxectivo de blindalo e adaptalo ás necesidades presentes e futuras da poboación galega.”

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2026 12:44:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:45:11
Nº Rexistro: 48521
Data envío: 29/01/2026 12:45:11.685

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 12:45:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 12:45:11
Nº Rexistro: 48521
Data envío: 29/01/2026 12:45:11.685

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 28 de xaneiro, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernol 2025-2026 (doc. núm **43054**, [12/INT-001485]).

Moción

“O Parlamento insta ao Goberno galego a presentar no prazo máximo dun mes un informe no Parlamento de Galiza no que como mínimo conste:

- a) Conxunto das medidas postas en marcha polo Sergas dentro do Plan Galego de Saúde invernol 2025-2026: recursos humanos contratados para reforzar, desagregados por categorías e por centros tanto hospitalarios como de Atención Primaria e tempo de duración dos mesmos; así como o orzamento destinado a este fin.
- b) Cantos PACs realizaron atención cos equipos completos, e cantas incidencias se produciron por descubertos nos mesmos.
- c) Relación das espera media para ser atendidos @s doentes nos servizos de urxencias.
- d) Número medio de persoas agardando nos servizos de urxencias para ser ingresadas en planta e tempo de espera.

Asinado o día 30/01/2026 ás
16:50
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 30/01/2026 ás
16:50
Por María Montserrat Prado Cores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) Relación de persoas que tiveron que volveron acudir aos servizos de urxencias e os que precisaron de novo ingreso tras a axilización de altas contempladas nos protocolos do Plan de Inverno.

f) Tempo medio en “abrir” camas de hospitalización pechadas e persoal contratado para este fin.

g) Número de doentes derivados a hospitais privados durante a duración do Plan de inverno e causa da derivación, con hospitais de orixe e de destino.”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2026 16:50:49

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2026 16:50:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 16:51:21
Nº Rexistro: 48822
Data envío: 30/01/2026 16:51:21.142

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 16:51:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 16:51:21
Nº Rexistro: 48822
Data envío: 30/01/2026 16:51:21.142

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 18:10:40
Nº Rexistro: 48830
Data envío: 30/01/2026 18:10:40,763

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Iglesias Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 27 e 28 de xaneiro do 2026, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central (12/INT-001285, doc. núm. 35295).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manifestar a aceptación á quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros ofrecida polo Goberno de España.
2. Elaborar unha proposta por escrito do novo sistema de financiación autonómica para Galicia que se consideraría xusta para o noso país, e que se remita a esta Cámara galega.
3. Negociar co Goberno de España unha mellora do sistema de financiamento para Galicia que atenda as nosas singularidades, logo da proposta presentada polo Goberno de España no derradeiro Consello Política Fiscal e Financeira, que busque outorgar maior ponderación ás variables do avellentamento e a dispersión no criterio de poboación axustada, para garantir a prestación duns servizos públicos de calidade para as e os galegos.
4. Retomar a convocatoria da Comisión non permanente especial de estudo para abordar a proposta da Comunidade Autónoma de Galicia diante de reforma do sistema de financiamento, constituída o 30 de

Asinado o día 30/01/2026 ás
18:10
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 30/01/2026 ás
18:10
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

169483

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 18:10:40
Nº Rexistro: 48830
Data envío: 30/01/2026 18:10:40,763

novembro do 2021, aos efectos de elaborar unhas conclusións sobre o
financiamento autonómico para Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-qYIF08wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

169484

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2026 18:10:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/01/2026 18:10:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 18:10:40
Nº Rexistro: 48830
Data envío: 30/01/2026 18:10:40,763

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 18:10:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 18:10:40
Nº Rexistro: 48830
Data envío: 30/01/2026 18:10:40,763

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á Estratexia Galega de Almacenamento de Enerxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Calquera sistema enerxético debe orientarse a non ter dependencia externa e a garantir en todo momento as necesidades do consumo interno, ademais de facelo a un prezo competitivo. Segundo os desfasados datos do INEGA, a dependencia enerxética do exterior de Galiza no ano 2023 foi do 59,8%, diminuindo respecto ao 66,4% de 2022, e preto do obxectivo do 50% máximo para 2030 do PNIEC, mentres que a Axenda Enerxética de Galiza 2030 fixa un obxectivo cualitativo de diminución, sen máis concreción.

No contexto da transición enerxética, da descarbonización e electrificación da demanda, é obrigada unha análise dos datos da xeración eléctrica renovábel e da demanda en Galiza, que, segundo os datos máis actualizados de REE, posibilita distintas conclusións, entre elas a evidencia de que a produción supera á demanda, xa dende 2020, unha demanda que é estábel, cunha xeración renovábel irregular -a eólica é intermitente, a fotovoltaica, con pouco presenza, non cubre todas as horas do día, e a hidroeléctrica convencional depende do ciclo anual da auga-. Porén, dita análise tamén demostra que no sistema galego é fulcral o almacenamento enerxético de longa duración ou estacional, que permita gardar a electricidade durante períodos longos e cun tempo de descarga tamén amplo.



Das opcións actuais, a de maior desenvolvemento tecnolóxico e de fabricación é a do bombeo reversíbel, cun rendemento do 69%-88%, con tempos de descarga de até 36 horas, e potencias que poden chegar aos 3.000 MW. En 2024 a potencia de bombeo instalada no mundo era de 189.412 MW, dos que o 3% estaban en España, cunha aportación de Galiza duns 381 MW, con outros 125 MW en curso, segundo os datos de decembro de 2025 de REE, e con ausencia de proxectos con permiso de acceso e conexión na rede de transporte ou na de distribución, aínda que para o MITECO cando menos 1.746 MW estarían en distintas fases do trámite ambiental, sen contar os 1.900 MW incluídos nas axudas do IDAE e na listaxe de Proxectos de Interese Comunitario. Na súa totalidade, os bombeos en funcionamento e os proxectados son de titularidade privada, mentres que o Estado está para adxudicar un contrato de enxeñaría duns 7.500 MW de bombeo en 31 encoros de propiedade pública, todos fóra de Galiza.

Pois ben, para REE en 2025 Galiza ten 3.731 MW de potencia hidroeléctrica instalada, que, segundo o INEGA, serían o resultado das 45 grandes centrais (3.437 MW, dos que 432 MW xa son de bombeos) e 121 minicentrais (309 MW); atendendo ao Plan Hidrolóxico Galiza Costa 2021-2027 vixente, só o 12% da potencia das grandes e o 29% das pequenas son competencia de Augas de Galiza; todas elas teñen concesións públicas para o uso privativo dun recurso de dominio público como a auga -o único recurso natural que dispón de tal cualificación-, polo que, rematado o tempo da concesión deberan reverter para o público en perfectas condicións de uso. Na Galiza, con concesións hidroeléctricas de finais do século XIX e a maioría de mediados do XX, nunca houbo reversións, chegando o PP a rexeitar unha Iniciativa Lexislativa Popular da CIG que xa demandaba unha auditoría sobre todas as centrais.

Na adenda asinada en 2012 ao Pacto Ambiental entre a Xunta e Endesa Generación S.A. de 2005 centrado no complexo mineiro-eléctrico das Pontes, inclúe entre as actuacións a denominada “posibilidade de xestión hidráulica do lago para a regulación do río Eume e outros aproveitamentos enerxéticos”, en referencia aos estudos técnicos que comprendían a instalación dun sistema de comporta cunha altura inferior aos cinco metros e o potencial aproveitamento hidroeléctrico mediante un sistema reversíbel de



bombeo co lago como depósito inferior, actuación que, con distintos promotores, tamén privados, está a tramitar a Xunta.

Outras das tecnoloxías de almacenamento enerxético das chamadas de longa duración son as térmicas. Aínda que con menor desenvolvemento e con características máis modestas (60-70% en rendemento, até 24 horas de descarga, e potencias de 100-300 MW) que o bombeo reversíbel, estaríamos a falar dunha opción de oportunidade e de verdadeira circularidade, en relación ao peche e desmantelamento das centrais termoeléctricas de carbón, das que poderían aproveitarse moitos dos seus equipamentos, nomeadamente os relativos ao ciclo auga-vapor, substituíndo a combustión do carbón por determinados materiais aos que se eleva a súa temperatura mediante a electricidade xerada nas instalacións renovábeis e non demandada, polo que tamén favorecen a integración das mesmas, ademais de aportar flexibilidade e seguridade ao sistema.

Existen experiencias, na súa maioría de promotoras e grupos de expertos de Alemaña, no propio Estado e noutros no ámbito internacional, nos que unha central de carbón é utilizada para almacenamento térmico, conversión que se desenvolve en meses e que tamén permite aproveitar calor. A propietaria da central das Pontes, na actualidade nunha fase inicial de desmantelamento, ten proxectos en Italia, algún asociado a unha central de ciclo combinado, logo de desenvolver o seu Futur-e para Italia, “un plan cunha estrutura de economía circular para escoitar e dialogar con todas as partes interesadas, co obxectivo de involucrar á poboación, as institucións e as empresas locais ..., fomentando a participación directa de todos os grupos de interese a nivel local, nacional e internacional, ... para identificar conxuntamente, a través de convocatorias públicas e ideas, posíbeis solucións circulares e sostíbeis para transformar 23 plantas en novas oportunidades de desenvolvemento local, ... centrais eléctricas que representan un patrimonio industrial ao que aínda se pode engadir valor.”

Pola contra, lonxe das características do proceso en Italia, o peche da Central Térmica de carbón de Enel-Endesa nas Pontes foi solicitado en decembro de 2019, pasando logo polo proceso de impacto ambiental, primeiro nun intento errado por parte da



propietaria de facer uso do procedemento simplificado, o mesmo que o resto de centrais en peche do Estado, que foi desestimado polo MITECO na súa Resolución de abril de 2021 obrigando ao sometemento dun procedemento ordinario, a única central de todo o Estado, que rematou coa publicación da Declaración de Impacto Ambiental do seu desmantelamento en marzo de 2022.

Foron varios os informes contrarios ao desmantelamento total e completo das instalacións durante a tramitación ambiental. A Xunta de Galiza, a traveso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, subliñou tanto no procedemento simplificado como no ordinario, de xeito reiterado, que, segundo os criterios e definicións sinalados na Lei do Patrimonio Cultural de Galiza e no Plan Estatal de Patrimonio Industrial, parte das estruturas do conxunto fabril poderían posuír as calidades e os valores propios do patrimonio industrial, polo que sería preciso un estudo concluínte en canto á caracterización do valor cultural dos inmobles, a xustificación da súa eventual consideración como bens integrantes do patrimonio cultural de Galiza, e, de ser o caso, a protección e as medidas correctoras para a súa salvagarda, cuestión que non tivo consideración algunha por parte do MITECO. Tamén o Concello das Pontes, coa base na reclamación da consideración no proceso de avaliación tamén de criterios ponderados técnicos, económicos e sociais, demandou a ampliación das alternativas (a promotora só enunciaba dúas, a de non facer nada e a do desmantelamento completo, aceptadas polos órganos substantivo e ambiental), demandou a inclusión de outras dúas novas alternativas, a da continuación da actividade mediante o uso de bio-combustíbeis, e a do desmantelamento parcial mantendo certas instalacións para outros posíbeis usos que facilitarían o desenvolvemento de novos proxectos industriais alternativos.

Un ano antes da autorización do peche da Central das Pontes, en xullo de 2022, a CIG, na procura dunha maior seguridade no subministro eléctrico e, sobre de todo, dunha verdadeira transición xusta, esixía, ademais dunha revisión global das actuacións (hidráulicas, estradas, pistas, ...) desenvolvidas polo complexo mineiro-eléctrico e da situación do lago e da escombreira, o mantemento en situación de operatividade de dous dos catro grupos por cautela ante as incertezas no sector eléctrico, as mesmas que na



actualidade motivan a decisión do Estado de manter en hibernación as centrais de carbón de Soto de Ribera (Asturias) e Es Murterar (Mallorca) en 2026, en contra da planificación de peche en 2025 de todas.

É obrigado subliñar, aínda que de seguro é coñecido pola Xunta, que a Estratexia de Almacenamento Enerxético estatal dedica parte das súas medidas á súa relación coa coñecida e non aplicada, cando menos en Galiza, Estratexia de Transición Xusta. Fálase da realización de proxectos de almacenamento nas zonas de transición xusta, aproveitando os recursos endóxeos, coa participación da fundación pública CIUDEN, en Cubillos do Sil, que poderá impulsar iniciativas de I+D+i en almacenamento enerxético favorecendo a reconversión de instalacións enerxéticas en desuso antes vinculadas á xeración térmica con carbón ou promovendo proxectos de almacenamento nas zonas afectadas polos peches, co aproveitamento dos nodos ou outras infraestruturas do sistema eléctrico para intentar atraer importantes beneficios.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Elaborar, de xeito participativo e consensuado, e executar a Estratexia Galega de Almacenamento Enerxético Público, dende unha visión e un posicionamento estritamente galego e do seu sistema eléctrico no contexto da transición enerxética, co obxectivo irrenunciábel de procurar a non dependencia externa, garantir en todo momento as necesidades do consumo interno, e facelo a un prezo competitivo e socialmente asumíbel. A meritada Estratexia debe incluír:

A. A realización dunha auditoría exhaustiva que determine, de forma inequívoca, a situación de todas e cada una das concesións hidroeléctricas, xunto cun rexistro electrónico único e detallado das mesmas, e que permita a



planificación da recuperación pública destes activos de xeración eléctrica, procedendo ao rescate das xa vencidas e/ou extinguidas.

B. O impulso á modificación da lexislación estatal en materia de augas para que nos expedientes de reversións de instalacións hidroeléctricas situadas na Galiza tramitados pola Administración Hidráulica do Estado, se autorice a cesión da explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos revertidos a favor da Xunta, gratuíta, temporal, prorrogábel por períodos de 30 anos, e condicionada a que os rendementos se destinen á realización de fins de utilidade pública ou interese social, nomeadamente á creación de emprego e á competitividade das empresas.

C. A avaliación do posíbel uso público das centrais hidroeléctricas para o almacenamento enerxético estacional dentro da Estratexia Galega.

2. Convocar a unha reunión urxente a Endesa e a CIUDEN, coa participación de todas as Organizacións Sindicais máis representativas en Galiza, coa finalidade de establecer a viabilidade e, de ser o caso, as actuacións necesarias a desenvolver para a execución dunha instalación de almacenamento enerxético térmico da Xunta, coa posibilidade de participación doutros Organismos e/ou empresas, mediante o aproveitamento das instalacións e equipamentos necesarios e aínda dispoñíbeis da Central Térmica de carbón das Pontes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 23/01/2026 9:50:27

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/01/2026 9:50:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/01/2026 9:50:56

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2026 9:51:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:53:34
Nº Rexistro: 47611
Data envío: 23/01/2026 09:53:34.902

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 9:53:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:53:34
Nº Rexistro: 47611
Data envío: 23/01/2026 09:53:34.902

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 23/01/2026 ás 11:17
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mellora da asistencia sanitaria no centro de saúde e PAC de Pobra de Trives.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á protección da saúde e ao acceso a unha atención sanitaria pública de calidade, en condicións de igualdade constitúe un principio básico do Estado social e unha obriga inescusable dos poderes públicos. Este dereito cobra unha relevancia especial no medio rural galego, marcado por unha baixa densidade de poboación, o envellecemento demográfico e a dispersión xeográfica, factores que fan imprescindible unha planificación sanitaria adaptada á realidade territorial.

O centro de saúde da Pobra de Trives, situado na comarca de Trives atende unha poboación residente que ronda os 1.900 habitantes no concello, cumprindo funcións supramunicipais como Punto de Atención Continuada (PAC) para os concellos de Manzaneda, Chandrexa de Queixa e San Xoán de Río. Unha área que ronda os 4.000 habitantes, que se incrementa de xeito significativo en determinadas épocas do ano debido á actividade turística e ao retorno de emigrantes.

Esta realidade, xunto coa complexidade orográfica da zona, fai que o centro de saúde da Pobra de Trives sexa unha peza esencial da rede pública sanitaria, tanto en atención primaria ordinaria como en atención urgente.

Porén, a situación actual deste centro sanitario presenta deficiencias estruturais, organizativas e asistenciais graves, que veñen sendo denunciadas reiteradamente, non só

Asinado o día 23/01/2026 ás 11:17
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 23/01/2026 ás 11:16
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro



polo BNG, senón tamén pola veciñanza e profesionais sanitarias. Entre estas deficiencias destaca a limitación do servizo de pediatría a só dous días de atención semanal, claramente insuficiente para garantir unha atención continuada á poboación infantil da comarca.

A isto súmanse problemas persistentes nas instalacións, como pingueiras do edificio, ausencia dun mantemento adecuado ao longo dos anos, deterioro visible dos espazos asistenciais, persianas e estores avariados sen reparar, problemas recorrentes no sistema de calefacción e unha falla xeral de actuacións básicas de conservación e coidado. Estas carencias afectan directamente á calidade da atención prestada á cidadanía e ás condicións laborais do persoal sanitario, que se ve obrigado a desenvolver o seu traballo en instalacións manifestamente inadecuadas.

Esta situación evidencia unha falla de planificación e de compromiso da Xunta de Galiza coa sanidade pública no rural, contribuíndo ao agravamento das desigualdades territoriais no acceso aos servizos públicos; constituíndo un elemento que dificulta a inversión do declive demográfico que asolaga o oriente galego.

Garantir servizos sanitarios públicos dignos e de calidade é unha condición necesaria para calquera estratexia seria de reequilibrio territorial e loita contra o despoboamento.

E por iso, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Adoptar con carácter urxente as medidas necesarias para corrixir todas as deficiencias estruturais existentes no centro de saúde e PAC da Pobra de Trives,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garantindo un mantemento axeitado das instalacións e acometendo as obras de reparación e conservación precisas.

b) Reforzar os recursos humanos e asistenciais do centro de saúde da Pobra de Trives, tendo en conta o seu carácter supramunicipal e a poboación efectiva á que atende, co obxectivo de garantir unha atención sanitaria continua, suficiente e de calidade.

c) Garantir unha atención pediátrica adecuada e acorde ás necesidades da poboación infantil da comarca, superando a actual limitación de días de consulta.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2026 11:16:52

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2026 11:17:10

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2026 11:17:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 11:17:37
Nº Rexistro: 47667
Data envío: 23/01/2026 11:17:37,478

CSV: BOPGDSPG-qYIF08wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 11:17:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 11:17:37
Nº Rexistro: 47667
Data envío: 23/01/2026 11:17:37,478

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a demanda de actuacións na Ría do Burgo para a recuperación da actividade marisqueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de decembro, retomouse a actividade marisqueira na Ría do Burgo. O colectivo de mariscadores e mariscadoras lamenta que a cantidade de marisco dispoñíbel na actualidade non é suficiente para permitir a continuidade a longo prazo desta actividade profesional. O feito de que perigue a actividade produtiva resulta de extrema gravidade, tanto no que ten que ver cos aspectos laborais e sociais como polas consecuencias ambientais que isto ten.

A uns meses de que remate o período indicado na documentación da dragaxe da ría para que o marisco sementado baixo ese proxecto poida acadar o talle comercial, a situación xeral da ría, tanto no que ten que ver cos traballos derivados desta obra como en xeral, non é nin moito menos a desexábel para recuperar a súa capacidade produtiva.

O goberno galego é o único competente en materia de marisqueo, polo que debe asumir a súa responsabilidade para garantir o futuro das poucas persoas que manteñen a actividade na Ría do Burgo. Alén disto, é imprescindible que o goberno galego se implique en procurar a continuidade desta actividade a longo prazo, ademais de avanzar no proceso de recuperación ambiental da Ría.

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:31
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:31
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A Xunta de Galiza debe facerse cargo de sementar marisco na Ría do Burgo novamente, como único xeito de garantir a continuidade da actividade marisqueira nesta ría, que no seu día fora unha das principais de Galiza e na actualidade non deixa de perder traballadores e traballadoras por falta de marisco.

Outras rías galegas están a sufrir cambios da produción por diferentes motivos, polo que non é posíbel entender que as únicas causas da falta de marisco na Ría do Burgo estean relacionadas coas obras de rexeneración. Aínda que así fose, o goberno galego dispón dos medios técnicos necesarios para levar a cabo os estudos correspondentes que permitan analizar correctamente a situación actual e pór en marcha medidas axeitadas para potenciar a biodiversidade da Ría do Burgo e recuperar súa produtividade, garantindo o futuro da actividade marisqueira nesta ría, sempre en diálogo e de xeito consensuado co sector.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Estudar a situación da produción de marisco na ría do Burgo.
2. Pór en marcha as medidas necesarias para mellorar a produtividade do marisco nesta ría, co obxectivo de garantir a súa sostibilidade produtiva e ambiental”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 23/01/2026 13:31:21

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2026 13:31:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:32:39
Nº Rexistro: 47760
Data envío: 23/01/2026 13:32:39.964

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 13:32:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:32:39
Nº Rexistro: 47760
Data envío: 23/01/2026 13:32:39.964

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:50:41
Nº Rexistro: 47880
Data envío: 26/01/2026 09:50:41.284

Asinado o día 26/01/2026 ás 09:48
Por Mercedes Queixa

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Luis Bará Torres** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de inspeccionar e mellorar a Autovía AG-55 de Carballo á Coruña, en réxime de concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55), a primeira integramente galega, construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuíta, conformada por entidades políticas e sociais diversas.

A Xunta de Galicia é titular da autoestrada de peaxe A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, SA, en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro. O contrato de concesión réxese polos pregos que regulan a súa adxudicación, pola Lei 8/1972, 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión e polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e demais normas do dereito administrativo. Autoestradas de Galicia, A.G., C.X.G., S.A., é unha empresa fundada en marzo de 1.995, integrada no Grupo ITÍNERE, cuxo obxecto

Asinado o día 26/01/2026 ás 09:47
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 26/01/2026 ás 09:47
Por Oscar Insua Lema





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

social é a construción, mantemento e explotación das autoestradas de peaxe A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros -Val Miñor (AG-57), ambas as de titularidade da Xunta de Galicia.

Esta vía de 32 quilómetros conta con 51 curvas, tendo varios tramos de curvas moi perigosas dos que máis se queixan os usuarios. Esta autovía está repleta de rebacheos, con ducias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo e que acaban moitas das veces en accidentes de tráfico. Esta autoestrada precisa urxentemente a intervención da administración pública, que é titular da vía, porque é patente que a concesionaria non está a cumprir coas obrigas de mantemento da mesma, polo que é necesario que a Axencia Galega de Infraestruturas realice unha inspección global desta autovía para determinar as accións necesarias que resolvan e solucionen o mal estado que presenta o firme da mesma.

O Artigo 35 da lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, regula a Dirección e inspección da explotación das autoestradas galegas e establece que “A explotación do dominio público viario realizárase baixo a dirección ou inspección da administración titular da rede” e a Cláusula 81 do Decreto 215/1973, de 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión e que rexen segundo o Decreto 23/1995, do 20 de xaneiro, polo que se resolve o concurso para a concesión administrativa da construción, conservación e explotación das autoestradas A Coruña-Carballo e Puxeiros-Val Miñor. regula a “Comprobación do estado da autoestrada polo Ministerio de Obras Públicas” e establece que “Sen prexuízo da inspección técnica que o concesionario estableza para vixiar o estado da autoestrada, o Ministerio de Obras Públicas comprobará periodicamente devandito estado. O informe que emitan os seus técnicos servirá de base para que devandito Departamento esixa a reparación ou substitución dos elementos deteriorados ou desgastados, sinalando prazo e condicións dos materiais a empregar. Esta





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

resolución non poderá alterar o trazado ou condicións especiais da autoestrada, limitándose a esixir a reposición das cousas ao seu primitivo ser e estado”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza, como titular da autovía AG-55, a:

1º- Realizar unha inspección inmediata do estado da autovía, especialmente do firme nos seus 32 quilómetros, de acordo coas prerrogativas que ostenta.

2º- Adoptar as decisións e os acordos necesarios para exixir de forma urxente as melloras de obra e sinalización necesarias para garantir a seguridade dos usuarios.

3º- No caso de verificar a existencia de incumprimentos nas obrigas de mantemento e conservación da vía pola concesionaria, aplicar o réxime de penalidades oportunas, sen descartar o rescate da concesión por razóns de interese público”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/01/2026 9:47:29

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 9:47:54

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2026 9:48:00

Iria Taibo Corsanego na data 26/01/2026 9:48:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:50:41
Nº Rexistro: 47880
Data envío: 26/01/2026 09:50:41.284

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 9:50:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:50:41
Nº Rexistro: 47880
Data envío: 26/01/2026 09:50:41.284

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de rectificar a decisión política do goberno de financiar a banca privada para a instalación de caixeiros no territorio galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a pandemia da covid-19 Galiza asistiu a unha nova fase de reestruturación bancaria na que as entidades financeiras aproveitaron as circunstancias derivadas da pandemia como coartada para unha nova vaga de despedimentos, peches de oficinas, redución de caixeiros e empeoramento global das condicións dos servizos e, asemade, dos e das traballadores do sector, tal e como denunciaron no seu día organizacións sindicais, usuarios e usuarias e este Grupo Parlamentario.

Así as cousas, é necesario recordar que en xullo de 2019 a Xunta de Galiza anunciaba, após un Consello da Xunta, que procedería a licitar un servizo “que garantirá que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello, de modo que dispoñan dun caixeiro automático no seu municipio e poidan acceder tamén a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica”. Daquela aludía a un presunto informe da Consellaría de Facenda, que nunca foi remitido ao Parlamento galego, que viña a recoller, da mesma maneira que os informes ao respecto do Banco de España, que daquela 41 dos 313 municipios carecían dunha entidade financeira no seu territorio, singularmente nas comarcas de Ourense.

Con base a esta situación, que non era novidosa nin sobrevida, a Xunta de Galiza recollía unha inxerencia social respecto da perda de servizos financeiros que por



aquel entón continuaba de forma ininterrompida desde o estalido da crise financeira. Porén, xa avanzaba a peor das intencións: no lugar de exercer presión política sobre as entidades financeiras radicadas no país e sobre o goberno central para mudar a lexislación de servizos de pago, ou impulsar alternativas de control público do sector financeiro, a gran alternativa do goberno galego viña a ser que que o problema se parchease a costa do erario público.

Case dous anos despois daquel primeiro anuncio, a Xunta procedeu en xuño de 2021 a publicar no Diario Oficial de Galiza a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galiza e se convocan para as anualidades 2021 a 2025 (código de procedemento FA500A), con posterior corrección de erros no Diario Oficial do luns 5 de xullo de 2021 e con resolución a favor da entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A publicada no Diario Oficial de Galiza o venres, 3 de decembro de 2021.

Rematada a vixencia desta estratexia cómpre avaliar os seus resultados e comparar coa evolución xeral do sistema financeiro, avaliar se supuxo un “efecto chamada” para a redución de servizos, ver que utilidade ten para as novas prácticas lesivas das entidades, ver a súa utilidade en relación con outras medidas tomadas como a vinculación de oficinas de correos aos servizos bancarios, etc.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:



1. Presentar no Parlamento Galego un informe exhaustivo, en colaboración co Consello Económico e Social, sobre a exclusión financeira, as consecuencias da evolución no ecosistema bancario e as medidas tomadas desde as institucións públicas desde a pandemia da covid-19 até a actualidade.

2. Tomar as medidas necesarias para finalizar o impulso de calquera medida que teña por obxecto inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades pecharon sen xustificación económica.

3. Demandar do goberno central a modificación urxente do Real Decreto-lei 19/2018, de 23 de novembro, de servizos de pago e outras medidas urxentes en materia financeira ou, no seu defecto, a aprobación dunha nova normativa de cara a garantir por lei a obrigatoriedade de que as entidades bancarias que operen no Estado español teñan unha rede de servizos mínima ao longo do territorio e se garantan uns servizos mínimos para todos os usuarios e usuarias.

4. Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2026 12:44:37

Ramón Fernández Alfonso na data 26/01/2026 12:44:53

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2026 12:45:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:47:20
Nº Rexistro: 47990
Data envío: 26/01/2026 12:47:20.791

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:47:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:47:20
Nº Rexistro: 47990
Data envío: 26/01/2026 12:47:20.791

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:59
Nº Rexistro: 48013
Data envío: 26/01/2026 13:21:59.720

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:08
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de xaneiro, o señor Fernández Mouriño, alcalde de Carral, declaraba nunha entrevista aos medios de comunicación que: «*Temos o compromiso de que Carral conte cunha residencia de maiores.*»

O alcalde afirmaba que tiñan comprometido con Política Social un orzamento de 350.000 euros para facer un centro de maiores no Víctor Velasco, que hoxe está cedido a unha empresa. E que tiña o compromiso da Xunta de Galicia para que Carral formase parte desa rede de residencias para maiores nos concellos de entre 5.000 e 20.000 habitantes. Un proxecto tipo que contaría con 20 prazas e que, como dicimos, Carral é adxudicatario dunha desas residencias.

É curioso como o cambio de alcaldía, producido a través dunha moción de censura polo Partido Popular a finais de 2025, reporta rapidamente os servicios demandados unha e outra vez polos concellos da provincia da Coruña. Pasou tamén en Ribeira onde unha moción de censura, en outubro de 2025, deulle a alcaldía a edil do Partido Popular, Mariola Sampedro. Tras ocupar o posto de alcaldesa, a conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, anunciou a licitación do proxecto dunha nova residencia de maiores que levaba anos demandada en Ribeira.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:08
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:08
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

169514

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:59
Nº Rexistro: 48013
Data envío: 26/01/2026 13:21:59.720

Ante estas situacións nas que, por norma, axilízanse a implantación de servizos (longamente demandados) tras as incorporacións de rexedoras e rexedores do Partido Popular ao fronte dos diferentes concellos; o Grupo Parlamentario Socialista considera evidente o uso partidista do poder a costa da cidadanía. Os cidadáns están sendo privados dos seus dereitos por mor dun xogo político que discrimina e castiga aqueles concellos que non son da ideoloxía do Partido Popular.

Ante estas “decisións” da Consellería de Política Social, concellos como Betanzos que é cabeceira de comarca, está a ser “castigado” nas súas demandas, tanto no eido educativo, sanitario como asistencial, sobre todo se temos en conta que:

- Non conta con centro de día público para maiores,
- Non conta con residencia para maiores pública,
- É cabeceira de comarca con un aumento paulatino da poboación que se sitúa en máis de 13.000 habitantes.

Desde o concello brigantino solicitaron en reiteradas ocasións a construción de centro de día e residencia de maiores por parte da Xunta. Esta solicitude nunca foi atendida, tendo en conta, ademais, que Betanzos e zona de confluencia de vilas como Oza-Cesuras, Aranga, Coirós, Paderne, Irixoa, Vilarmajor ou Vilasantar. Con unha poboación que excede aos 39.000 habitantes.

Ante o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, a través Consellería de Política Social, a atender ás necesidades en servizos sociais do Concello de Betanzos, toda vez que é cabeceira de comarca e está dentro do marco de concellos de

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

169515

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:59
Nº Rexistro: 48013
Data envío: 26/01/2026 13:21:59.720

5.000 a 20.000 habitantes para que poida contar con un centro de día público para as persoas maiores.

Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

169516

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 26/01/2026 13:08:22

Elena Espinosa Mangana na data 26/01/2026 13:08:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/01/2026 13:08:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:59
Nº Rexistro: 48013
Data envío: 26/01/2026 13:21:59.720

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:22:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:59
Nº Rexistro: 48013
Data envío: 26/01/2026 13:21:59.720

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, a conselleira de Vivenda da Xunta de Galicia realizou diversos anuncios públicos nos que asegura que ao longo deste ano se licitarán as obras para a construción de arredor de 2.700 vivendas de promoción pública en Galicia, presentándoos como unha aposta decidida do Goberno galego para dar resposta á grave crise de acceso á vivenda que sofre a cidadanía.

Asinado o día 26/01/2026 ás 14:23
Por Carlos López Font

Porén, estes anuncios prodúcense sen ofrecer información clara nin transparente sobre a procedencia real dos fondos cos que se pretende financiar estas actuacións, nin sobre a participación económica do Estado a través de programas estatais de vivenda ou fondos vinculados ao Plan Estatal de Vivenda ou a outros instrumentos de financiamento público.

Cómpre lembrar que o dereito a unha vivenda digna e adecuada é un dereito fundamental que debe ser garantido polas administracións públicas. Neste contexto, resulta imprescindible coñecer con exactitude que parte dos anuncios realizados pola Xunta de Galicia se sosteñen con financiamento estatal, cal é o importe concreto deses fondos e a través de que programas ou convenios se canalizan, evitando así confundir propaganda institucional con políticas propias realmente financiadas con recursos autonómicos.

Asinado o día 26/01/2026 ás 14:23
Por Aitor Bouza Manso



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar de maneira detallada, clara e desagregada do importe total dos fondos achegados polo Estado para o financiamento das promocións de vivenda pública anunciadas pola Consellería de Vivenda para este ano 2026, incluíndo as relativas á licitación de arredor de 2.700 vivendas de promoción pública.
2. Precisar a porcentaxe de financiamento estatal e a porcentaxe de fondos propios da Xunta de Galicia no conxunto do investimento previsto para as promocións de vivenda pública anunciadas, así como a súa distribución por anualidades.
3. Publicar e facer accesible a documentación relativa aos convenios, acordos ou resolucións de concesión de fondos estatais vinculados a estas promocións de vivenda pública, garantindo a máxima transparencia na xestión dos recursos públicos.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/01/2026 14:23:42

Carlos López Font na data 26/01/2026 14:23:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/01/2026 14:24:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48033
Data envío: 26/01/2026 14:27:45.180

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 14:27:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48033
Data envío: 26/01/2026 14:27:45.180

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 27/01/2026 ás 12:30
Por Carmela González

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso** e das deputadas **Carmela González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o futuro industrial naval nos terreos que ocupa Astilleros San Enrique após a fin da súa concesión.

Asinado o día 27/01/2026 ás 12:29
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro dos sectores sobre os que pivotou a economía da ría de Vigo está o sector da industria naval, sendo este un pilar fundamental e cunha traxectoria histórica que aglutinou o coñecemento de xeración arredor da construción naval.

Un sector que en 2008 chegou a empregar a máis de 10.000 persoas, hoxe en día apenas supera o millar en Vigo, nun contexto no que a falta de persoal cualificado está sendo unha das demandas do sector, facendo incluso fincapé, na necesidade de que o PERTE sirva tamén á formación.

Falar de sector naval é falar necesariamente de estaleiros como Barreras, como Freire ou como Vulcano. Este último, agora Astilleros San Enrique, sufriu un proceso de reconversión crítico.

Como Vulcano, pasou dun concurso de acredores a un ERE e, actualmente como Astilleros San Enrique, nunha situación de incumprimento das condicións que fixou coa Autoridade Portuaria de Vigo para a concesión dos terreos, o que levou a dita Autoridade a ampliar os prazos iniciais até en dúas ocasións.

Asinado o día 27/01/2026 ás 12:29
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paralelamente a isto a propia Autoridade Portuaria e Vigo presentou o pasado ano 2024 a proposta de delimitación dos espazos e usos portuarios (DEUP) na cal, entre outras afeccións, abría a porta a destinar os espazos ocupados por Astilleros San Enrique a uso comercial ou mesmo a espazo de almacenaxe do contedores.

Así as últimas novas deste ano 2026, após a primeira reunión do consello de administración do Porto de Vigo, fan máis plausible que nunca a fin da concesión dos terreos a este estaleiro, o que suporía a fin da actividade naval ininterrompida no peirao de Espiñeiro máis dun século despois do seu inicio.

No entanto, e atendendo o carácter estratéxico para a cidade de Vigo, como actividade tractorsa do punto de vista produtivo e socioeconómico, do sector da construción e reparación naval, e considerando o seu acervo histórico como unha das principais actividades portuarias en Vigo, carece de xustificación a pretensión de facer desaparecer ese uso nas dependencias dos actuais estaleiros San Enrique (antiga Vulcano).

Para alén do máis, precisamente ese ámbito reúne as condicións técnicas necesarias para poder albergar un Centro de Reparación Naval da Ría de Vigo, que ten sido longamente proxectado e reivindicado, e que se non é realidade é pola falla de impulso e decisión das administracións públicas.

Atendendo a reparación naval como actividade garantista do mantemento do emprego e do coñecemento na industria naval, que non dependa dos prazos nin das dinámicas de oscilación da carga de traballo que son características da construción naval.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta ao Goberno galego a cumprir os seguintes acordos:

1. Despregar tódalas competencias en materia de industria para garantir a continuidade da actividade industrial a futuro no espazo que previsiblemente quedará sen uso após a fin da concesión de Astilleros San Enrique (antiga Vulcano).
2. Despregar as ferramentas, medidas e recursos necesarios para dotar á ría de Vigo dun Centro de Reparacións Navais que garanta a actividade industrial desta actividade e a formación continuada de cadros de persoal para o sector naval.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/01/2026 12:29:47
Ramón Fernández Alfonzo na data 27/01/2026 12:29:54
Carmela González Iglesias na data 27/01/2026 12:30:01
Alexandra Fernández Gómez na data 27/01/2026 12:30:08
Ana Pontón Mondelo na data 27/01/2026 12:30:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 12:33:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 12:33:17
Nº Rexistro: 48196
Data envío: 27/01/2026 12:33:17.383

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:10:53
Nº Rexistro: 48207
Data envío: 27/01/2026 13:10:53.889

Asinado o día 27/01/2026 ás 13:09
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a apertura dunha Oficina Económica dependente do IGAPE en Madrid.

Asinado o día 27/01/2026 ás 13:09
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual Oficina Económica existe dende o pasado 1 de xaneiro, momento no que entra en vigor a reformulación da anterior Oficina Doing Business Galicia a través da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Lei de acompañamento) e a supresión da Unidade Galicia Emprende.

Entre as cuestións chave que trataría esta oficina, a cal se organiza dentro do Instituto Galego de Promoción Económica, está a de ser “o *órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei* [Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas] *para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e na tramitación das iniciativas empresariais, así como do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais*”

Asinado o día 27/01/2026 ás 13:09
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Analizando as funcións desta oficina poderíanse resumir en tres apartados:

- a) Ser o punto de contacto centralizado e singular para dar información e soporte á hora de materializar novos proxectos empresariais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Valorar aqueles proxectos susceptibles de seren declarados proxectos industriais estratéxicos así como actuar sobre os xa declarados en risco de continuidade.

b) Elaborar un informe anual de actividade.

Todo isto pode entenderse se a vista se pon dende o propio territorio, pois no caso de atracción de negocio dende o exterior cara Galiza existen outras figuras, con mellor ou peor resultado, como son as antenas IGAPE.

Polo tanto, resulta moi curioso que a Consellería de Economía e Industria abraira o pasado 21 de xaneiro unha Oficina Económica en Madrid, creando unha duplicidade desa “xanela única” e dificilmente se pode xustificar o desvío de recursos á creación deste novo departamento, mentres os datos macro da industria galega seguen quedando atrás.

Así é unha cuestión de interese xeral coñecer que estudos sustentan o impacto positivo para a economía e a industria galega a apertura desta nova oficina a 600 km do noso país tendo, como xa se expuxo, outras ferramentas e plans específicos de atracción de inversións que non fan necesario este gasto de recursos públicos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a pactar os seguintes acordos:

1. Presentar na maior brevidade, e dentro do primeiro trimestre do ano 2026, un informe ante o Parlamento cos datos obxectivos que xustifiquen o uso de recursos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos na creación dunha Oficina Económica en Madrid, coa debida xustificación da previsión de retorno económico para o noso país.

2. Presentar na maior brevidade posible, e dentro do primeiro semestre de 2026, os informes de actividade anual da Oficina Económica dependente do Igape dos anos 2024 e 2025, coa debida xustificación final do retorno económico conseguido para o noso país e o nosos tecido produtivo.

3. Presentar no Parlamento galego na maior brevidade posible, e dentro do primeiro trimestre de 2026, os criterios e características de selección da persoa que estará á fronte da Oficina Económica en Madrid.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 27/01/2026 13:09:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/01/2026 13:09:12

Ana Pontón Mondelo na data 27/01/2026 13:09:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:10:53
Nº Rexistro: 48207
Data envío: 27/01/2026 13:10:53,889

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:10:53
Nº Rexistro: 48207
Data envío: 27/01/2026 13:10:53.889

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 13:10:55

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

A situación humanitaria na Franxa de Gaza é actualmente crítica e require a atención e actuación urxente de todas as institucións democráticas que se comprometen coa dignidade humana, o respecto aos dereitos humanos e o cumprimento do dereito internacional.

Nos últimos meses, o Goberno de Israel adoptou unha serie de medidas que implican a retirada do rexistro e licenza de actividade de case 40 organizacións non gobernamentais e internacionais —incluídas ONG de recoñecido papel humanitario— que operan en Gaza, Cisjordania e Xerusalén Leste. Estas medidas obrigan ás organizacións a cumprir uns requisitos insostibles, como a entrega de listaxes de persoal e familiares, vulnerando os principios fundamentais de independencia, neutralidade e protección de datos, e pon en grave risco a prestación da escasa asistencia humanitaria que actualmente chega á poboación civil.

A retirada do rexistro e a consecuente paralización das actividades destas organizacións non só supón a ameaza de peche inmediato de servizos fundamentais (como hospitais de campaña, distribución de alimentos, auga, saneamento e atención a persoas con desnutrición aguda), senón que tamén ten consecuencias incalculables para unha poboación que xa se atopa nunha situación de vulnerabilidade extrema —afectada durante décadas por un bloqueo continuo, restricións ao acceso básico e unha crise humanitaria prolongada.



Galicia, como sociedade comprometida coa xustiza social e co respecto aos dereitos humanos, non pode permanecer indiferente ante a violación reiterada do dereito internacional humanitario e os principios básicos da axuda humanitaria. Estas normas consagran a obriga de garantir o acceso sen impedimentos da asistencia que salva vidas e protexe a poboación civil en situación de conflito. O bloqueo imposto ás ONG e as barreiras administrativas que se están a implementar non só agravan o sufrimento das persoas palestinas, senón que constitúen un precedente alarmante que pode debilitar o sistema de protección humanitaria internacional.

España e a Unión Europea xa manifestaron a súa profunda preocupación pola decisión de impedir o traballo das ONG humanitarias en Palestina e subliñaron que estas medidas limitan gravemente a resposta fronte á catástrofe humanitaria, lembrando ademais as obrigas de Israel como potencia ocupante baixo a IV Convención de Ginebra.

Por todo iso, cómpre que o Parlamento galego manifeste a súa solidariedade coa poboación civil palestina, a súa condena das políticas que dificultan o acceso á axuda humanitaria e o seu apoio ás organizacións que, no marco do dereito internacional, continúan traballando para aliviar o sufrimento da poboación. Ao mesmo tempo, é preciso instar ás institucións do Estado español e da Unión Europea a intensificar os seus esforzos de diplomacia e presión internacional para garantir corredores humanitarios efectivos, a protección das organizacións humanitarias e o cumprimento do dereito internacional humanitario.

Esta iniciativa parlamentaria busca, pois, reafirmar o compromiso de Galicia coa defensa dos dereitos humanos e co acceso á axuda humanitaria, solicitando a adopción de medidas políticas e diplomáticas que garantan a vida, a dignidade e a protección das persoas civís afectadas polo conflito e pola crise humanitaria en Palestina.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

O Parlamento de Galicia se reafirma en la posición clara y firme en defensa dos dereitos humanos en Gaza e Cisjordania, e insta:

A) A Xunta de Galicia a:

1. Apoiar o Plan de Paz para Gaza como a vía máis axeitada que inclúe o cesamento do fogo, a chegada plena de axuda humanitaria e evitar a escalada do conflito como a vía máis realista para un futuro de coexistencia pacífica entre israelís e palestinos.
2. Esixir a Israel a reanudación total de entrada de axuda humanitaria en Gaza, volvendo ao modelo de entrega que as Nacións Unidas e outras axencias e organizacións presentes na zona aplicaban eficazmente.
3. Reforzar a axuda humanitaria a Gaza, priorizando a saúde, a educación, a alimentación e a reconstrución da Franxa de Gaza.
4. Defender o recoñecemento do Estado de Palestina e a solución dos dous Estados.
6. Rexeitar os asentamentos ilegais anunciados polo goberno israelí, así como a expansión dos existentes, reiterando a súa ilegalidade conforme ao dereito internacional. Denunciar a súa vez, a crecente violencia de colonos israelís contra palestinos que a miúdo conta coa pasividade das forzas de seguridade israelís. Denunciar, así mesmo, os casos de violencia de colonos israelís contra palestinos.



7. Condenar sen ambigüidades, os ataques indiscriminados contra a poboación civil palestina e a poboación civil israelí.

8. Reclamar aos grupos parlamentarios unha posición clara e firme en defensa dos dereitos humanos en Gaza e Cisjordania.

9. Impulsar medidas que apoien o labor que leva a cabo a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA), esencial para a supervivencia, seguridade e dignidade do pobo palestino.

10. Recoñecer, protexer, respectar e facilitar o dereito á protesta cidadá como expresión lexítima dun dereito fundamental.

11. Apoiar a decisión do Estado Español de non participar no Festival de Eurovisión si Israel forma parte do certame, como xesto firme en defensa dos dereitos humanos e a paz e seguridade na rexión.

B) Ao goberno do Estado español e da Unión Europea a intensificar os seus esforzos de diplomacia e presión internacional para garantir corredores humanitarios efectivos, a protección das organizacións humanitarias e o cumprimento do dereito internacional humanitario.

Santiago de Compostela, a 27 de Xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/01/2026 13:34:48

Paloma Castro Rey na data 27/01/2026 13:34:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/01/2026 13:36:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:37:48
Nº Rexistro: 48218
Data envío: 27/01/2026 13:37:48,073

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:37:48
Nº Rexistro: 48218
Data envío: 27/01/2026 13:37:48,073

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 13:37:49

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

A planificación da prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia estrutúrase en distintos niveis territoriais, sendo os Plans de Defensa contra Incendios Forestais de Distrito (PLADID) o instrumento clave para trasladar ao territorio concreto as directrices xerais establecidas no Plan Anual de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais (PLADIGA).

Os PLADID permiten identificar os riscos específicos de cada distrito forestal, priorizar actuacións preventivas, planificar os traballos silvícolas e de xestión da biomasa, e distribuír de maneira eficaz os recursos humanos e materiais dispoñibles. A súa correcta actualización resulta imprescindible para facer fronte aos novos escenarios de incendios de alta intensidade e comportamento extremo, agravados polo cambio climático e polo abandono do territorio.

Porén, a experiencia das últimas campañas de incendios, e en particular a vaga do verán de 2025, puxo de manifesto importantes déficits de planificación territorializada, así como a ausencia de información pública actualizada sobre os contidos, criterios e actuacións previstas nos distintos distritos forestais.

O marco normativo estatal, especialmente tras a modificación da Lei de montes operada polo Real Decreto-lei 15/2022, reforza a obriga das comunidades autónomas de garantir unha planificación integral, anticipada e adaptada ao risco real do territorio, o que esixe contar con plans de distrito actualizados, avaliados e coordinados cos instrumentos de protección civil.



Por todo o anterior, resulta necesario impulsar de maneira inmediata a revisión e actualización dos PLADID, realizados durante o goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, garantindo a súa coherencia co PLADIGA, cos plans de protección civil e coa realidade actual do risco de incendios forestais en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á revisión e actualización inmediata dos Plans de Defensa contra incendios forestais de Distrito (PLADID) dos 19 distritos forestais de Galicia, incorporando a avaliación dos incendios rexistrados nas campañas recentes, en particular a do verán de 2025, e adaptándoos aos novos escenarios de incendios de alta intensidade e comportamento extremo.

2. Garantir que os PLADID actualizados inclúan como mínimo:

- a análise detallada do risco por zonas e parroquias,
- a priorización das actuacións preventivas,
- a planificación dos traballos silvícolas e de xestión da biomasa,
- a distribución de medios humanos e materiais,
- e os mecanismos de coordinación cos concellos e cos plans de protección civil.

3. Presentar no Parlamento de Galicia, no prazo máximo de dous meses, un informe detallado sobre o estado de actualización dos PLADID, incluíndo o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:50:01
Nº Rexistro: 48223
Data envío: 27/01/2026 13:50:01.993

calendario de revisión, os criterios empregados e as principais actuacións preventivas previstas en cada distrito forestal.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-qYIF08wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

169541

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 27/01/2026 13:48:16

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/01/2026 13:48:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/01/2026 13:48:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:50:01
Nº Rexistro: 48223
Data envío: 27/01/2026 13:50:01.993

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 13:50:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 13:50:01
Nº Rexistro: 48223
Data envío: 27/01/2026 13:50:01.993

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as casas niño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As 102 casas niño rexistradas en Galiza, dúas menos que no pasado ano, prestan atención a crianzas 0-3 en concellos rurais, atendendo en cada unha delas como máximo a 5 crianzas durante 11 meses ao ano. Os horarios desenvólvense de luns a venres durante 8 horas diarias, en xornadas pactadas entre os proxenitores dos usuarios e as profesionais que levan a cabo a súa labor a través deste modelo.

Malia precisar darse de alta coma autónomas no réxime de cotización para estar dentro deste modelo de atención, estas profesionais, na súa maioría mulleres, non teñen a capacidade de decidir o número de menores baixo a súa responsabilidade, tampouco fixan as condicións laborais e salariais e non gozan de prestacións por baixas por incapacidades, co que isto implica na calidade do seu emprego. A única forma de pago faise a través dunha subvención da Xunta de Galiza, que é quen marca as súas condicións laborais e salariais e que se recolle na ORDE de 18 de febreiro de 2025 pola que se modifica a Orde de 30 de decembro de 2024 pola que se regulan las bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciaran súa actividade entre el 1 de outubro de 2016.

Na orde en cuestión especifícase a contía a percibir por parte das titulares das casas niño se se cumpren as condicións fixadas no propio DOG ao respecto destas

Asinado o día 27/01/2026 ás
17:59
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 27/01/2026 ás
17:59
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións, chegando a 29.000 euros anuais que elas consideran insuficientes e que se reciben en forma dun único pago co que elas desenvolven a súa función durante o ano vixente de ser aceptada a súa continuidade no proxecto.

Malia ser subvencións que non se adaptan as necesidades das titulares para ter unhas condicións dignas de traballo, aínda que sexa a propia Consellería de Política Social quen abona tales contías que elas mesmas recoñecen insuficientes, hai aínda un feito peor, que é que a día 27 de xaneiro do presente ano, a Xunta de Galiza continúa sen abonar o diñeiro. Este feito da lugar a que as persoas que manteñen en pé este modelo de atención leven traballando todo o mes sen percibir por parte do seu único pagador nin un só euro, sen saber cando se fará o ingreso e cando recibirán o pago, mentres elas continúan a facerlle fronte aos gastos derivados do traballo e das taxas de autónomas e o cobro trimestral do IRPF sen que se lles permita ningún tipo de atraso, feito que consideramos inaceptable e que as ten preocupadas e nunhas condicións laborais inaceptables, máis aínda cando quen as fomenta é a propia Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Proceder de inmediato a ingresar as contías das axudas para a continuidade das casas niño ás titulares, quedando resolto no que resta de mes de xaneiro.
2. Estudar xuridicamente se o modelo de casas niño onde as titulares son autónomas cun só pagador, que é o mesmo que marca as condicións laborais e salariais, entra dentro da legalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Estudar o custo do funcionamento real das casas niño cos datos que as propias titulares poden achegar para valorar se a contía que a Xunta de Galiza aporta é abonda para prestar o servizo.

4. Estudar se a relación da Xunta de Galiza coas titulares das casas niño se desenvolve conforme aos principios de boa administración, respectando a autonomía profesional das titulares como autónomas que son e con unhas condicións de traballo dignas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/01/2026 17:59:29

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2026 17:59:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:01:01
Nº Rexistro: 48245
Data envío: 27/01/2026 18:01:01.446

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 18:01:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:01:01
Nº Rexistro: 48245
Data envío: 27/01/2026 18:01:01.446

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova nin sobrevida, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias estruturais mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento. Esta prolongada inacción evidencia un grave desleixo de funcións, ao permitir que unha situación claramente anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían ofrecer seguridade, protección e estabilidade.



O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmovible, senón como o acceso a unha vivenda digna, adecuada, segura e saudable. Este dereito implica garantir condicións mínimas de habitabilidade, salubridade e mantemento que permitan desenvolver unha vida en condicións de dignidade, sen riscos para a saúde nin para a integridade das persoas. A persistencia durante máis dunha década de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento grave das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Resulta especialmente grave que esta situación se produza en vivendas públicas, destinadas a persoas que non dispoñen de alternativas habitacionais no mercado privado, e que a Xunta de Galicia, como propietaria e xestora do parque público de vivenda, permitise durante anos a continuidade dunhas condicións claramente indignas, sen adoptar as medidas necesarias para a súa corrección definitiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Actuar de maneira inmediata nas vivendas de titularidade autonómica situadas no concello de Narón que presentan problemas de humidades e mofo, executando as obras necesarias para garantir condicións adecuadas de habitabilidade e salubridade en todas as vivendas.
2. Garantir, mentres non se solucionen de forma integral estas deficiencias, medidas que aseguren a protección da saúde de todas as persoas afectadas.

Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/01/2026 18:21:02

Carlos López Font na data 27/01/2026 18:21:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/01/2026 18:21:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:25:12
Nº Rexistro: 48255
Data envío: 27/01/2026 18:25:12.232

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 18:25:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:25:12
Nº Rexistro: 48255
Data envío: 27/01/2026 18:25:12.232

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova nin sobrevida, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias estruturais mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento. Esta prolongada inacción evidencia un grave desleixo de funcións, ao permitir que unha situación claramente anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían ofrecer seguridade, protección e estabilidade.



O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmovible, senón como o acceso a unha vivenda digna, adecuada, segura e saudable. Este dereito implica garantir condicións mínimas de habitabilidade, salubridade e mantemento que permitan desenvolver unha vida en condicións de dignidade, sen riscos para a saúde nin para a integridade das persoas. A persistencia durante máis dunha década de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento grave das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Resulta especialmente grave que esta situación se produza en vivendas públicas, destinadas a persoas que non dispoñen de alternativas habitacionais no mercado privado, e que a Xunta de Galicia, como propietaria e xestora do parque público de vivenda, permitise durante anos a continuidade dunhas condicións claramente indignas, sen adoptar as medidas necesarias para a súa corrección definitiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar, con carácter urxente e como máximo nun prazo dun mes, un informe técnico completo sobre o estado destas vivendas, no que se identifiquen as causas das humidades, o alcance dos danos existentes e as actuacións precisas para a súa reparación definitiva.

Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/01/2026 18:21:25

Carlos López Font na data 27/01/2026 18:21:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/01/2026 18:21:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:25:44
Nº Rexistro: 48257
Data envío: 27/01/2026 18:25:44.056

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:25:44
Nº Rexistro: 48257
Data envío: 27/01/2026 18:25:44.056

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 18:25:45

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a insuficiencia das axudas da Xunta de Galiza fronte aos estragos do xabaril nos cultivos e o fracaso das medidas de control da súa poboación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do xabaril en Galiza, lonxe de mellorar, agravouse de maneira significativa nos últimos meses, tal e como están a recoller de forma reiterada os medios de comunicación e como denuncian labregas, labregos e veciñanza de numerosas comarcas do país.

A Xunta de Galiza vén recorrendo de maneira reiterada á declaración de emerxencias cinexéticas, permitindo a caza sen límite de exemplares en amplas zonas do territorio. Porén, esta medida excepcional, aplicada xa en varias ocasións desde 2019, demostrou ser ineficaz, ao non ir acompañada dunha planificación seria, dunha actualización rigorosa dos censos nin dun modelo de xestión integral da fauna salvaxe.

Segundo os datos manexados pola propia Administración, na campaña 2022–2023 rexistráronse máis de 4.000 avisos por danos, case un milleiro máis ca na anterior, e capturáronse arredor de 19.000 exemplares, cifras que evidencian que o problema non só persiste, senón que vai en aumento. A pesar disto, as indemnizacións seguen sendo escasas, limitadas por topes máximos claramente insuficientes e, sobre todo, abonadas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

con atrasos de meses ou mesmo anos, afogando economicamente ás explotacións afectadas.

Nos últimos meses produciuse ademais un salto cualitativo preocupante: a presenza habitual de xabaráis en zonas poboadas e periurbanas, con episodios de ataques, altercados e situacións de risco para as persoas. Este feito pon de manifesto que xa non estamos só ante un problema agrario, senón tamén ante unha cuestión de seguridade cidadá e saúde pública.

Comarcas enteiras, como a do Barbanza, están a vivir unha situación de auténtico descontrol, coa perda total de medo por parte dos animais e cunha sensación de abandono institucional por parte da Xunta, que continúa limitándose a respostas xenéricas, anuncios propagandísticos e a descargar a responsabilidade sobre cazadores e persoas afectadas.

A realidade actual confirma as advertencias que xa fixo o Bloque Nacionalista Galego en iniciativas anteriores: sen pagamentos áxiles, sen censos actualizados, sen análise sanitaria sistemática e sen unha política de xestión pública da fauna salvaxe, o problema do xabaril seguirá agravándose.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Garantir o pagamento das indemnizacións por danos causados polo xabaril nun prazo máximo de 3 meses, eliminando a burocracia innecesaria e habilitando procedementos de urxencia nos casos de especial gravidade.

2. Revisar e incrementar os importes máximos das axudas, de xeito que cubran os danos reais sufridos polas explotacións agrarias, incluíndo de maneira expresa:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- praderías e leiras de sega,
- cultivos de autoconsumo,
- e perdas indirectas derivadas da falta de alimento para o gando.

3. Actualizar de maneira inmediata o censo da poboación de xabaril en Galiza, con criterios científicos, transparencia pública e desagregación por comarcas, facéndoo accesible ao conxunto da cidadanía.

4. Poñer en marcha un plan integral de xestión da fauna salvaxe, superando o modelo de emerxencias cinexéticas recorrentes, que inclúa prevención, control poboacional, ordenación do territorio e protección do sector agrario.

5. Axilizar as autorizacións de esperas e abatidas, reducindo os prazos administrativos a un máximo de 72 horas cando existan danos acreditados ou risco para a seguridade das persoas.

6. Establecer protocolos específicos de actuación en zonas poboadas e periurbanas, coordinados cos concellos, para evitar a presenza habitual de xabarís en núcleos de poboación e garantir a seguridade cidadá.

7. Realizar de maneira sistemática análíticas sanitarias aos xabarís cazados ou implicados en accidentes de tráfico, facendo públicos os resultados e avaliando os riscos para a sanidade animal e a saúde pública.

8. Asumir directamente desde a Administración pública a responsabilidade na xestión do problema, sen trasladar a carga ás persoas afectadas nin exclusivamente ao colectivo de cazadores.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

9. Abrir un proceso de diálogo co sector agrario e coas organizacións representativas do rural, para avaliar o impacto real do xabaril nas explotacións e consensuar medidas eficaces e duradeiras”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 28/01/2026 10:28:48

Ariadna Fernández González na data 28/01/2026 10:29:02

Secundino Fernández Fernández na data 28/01/2026 10:29:11

Luis Bará Torres na data 28/01/2026 10:29:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 10:30:47
Nº Rexistro: 48279
Data envío: 28/01/2026 10:30:47,677

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 10:30:47
Nº Rexistro: 48279
Data envío: 28/01/2026 10:30:47,677

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 10:30:48

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Nos últimos días a borrasca Joseph provocou fortes precipitacións, ventos e inundacións que están a afectar de xeito significativo a numerosos concellos da provincia de Pontevedra e outras áreas de Galicia con desbordamentos de ríos, cortes de vías municipais e incidencias que superan a capacidade de resposta dos servizos locais de emerxencias.

Aínda que varios alcaldes dos concellos do interior de Pontevedra solicitaron expresamente a Xunta a declaración de Nivel 2 de emerxencia, a Consellería correspondente comunicou que non se daban, na actualidade, “circunstancias que xustificasen” activar ese nivel mantendo só o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións (Inungal).

Segundo o Plan Inungal, a situación de emerxencia de Nivel 2 debe declararse cando as inundacións superan a capacidade de atención dos medios e recursos locais ou, aínda sen chegar a ese punto, cando os datos pluviométricos; hidrolóxicos e as predicións meteorolóxicas permiten prever un agravamento significativo puidendo comportar a constitución do Comité de Coordinación Operativa Integrada (CECOPI).

Durante a borrasca, numerosos alcaldes manifestaron que os medios municipais estaban “desbordados” e que a resposta actual baseada exclusivamente en avisos e comunicacións, non é suficiente para coordinar os recursos necesarios máis aló do ámbito local.

Asinado o día 28/01/2026 ás
11:58
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 28/01/2026 ás
11:58
Por Patricia Iglesias Rey



A declaración de emerxencia de Nivel 2 e a constitución do CECOPI permitirían mobilizar e coordinar mellor recursos supramunicipais —incluíndo os efectivos do Estado se fose necesario— para atender a situación, xestionar as respostas e planificar as actuacións de recuperación e mitigación de danos nos concellos afectados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar os protocolos para Garantir que non se volva repetir unha situación como a vivida durante os episodios de fortes chuvias e inundacións recentemente acontecidos, comprometéndose a activar sen demora a declaración de emerxencia de Nivel 2 e a constitución do CECOPI, conforme ao previsto no Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia (INUNGAL), cando concorran circunstancias de afectación xeneralizada e superación da capacidade de resposta dos concellos, con independencia da existencia ou non de avisos específicos da AEMET.

2. Remitir ao Parlamento de Galicia información detallada e documentada sobre a xestión realizada durante estes episodios de emerxencia, incluíndo:

- Os criterios técnicos empregados para non declarar o Nivel 2 de emerxencia.
- A avaliación dos danos producidos e das incidencias rexistradas nos distintos concellos afectados.
- Os medios humanos e materiais mobilizados e os mecanismos de coordinación interadministrativa activados.



3. Impulsar e xestionar un plan específico de axudas económicas e técnicas destinado aos concellos, persoas afectadas, pequenas empresas, explotacións agrarias e infraestruturas públicas que sufriron danos como consecuencia das inundacións, garantindo unha tramitación áxil, coordinada e suficiente para favorecer a recuperación social e económica das zonas afectadas.

4. Reforzar a cooperación cos concellos, especialmente cos de menor capacidade operativa, dotándoos de recursos preventivos, apoio técnico e mecanismos de coordinación que permitan unha resposta máis eficaz fronte a episodios de risco hidrometeorolóxico cada vez máis frecuentes.

Santiago de Compostela, a 28 de Xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 28/01/2026 11:58:21

Paloma Castro Rey na data 28/01/2026 11:58:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:01:17
Nº Rexistro: 48295
Data envío: 28/01/2026 12:01:17.960

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:01:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:01:17
Nº Rexistro: 48295
Data envío: 28/01/2026 12:01:17.960

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A seguridade pública de proximidade constitúe un servizo esencial para a convivencia e a calidade de vida nos concellos galegos. A atención á cidadanía, a prevención de conflitos, a protección de persoas e bens, a ordenación do tráfico e a resposta ante incidencias cotiás requiren dispositivos municipais operativos e dimensionados ás necesidades reais de cada localidade. Por iso, resulta clave que os corpos de Policía local e, onde proceda, o persoal vixilante municipal contén con efectivos suficientes e estables, evitando que as vacantes existentes comprometan a continuidade e a eficacia do servizo.

Neste marco, a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve, establecen criterios e instrumentos de coordinación e apoio aos concellos, incluíndo mecanismos vinculados á selección, formación e provisión de prazas.

Paralelamente, estase observando unha excesiva demanda por parte dos concellos da figura dos auxiliares de policía local, tamén prevista no artigo 95 da citada Lei 4/2007, de 20 de abril, e que ten unha finalidade de apoio as funcións policiais, para atender situacións transitorias de aumento de poboación ou pola concorrencia de circunstancias imprevisibles, como foi a pandemia da Covid-19, onde os concellos e os corpos de Policía Local desenvolveron unha actividade fundamental para a implantación das medidas establecidas polas autoridades sanitarias.

Asinado o día 28/01/2026 ás
12:42
Por Alberto Pazos Couñago





Tendo en conta, por unha banda, as limitacións establecidas na lexislación vixente para a contratación dos auxiliares de policía local, así como as limitacións da actual lexislación laboral, que pode implicar en determinados casos a consolidación destes postos de traballo de auxiliares de policía nesas administracións locais, cómpre orientar os esforzos cara ao reforzo estrutural e á maior profesionalización dos corpos de Policía Local. Por todo isto, resulta necesario impulsar a cobertura efectiva das prazas vacantes e a dotación completa e estable do persoal destes servizos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que a través da FEGAMP os concellos galegos impulsen a cobertura de prazas de persoal vacante nos corpos de Policía local de Galicia e vixiantes municipais”.

Santiago de Compostela 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 12:42:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:42:36
Nº Rexistro: 48305
Data envío: 28/01/2026 12:42:36.541

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:42:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:42:36
Nº Rexistro: 48305
Data envío: 28/01/2026 12:42:36.541

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A xeneralización da práctica de actividade física e deportiva entre a poboación é un dos obxectivos prioritarios no ámbito das políticas públicas da Xunta de Galicia ligadas ao deporte.

É un feito constatado que as vidas activas e saudables da poboación dependen en gran medida da práctica regular de actividade física e deportiva, quedando demostrado que, no caso concreto dos nenos e nenas e adolescentes, esta práctica regular mellora a forma física, a saúde cardiometabólica e dos ósos, e a capacidade cognitiva e a saúde mental, reducindo tamén a graxa corporal. Paralelamente a práctica de actividade física en idade escolar incrementa os niveis de concentración e participación dos alumnos e alumnas nas escolas, contribúe ao desenvolvemento de habilidades necesarias para unha cidadanía responsable, e ensina valores como a equidade, o traballo en equipo, a igualdade, a disciplina, a inclusión, a perseveranza e o respecto.

O Grupo Parlamentario Popular é consciente da importancia do deporte e da actividade física nas idades temperáns, e as iniciativas de xeneralización da práctica deportiva e de actividade física en idade escolar son consideradas como un compoñente esencial nos esforzos para crear unha sociedade máis activa. Desta forma ademais, os programas de actividade física e deportiva nas nosas escolas están orientados a axudar ás nenas e os nenos a desenvolver a actividade física e os coñecementos básicos sobre saúde, habilidades motoras e actitudes e hábitos positivos.

Asinado o día 28/01/2026 ás
12:45
Por Alberto Pazos Couñago





Con todo isto, é necesario seguir traballando dende as distintas administracións públicas para contribuír a unha maior xeneralización da práctica de actividade física e deportiva entre a poboación en idade escolar, tamén fora dos horarios lectivos. Neste obxectivo, é imprescindible a labor realizada polo tecido deportivo de Galicia, principalmente os clubs deportivos, así como a mobilización de recursos para que estes poidan seguir desenvolvendo a súa actividade cotiá.

Entre estes recursos que poden ser mobilizados atópanse as instalacións deportivas dos centros escolares espallados polo territorio da comunidade autónoma, facilitándose o seu aproveitamento en horario non lectivo.

Estas infraestruturas atópanse estratexicamente situadas e, polo xeral, por debaixo do seu potencial de uso, polo que se considera oportuno seguir traballando para reforzar a súa utilización por parte do tecido deportivo de Galicia, especialmente aquel que traballa de forma prioritaria cos nenos e nenas en idade escolar e cos adolescentes.

En base ao exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facilitar, en coordinación co resto de Administracións públicas, nomeadamente os concellos e a FEGAMP, o uso das instalacións e equipamentos deportivos dos centros educativos por parte do tecido deportivo galego, en aras a unha maior xeneralización da práctica deportiva e da actividade física en Galicia, especialmente entre os nenos e nenas e os adolescentes”.

Santiago de Compostela 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 12:45:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:45:30
Nº Rexistro: 48307
Data envío: 28/01/2026 12:45:30.323

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:45:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:45:30
Nº Rexistro: 48307
Data envío: 28/01/2026 12:45:30.323

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A coordinación eficaz das Policía Local en Galicia require información fiable, completa e permanentemente actualizada, especialmente cando se trata de planificar recursos, mellorar a cooperación intermunicipal e adoptar decisións con garantías. Neste senso, a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais configura o Rexistro das Policía Locais de Galicia como un instrumento ao servizo da Xunta para asegurar as funcións de coordinación, establecendo ademais a inscrición preceptiva do persoal dos corpos de Policía Local e dos vixiantes municipais, con datos exclusivamente profesionais e coas debidas cautelas de confidencialidade.

Ao mesmo tempo, o Decreto 15/2023, 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, regula obrigas concretas de comunicación e actualización por parte dos concellos —por exemplo, coa remisión periódica de datos estatísticos ao Rexistro—, co obxectivo de garantir que a información dispoñible responda á realidade dos servizos e poida ser utilizada como base para unha coordinación efectiva.

Segundo os datos dispoñibles, existen 137 concellos con servizos municipais de seguridade (125 con corpo de Policía Local e 12 con vixiantes municipais). Porén, só 113 figuran dados de alta no Rexistro das Policía Locais de Galicia (108 concellos con Policía Local e 5 con vixiantes), mentres que 24 concellos aínda non constan inscritos (17 con Policía Local e 7 con vixiantes municipais). Esta situación evidencia a conveniencia de impulsar as altas pendentes e a actualización da información, para dispoñer dun rexistro completo e representativo.

Asinado o día 28/01/2026 ás
12:48
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o anterior, resulta necesario reforzar a colaboración institucional entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos galegos, co fin de facilitar a incorporación dos datos no Rexistro das Policía Local de Galicia e asegurar a súa actualización periódica, evitando desaxustes que limiten a capacidade de planificación e coordinación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, a través da FEGAMP, os concellos galegos impulsen a alta, actualización e mantemento dos datos no Rexistro das Policía Local de Galicia, có fin de garantir a coordinación eficaz dos corpos de Policía Local de Galicia”.

Santiago de Compostela 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 12:48:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:48:32
Nº Rexistro: 48309
Data envío: 28/01/2026 12:48:32.293

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:48:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:48:32
Nº Rexistro: 48309
Data envío: 28/01/2026 12:48:32.293

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A prestación dun servizo de policía local eficaz, profesional e homoxéneo en todo o territorio galego require contar con procedementos regulados, claros e compartidos para a selección, a promoción e a mobilidade do persoal. A diversidade de realidades municipais non debe traducirse en criterios dispares que xeren inseguridade xurídica, dificulten a planificación de recursos humanos e limiten a igualdade de oportunidades no acceso e na carreira profesional.

Neste marco, a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais establece que unha das funcións de coordinación é fixar criterios básicos de selección, formación, promoción e mobilidade dos membros dos corpos da policía locais. Así o título V da citada lei regula a selección, promoción e mobilidade dos policía locais detallando, entre outros os principios do sistema de selección e os requisitos de acceso ás diferentes categorías.

O Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2007, establece as regras xerais sobre o acceso por oposición, a promoción interna e a mobilidade nos corpos de Policía Local, así como as condicións de acceso do persoal vixilante municipal. Ademais, dispón que “mediante unha orde da consellería competente en materia de coordinación de policía locais” deberá concretarse elementos esenciais destes procedementos, como a descrición das probas, os temarios e os baremos de méritos, e estende esa previsión tamén ao persoal auxiliar de Policía Local.

Neste contexto, resulta necesario impulsar con carácter prioritario a aprobación dunha orde da consellería competente en materia de coordinación de policía locais que regule de maneira completa e actualizada as bases e criterios xerais dos





procesos de selección, promoción e mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia.

Ademais, propónse que a futura norma incorpore medidas correctoras fronte á desigualdade de xénero nos corpos de Policía Local, orientadas a asegurar criterios obxectivos nos procesos selectivos e a garantir a igualdade de oportunidades; favorecendo a integración do persoal feminino e contribuíndo a incrementar a presenza de mulleres nos corpos de Policía Local de Galicia, avanzando cara a un servizo público máis representativo e inclusivo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que elabore a normativa que estableza as bases e criterios xerais para a selección, promoción e mobilidade dos corpos de policía local de Galicia”.

Santiago de Compostela 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 12:51:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:51:34
Nº Rexistro: 48311
Data envío: 28/01/2026 12:51:34.434

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:51:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:51:34
Nº Rexistro: 48311
Data envío: 28/01/2026 12:51:34.434

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:59:32
Nº Rexistro: 48314
Data envío: 28/01/2026 12:59:32.052

Asinado o día 28/01/2026 ás 12:55
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Oscar Insua Lema**, **Daniel Castro García** e das deputadas **Montserrat Prado Cores**, **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Olalla Rodil Fernández**, **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a previsión de modificación e mellora da planta xudicial de Galiza.

Asinado o día 28/01/2026 ás 12:55
Por Oscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Xustiza do Goberno do Estado ven de difundir a proposta de Real Decreto de creación de 500 unidades xudiciais para a programación de 2026 e a adecuación da planta xudicial ás necesidades da administración de xustiza en Galiza.

A proposta de creación de prazas, destinadas na súa practica totalidade a Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais das grandes cidades, foi adoptada -segundo se indica no texto do propio borrador de Real Decreto- tendo en conta as cargas de traballo, as memorias dos respectivos Tribunais de Xustiza, e as propostas e informes das Comunidades Autónomas, algo, por outra banda, preceptivamente exixido pola Lei 38/88, de 28 de decembro, de Planta e Demarcación Xudicial.

O incremento da planta xudicial é certamente significativa, mais aínda insuficiente para atender as importantes carencias que padecen algúns partidos xudiciais de Galiza, nos que só o extraordinario compromiso das traballadoras evita o colapso. Unidades xudiciais como Viveiro, Vilagarcía, Carballo, Sarria ou Ribeira ... levan anos soportando unha elevada carga de traballo que provoca unha alta pendencia e demora na

Asinado o día 28/01/2026 ás 12:55
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

resolución dos procedementos co coherente deterioro do servizo público da xustiza e facendo bo o coñecido aforismo de que “unha xustiza lenta non é xusta”.

A realidade do exposto, consignados na estatística xudicial, provocou que nos últimos exercicios a Comisión Mixta Xunta de Galiza- Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza considerase prioritario a creación de xulgados nos indicados partidos xudiciais, parecer obviado na proposta contida no Real Decreto publicado estes días.

En todo caso a ampliación da planta xudicial debe implicar o coherente incremento do cadro de persoal nos corpos de auxilio, tramitación e xestión procesual, algo que non consta estea previsto nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2026 e que limitaría considerablemente os efectos positivos do incremento das prazas xudiciais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a a impulsar ou executar, segundo as competencias, as actuacións necesarias para:

1º- A creación de novas prazas xudiciais que, cando menos, conteña a proposta formulada pola Comisión Mixta de Xustiza de Galiza, nomeadamente nos Tribunais de Instancia de Vilagarcía, Ribeira, Carballo, Viveiro e Sarria.

2º- Incrementar o cadro de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, de conformidade, como mínimo, coas novas prazas xudiciais a crear”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/01/2026 12:55:14

Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 12:55:25

Daniel Castro García na data 28/01/2026 12:55:33

María Montserrat Prado Cores na data 28/01/2026 12:55:41

Montserrat Valcárcel Armesto na data 28/01/2026 12:55:47

Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2026 12:55:54

Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 12:56:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:59:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:59:32
Nº Rexistro: 48314
Data envío: 28/01/2026 12:59:32.052

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a permanencia da desigualdade socioeconómica das mulleres en Galiza e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Exposición de motivos

Fronte ao relato imperante de “igualdade conseguida”, a realidade é que o día a día das mulleres, tamén en Galiza, está marcado por unha enorme desigualdade en moitos ámbitos, entre os que ás portas do 8 e do 10 de marzo cómpre remarcar o socioeconómico e laboral.

Así as cousas, da análise dos datos cualitativos e cuantitativos, constatamos a ineficacia das políticas públicas e as consecuencias da concatenación de crises que vimos nos últimos tres lustros, tanto en temos de condicións da clase traballadora como na crise dos servizos públicos, cuxas consecuencias recaen de forma intensa e maioritaria nas mulleres.

Esta situación non é allea tampouco ao contexto de rearmamento do machismo, tanto a escala global como máis próxima. Hai que ter en conta que o actual contexto non só lexitima a desigualdade económica e laboral, senón que favorece a súa normalización.

A análise dos datos que nos ofrecen os distintos organismos estatísticos fai evidente que ollando desde o período do 2009 ao presente ou tramos máis recentes, a situación laboral da muller galega segue a ser desfavorable en comparación á do home. En especial, no que atinxe aos principais sectores de ocupación, ás condicións de traballo e á

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:15
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:13
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

remuneración. Aínda que algúns dos indicadores observen unha lixeira mellora, a desigualdade persiste. Porén, existe un número de persoas desempregados e inactivas mulleres que homes. A taxa de actividade feminina, aínda que veu aumentando desde a crise financeira, segue por debaixo da masculina. Na taxa de ocupación ocorre o mesmo e a taxa de desemprego feminina segue a ser maior que a masculina. É preciso tamén recordar o diferencial negativo en contra da muller galega se facemos unha comparación co Estado e coa UE. Así, por exemplo, aínda que taxa de actividade feminina se incrementa, segue a ser inferior á masculina e continua a ser inferior que as taxas de actividade femininas estatal e europea e o mesmo acontece coa ocupación.

Outro aspecto a salientar é que se constata o protagonismo da muller nos peores indicadores de temporalidade e precariedade. As taxas de temporalidade femininas seguen a superar as masculinas e a temporalidade feminina é maior en Galiza que no Estado. Así mesmo, a taxa de ocupación a tempo parcial no último ano completo (2024) triplica a masculina. Neste sentido, cómpre ter en conta que no período máis crítico da crise de 2008 e da pandemia COVID deuse unha expulsión das mulleres do mundo do traballo asalariado como consecuencia da súa asunción dos coidados.

O incumprimento das promesas de melloras do goberno do Estado e as políticas da Xunta de Galiza están a contribuír a isto. A reforma laboral, publicitada para rematar coa precariedade, especialmente entre as mulleres, non fixo máis que agravar as fendas de xénero existentes antes da súa aprobación tal e como vén sinalando activamente o sindicalismo nacionalista. Ao mesmo tempo, máis alá da degradación dos servizos públicos que temos analizado noutras ocasións, o goberno do PP vén intensificando a súa estratexia de privatización e “externalización” de coidados a través dunha política de bonos cos que pretende levar aos fogares a responsabilidade de soste os dereitos que non se garanten no sistema público para o coidado de menores e maiores. Exemplo disto son os datos referentes a excedencias por coidados e o alto número de mulleres que non buscan emprego ou aumentar a súa xornada por estas responsabilidades. Asemade, a precarización dos traballos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feminizados dos que é directamente responsable a Xunta de Galiza faise evidente na situación de colapso dos servizos públicos que estamos a ver con intensidade nos últimos meses a través das folgas, denuncias e mobilizacións das residencias de maiores, do SAF e doutros servizos públicos esenciais.

O exemplo máis evidente da consolidación da precariedade e que mellor reflexa as consecuencias de que os traballos máis feminizados sexan os máis precarios son os datos salariais. Así, o salario medio anual das mulleres en Galiza segue por debaixo non só dos homes, senón tamén por debaixo da media estatal. A fenda salarial non deixou de medrar até 2022 en Galiza e aínda que baixa lixeiramente en termos porcentuais no 2023, en termos absolutos é a maior de todo o período acadando os 4.706 euros. Alén da fenda salarial, observamos unha concentración do maior número de mulleres asalariadas galegas nos tramos de salarios máis baixos.

Finalmente, cómpre ter en conta a interseccionalidade e como esta situación se agrava se temos en conta factores como a migración, a monoparentalidade ou a mocidade e é necesario sinalar, pola súa importancia, a enorme desigualdade que reflicten o ámbito das pensións e a consolidación da feminización da pobreza. A pensión media anual da muller galega foi un 24% menor que a do home, o que en termos absolutos supón 4.851 euros menos, cun diferencial tamén a respecto do estado.

Máis aínda, cómpre lembrar que as taxas de risco de pobreza femininas superan ás masculinas no global e en todos os tramos de idade e no seu último informe a Rede Galega contra a Pobreza volve insistir na persistente feminización da pobreza como un fenómeno estrutural, especialmente nos fogares monomarentais e debido á desigualdade de xénero e aos traballos de coidado, afectando gravemente a súa independencia económica e sufrindo a falta de perspectiva de xénero transversal das políticas públicas.

Ante esta situación é necesario que o goberno galego intensifique as súas actuacións.



Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a intensificar o cumprimento e a fiscalización do cumprimento da lexislación en materia de igualdade cun Plan de choque contra a discriminación económica e laboral das mulleres que incorpore as seguintes medidas:

1. Impulso no ano 2026 dun Programa de auditorías sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente e avaliar, singularmente, a posible existencia de fendas salariais de xénero e as medidas para o corrixir e de forma especial os ámbitos de servizos de limpeza e dos coidados dada a súa alta vulnerabilidade.

2. Impulsar, en colaboración co Consello Económico e Social e entidades do terceiro sector relacionadas, unha estratexia específica para desenvolver o Artigo 116 de Fomento da contratación de mulleres en situación de especial desvantaxe, acordando medidas específicas acompañadas de orzamento e medidores de éxito para favorecer a incorporación das mulleres con especiais dificultades sinaladas no punto dous.

3. Intensificar o exercicio do seu papel de autoridade laboral e, a través da autoridade autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social, realizar un Plan de actuacións tendentes a detectar e a erradicar situacións de fenda salarial e economía somerxida, especialmente en actividades feminizadas, para o que presentará unha estratexia específica de actuación con obxectivos anuais e informará anualmente ao Parlamento.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2026 13:13:15

Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2026 13:15:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:16:48
Nº Rexistro: 48318
Data envío: 28/01/2026 13:16:48,587

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:16:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:16:48
Nº Rexistro: 48318
Data envío: 28/01/2026 13:16:48,587

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa ds deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á evolución da capacidade económica dos fogares galegos e a súa repercursión na economía.

Exposición de motivos

Recentemente coñeciamos os resultados da enquisa periódica do Instituto Galego de Estatística respecto da Enquisa conxuntural a fogares, que permiten ver como aínda unha parte importante dos galegos e galegas chegan con dificultade a fin de mes. Esta situación, máis aínda á luz da crise de prezos que repunta singularmente en ámbitos esenciais como a alimentación, debe ser observada e atendida polo goberno da Xunta de Galiza pola súa repercursión no conxunto da economía. De feito, a propia Memoria socioeconómica do Consello Económico e Social de Galiza para o ano 2024, o último ano completo analizado, sinala nas súas consideracións que “A elevada inflación está a prexudicar en maior medida ás persoas con menores recursos, ao seren as rúbricas máis afectadas as da vivenda e os alimentos. Cómpre, con urxencia, implementar as medidas oportunas para mitigar os efectos derivados desta situación.”

Así as cousas, cos datos correspondentes ao cuarto trimestre de 2025, o 56,96 % dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 37,00 % con dificultade e o 6,04 % restante con moita dificultade. Con respecto ao trimestre anterior, aumentan 1,14 puntos os fogares que chegan con facilidade ou moita facilidade



a fin de mes e 0,43 puntos os que chegan con moita dificultade, mentres que diminuíu a proporción dos que chegan con dificultade (1,56).

Esta enquisa incorpora unha parte na que se avalían as medidas tomadas polos fogares. Así, vemos como, no cuarto trimestre de 2025, o 21,13 % dos fogares galegos cambiou os seus hábitos de compra mercando marcas brancas, produtos en oferta etc, o que fai ver o impacto da alza dos produtos alimenticios. Esta foi a medida económica máis habitual empregada polos fogares para reducir os gastos, aumentar os ingresos ou afrontar pagos neste período. Ademais, o 11,49 % dos fogares galegos diminuíu outros gastos comúns (como roupa e calzado, transporte, gas, electricidade etc.), agás alimentación, que evidentemente, ten un carácter de gasto esencial.

Aínda que non son os peores datos da serie histórica recente, hai que ter en conta que ámbitos como a suba da alimentación teñen un impacto acumulado. Así, este factor en concreto non deixou de subir. Se botamos unha ollada á última década vemos como a cesta da compra sufriu un encarecemento incesante nos últimos once anos, cunha suba acumulada do 47% desde 2014. No último ano, o grupo de alimentos e bebidas non alcohólicas medrou un 3,2%.

Así mesmo, a vulnerabilidade económica da maioría social galega vese agravada pola fenda entre o custo da vida e os ingresos. A renda media por persoa en Galiza sitúase en 14.558 €, o que supón 249 € menos que a media estatal. Aínda que as rendas nominais medraron, o aumento dos prezos erosionou o poder adquisitivo real, ao que se suma o impacto das baixas pensións no noso país.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e orzar un Plan específico de atención ao impacto nos fogares galegos da carestía da alimentación e as súas repercusións no conxunto da economía, na liña das recomendacións do Consello Económico e Social de implementar as medidas oportunas para mitigar os efectos derivados desta situación e de avaliar como isto impacta e de avaliar as causas que derivan en que non haxa avances significativos na redución da pobreza de determinados colectivos. Dito plan será incorporado de forma ordinaria nos próximos orzamentos da Xunta en canto se manteña esta situación e terá unha avaliación mínima anual.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2026 13:13:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/01/2026 13:15:32

Ana Pontón Mondelo na data 28/01/2026 13:15:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:21:09
Nº Rexistro: 48330
Data envío: 28/01/2026 13:21:09.990

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:21:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:21:09
Nº Rexistro: 48330
Data envío: 28/01/2026 13:21:09.990

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O abadexo é unha especie de gran relevancia socioeconómica para a frota española que opera nas zonas VIII e IX do Atlántico, especialmente para a frota artesanal e polivalente, cuxo papel resulta esencial para o mantemento do emprego, a actividade económica e a cohesión social en numerosas comunidades costeiras.

No Regulamento da Unión Europea polo que se fixan, para este ano, as posibilidades de pesca para determinadas poboacións e grupos de poboacións de peixes, o stock de abadexo nas citadas zonas foi xestionado como unha poboación con datos limitados na clasificación científica utilizada polo CIEM.

Este cambio supón que a avaliación do recurso apóiase fundamentalmente en series de capturas declaradas, sen dispoñer de índices de abundancia suficientemente sólidos.

Dita circunstancia non obedece necesariamente a unha deterioración acreditada do estado biolóxico do recurso, senón á insuficiencia e baixa representatividade dos datos científicos dispoñibles, o que incrementa a incerteza e conduce á aplicación de enfoques excesivamente precautorios na fixación das posibilidades de pesca.

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:22
Por Alberto Pazos Couñago





Esta situación contrasta coa información observacional achegada polo propio sector pesqueiro, que constata unha dispoñibilidade do recurso superior á reflectida nas actuais limitacións de capturas.

Esta cuestión resulta especialmente relevante na análise do stock de abadexo nas zonas VIII e IX, tendo en conta de que o propio CIEM sinala que, para a avaliación do recurso, “considerouse un índice de biomasa do stock utilizando o LPUE estandarizado do arrastre de fondo comercial francés como indicador do desenvolvemento do stock”.

Con todo, este enfoque presenta importantes limitacións de representatividade, dado que máis do 60 %, e potencialmente ata o 80 %, das capturas de abadexo nas devanditas zonas son realizadas por artes de enmalle e anzois, mentres que o arrastre de fondo francés só opera de maneira significativa nas subzonas VIIIA e VIIIB.

En consecuencia, o índice utilizado non reflicte adecuadamente a realidade do conxunto da pesqueira nin a distribución espacial e operativa das frotas que explotan maioritariamente este recurso.

A Política Pesqueira Común establece que as decisións de xestión deben basearse no mellor asesoramento científico dispoñible, pero tamén que ditas decisións deben ser proporcionadas, adaptativas e socialmente equilibradas.

Neste sentido, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia consideramos que resulta necesario reforzar con urxencia a base científica do abadexo nas zonas VIII e IX, á vez que se articulan medidas transitorias que eviten prexuízos económicos innecesarios mentres se completa unha avaliación científica máis robusta.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



- 1.- Reforzar de maneira inmediata a recompilación e calidade dos datos científicos relativos ao abadexo nas zonas VIII e IX do Atlántico, mediante campañas científicas específicas, mellora das mostraxes biolóxicas e unha maior integración da información procedente da frota pesqueira.
- 2.- Revisar os datos científicos, contemplando a proposta de modificación da categoría do informe ICES desta especie, pasando da categoría 3 á 4 e reforzando a subministración de datos a ICES desde a SGP e IEO para achegar aqueles provenientes das frotas españolas de artes fixas.
- 3.- Revisar a xestión da cota atribuída a España, xerando unha maior adecuación entre os datos históricos e o impacto social xerado polos desembarques desta especie no Caladoiro Cantábrico e Noroeste.
- 4.- Impulsar a participación activa do sector pesqueiro nos programas de recompilación de datos, fomentando sistemas de ciencia participativa que permitan incorporar o coñecemento empírico dos pescadores e mellorar a fiabilidade das avaliacións científicas.
- 5.- Utilizar os instrumentos financeiros dispoñibles, en particular os fondos do FEMPA, para apoiar o reforzo da investigación científica aplicada e dos sistemas de seguimento desta pesqueira.
- 6.- Solicitar á Comisión Europea e aos organismos científicos competentes a revisión da avaliación do stock de abadexo nas zonas VIII e IX, unha vez reforzada a base de datos, co fin de que as posibilidades de pesca #reflectir adecuadamente o estado real do recurso.
- 7.- Defender, mentres leva a cabo dita avaliación científica reforzada, a adopción de medidas transitorias que permitan un incremento prudente e condicionado das posibilidades de captura do abadexo, baseado na información dispoñible, na observación do sector e no seguimento continuo





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:22:32
Nº Rexistro: 48331
Data envío: 28/01/2026 13:22:32.857

do recurso, garantindo en todo caso o respecto aos principios de sustentabilidade da Política Pesqueira Común”.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-qYIF08wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 13:22:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:22:32
Nº Rexistro: 48331
Data envío: 28/01/2026 13:22:32.857

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:22:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:22:32
Nº Rexistro: 48331
Data envío: 28/01/2026 13:22:32.857

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:45:07
Nº Rexistro: 48334
Data envío: 28/01/2026 13:45:07,700

Asinado o día 28/01/2026 ás 13:43
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a falta de prazas nas escolas infantís públicas da comarca da Coruña.

Asinado o día 28/01/2026 ás 13:43
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O baremo extraordinario de decembro para as escolas infantís que forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2025-2026 deixa cifras preocupantes para a comarca da Coruña. Case 500 nenos e nenas fican fóra das escolas infantís públicas desta comarca (cidade da Coruña, Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada), dos cales 300 no rango de idade de 0 a 1 ano.

No caso deste grupo de idade, os prazos extraordinarios que se abren ao longo do ano permiten que as crianzas nadas despois do primeiro prazo de matrícula, que adoita ser entre marzo e abril, poidan incorporarse ás escolas infantís, mais nos últimos tempos constátase que o sistema implantado polo goberno galego non funciona, por varios motivos.

En primeiro lugar, o máis importante é a falta de prazas públicas. O sistema de gratuidade implantado pola Xunta de Galiza para as escolas infantís privadas, polo cal o goberno galego aboa o custo das prazas nestas escolas, implica unha privatización encuberta deste servizo. As escolas privadas non teñen o mesmo sistema de matriculación nin o mesmo custo que as escolas públicas. Na actualidade, máis dun terzo das prazas dispoñíbeis corresponden á rede privada de escolas, mais as cifras de solicitude de praza que se dan nos últimos meses mostran claramente que o sistema de gratuidade das prazas

Asinado o día 28/01/2026 ás 13:43
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

privadas non só é inxusto e contribúe á privatización encuberta do servizo, senón que non é suficiente para cubrir as necesidades das familias.

As cifras do baremo extraordinario de decembro nas escolas públicas, sumadas á falta de prazas tamén nas escolas privadas, dan conta dun grave problema de conciliación para moitas familias. O feito de que na comarca da Coruña haxa 500 nenos e nenas que fican sen praza nas escolas infantís obriga a unha reflexión seria e urxente sobre este servizo e as consecuencias que a súa insuficiencia ten para a conciliación.

En 2024, o goberno galego rexeitou financiamento europeo que permitiría crear novas prazas de educación infantil, e xustificou esta decisión por tratarse duns fondos finalistas que non permitían o seu uso para o modelo actual da Xunta de Galiza.

A meirande parte dos concellos da comarca da Coruña están a medrar en poboación, polo que é imprescindíbel que o goberno galego, como responsábel das escolas infantís, planifique o seu funcionamento de acordo coa evolución demográfica. Esta adaptación debe facerse de xeito urxente, xa que non é a primeira vez que observamos e denunciemos a escaseza de prazas en educación infantil, nomeadamente de 0 a 1 anos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a aumentar o número de prazas públicas nas escolas infantís da comarca da Coruña”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 28/01/2026 13:43:21

Ariadna Fernández González na data 28/01/2026 13:43:34

Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2026 13:43:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:45:07
Nº Rexistro: 48334
Data envío: 28/01/2026 13:45:07,700

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:45:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:45:07
Nº Rexistro: 48334
Data envío: 28/01/2026 13:45:07.700

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas nas Telleiras no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento, o que evidencia un grave desleixo de funcións ao permitir que unha situación anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían garantir seguridade, protección e estabilidade.



O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmovble, senón como o acceso a unha vivenda digna, adecuada, segura e saudable. A persistencia durante máis dunha década de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Cómpre engadir, ademais, que a Xunta de Galicia forma parte da comunidade de propietarios e propietarias dos inmoables afectados, na que é titular de, ao menos, 30 vivendas, polo que participa ou debería participar nos órganos de decisión da mesma e está suxeita aos acordos adoptados legalmente pola comunidade en materia de conservación, mantemento e reparación das zonas comúns. O feito de que estes acordos non se executasen agrava aínda máis a responsabilidade da Administración autonómica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir de maneira inmediata os acordos adoptados pola comunidade de propietarios das Telleiras no concello de Narón.
2. Asumir as súas responsabilidades como membro da comunidade de propietarios, contribuíndo económica e materialmente ás actuacións acordadas para garantir a conservación e salubridade do inmovble.
3. Adoptar as medidas necesarias para evitar que o incumprimento reiterado destes acordos volva producirse no futuro.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 28/01/2026 14:01:57

Carlos López Font na data 28/01/2026 14:02:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/01/2026 14:02:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48338
Data envío: 28/01/2026 14:05:34.068

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 14:05:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48338
Data envío: 28/01/2026 14:05:34.068

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao paso da gripe aviar ás vacas na UE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As novas constantes sobre casos de gripe aviar (H5N1) en aves silvestres no noso país e os máis de 15 gromos detectados no estado en aves de curral no intervalo 2025-2026, deixan un escenario preocupante en Galiza e no seu sector gandeiro. Tanto as granxas dedicadas á avicultura intensiva coma a extensiva, ao igual que as explotacións de autoconsumo, levan meses baixo a presión desta enfermidade vírica cuxo contaxio implica o sacrificio de explotacións enteiras a través de baleiros sanitarios co que iso significa para os titulares destas explotacións. Desta maneira, unha bioseguridade exhaustiva e unha prevención efectiva son o máximo garante de evitar a transmisión e a chegada do virus á nosa cabana gandeira, que sería devastadora para o sector.

Máis, aos casos recentemente detectados en Galiza, que deixan 2 aves silvestres positivas (unha pomba e unha gaivota, en Baltar e Pontevedra respectivamente) hai que sumarlle unha nova variable que pode traer consecuencias graves na nosa gandería. Trátase da información que nos chega dende os Países Baixos, onde veñen de detectarse anticorpos contra o virus H5N1 nunha vaca leiteira na rexión de Frisia, que presentou un cadro clínico compatible coa enfermidade no mes de decembro e superou a enfermidade. O virus ven de atravesar, polo tanto, o Atlántico e a barreira interespecie, o que amosa a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

súa grande capacidade de adaptación e nos pon en alerta dadas as características do noso sector.

As interlocucións co mercado da UE e en concreto con esta rexión, onde ten orixe grande parte do transporte de animais vivos cara o noso país, poñen de manifesto a necesidade de aplicar ao máximo as medidas de bioseguridade, non só no sector da avicultura, se non no resto do noso gando, nomeadamente o do vacún, con especial precaución no de leite, que ata o de agora foi o afectado no caso dos EEUU e UE.

Unha introdución desta enfermidade nas nosas granxas de produción láctea sería moi daniña, xa que levaría ao sacrificio dos animais e tamén a pechar aos nosos produtos lácteos os mercados, feitos ámbolos dous que serían desastrosos para o país. Malia que a pasteurización dos produtos derivados do leite é abonda para inactivar o virus e que non sexa un risco para a poboación, non podemos esquecer a gran cantidade de gandeiros e gandeiras, veterinarios e resto de persoal que traballa nas explotacións pode estar en risco polo contacto con animais e leite cru infectados, considerándose un factor de perigo para as persoas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas propias necesarias para evitar a entrada da gripe aviar nas explotacións do país, identificando as nosas potenciais eivas e as posibilidades de mellora en canto á prevención e á bioseguridade.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Achegar unha relación das medidas de control que se están a tomar no caso das importacións de animais vivos dende outras zonas do estado ou países veciños cara Galiza, tanto no caso das aves coma de gando vacún.

3. Achegar, mediante plans informativos, formación sobre bioseguridade sanitaria á poboación galega, para que saiba como actuar ante unha posible ameaza de gripe aviar, con especial intensidade no caso das persoas que teñen relación directa polo seu traballo coa gandería.

4. Creación dun plan de continxencia fronte a enfermidades que afecten ao noso gando, cun orzamento de 2 millóns de euros, tendo fondos propios preparados para das resposta a posibles perdas derivadas nas explotacións, e que se dirixan á prevención, aumento das medidas de bioseguridade e indemnización baleiros e lucro cesante”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 28/01/2026 16:30:37

Sonia Vidal Lamas na data 28/01/2026 16:30:44

Secundino Fernández Fernández na data 28/01/2026 16:30:51

Luis Bará Torres na data 28/01/2026 16:30:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 16:32:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:32:47
Nº Rexistro: 48356
Data envío: 28/01/2026 16:32:47,847

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

Os concellos constitúen a administración máis próxima aos cidadáns e desempeñan un papel esencial na prestación de servizos públicos básicos, a cohesión social e a vertebración territorial do país. Nos últimos anos, as entidades locais asumiron un volume crecente de competencias e responsabilidades, moitas delas de carácter impropio, sen que iso viñese acompañado dun financiamento suficiente, estable e previsible.

A ausencia de Orzamentos Xerais do Estado actualizados, a rixidez das regras fiscais e a falta de certeza normativa están a dificultar gravemente a planificación económica e orzamentaria dos concellos, limitando a súa capacidade de investimento e condicionando a calidade dos servizos que prestan aos veciños.

Neste contexto, o Goberno de España anunciou recentemente unha proposta de reforma do sistema de financiamento autonómico que se presentou de maneira parcial, bilateral e sen un marco multilateral previo, xerando incerteza e preocupación en amplos sectores institucionais e territoriais. A referencia pública a principios como a ordinalidade e o financiamento singular para Cataluña expón dúbidas razoables sobre o impacto que este novo modelo pode ter na igualdade entre cidadáns e na cohesión territorial do conxunto de España e, en particular para Galicia.

Este debate está a producirse, ademais, sen incorporar de forma expresa o financiamento local, a pesar de que calquera modificación do sistema autonómico ten un impacto directo e inmediato nos concellos. Abordar a reforma do financiamento público sen contar coas entidades locais -os nosos municipios fundamentalmente- supón ignorar á administración que xestiona os servizos máis próximos e cotiáns para os cidadáns.



A iso súmase a imposición de novas obrigacións financeiras aos municipios, como as derivadas da aplicación da Lei 7/2022, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, que obriga a repercutir integramente o custo do servizo de recollida e tratamento de residuos mediante unha taxa específica. Esta medida limita a autonomía fiscal municipal e traslada directamente aos veciños o custo de decisións adoptadas polos actuais responsables do Goberno de España sen financiamento adicional nin flexibilidade suficiente para a súa adaptación.

Os concellos, como parte esencial do Estado, deben participar activamente nos procesos de reforma que afectan ao seu financiamento e á súa autonomía. Para iso, resulta imprescindible o funcionamento ordinario dos órganos de cooperación institucional, en particular a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), como espazo de diálogo, coordinación e lealdade institucional.

Defender un financiamento local xusto, suficiente e equitativo non debera ser unha reivindicación partidista, senón unha condición necesaria para garantir a igualdade entre os cidadáns, a sustentabilidade dos servizos públicos municipais e o equilibrio territorial do país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguinte demandas:

1º.- Retirar a proposta de novo modelo de financiamento autonómico pactado cos que defenden o separatismo.

2º.- Reclamar que calquera reforma do sistema de financiamento autonómico incorpore de forma simultánea unha reforma do sistema de financiamento local, recoñecendo o papel esencial dos concellos e garantindo a súa suficiencia financeira.

3º.- Convocar de xeito inmediato a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), como órgano de cooperación institucional, para analizar e debater de maneira conxunta a reforma do financiamento autonómico e local con participación efectiva dos municipios.

4º.- Solicitar que non se impoñan novas competencias nin obrigacións financeiras aos concellos sen a correspondente dotación de recursos, preservando a autonomía local e a calidade dos servizos municipais.





5º.- Revisar, en defensa da autonomía fiscal dos concellos, a aplicación da Lei 7/2022, de residuos e chans contaminados, de maneira que se poidan utilizar outros instrumentos e medidas non impositivas previstas na Directivas, que incentiven a prevención e a reciclaxe de residuos, sen que supoñan a imposición de cargas fiscais obrigatorias adicionais aos veciños.

Asemade a Cámara galega acorda como Resolución reafirmar o principio de igualdade entre todos os cidadáns, con independencia do seu lugar de residencia, como eixo fundamental do sistema de financiamento público, garantindo que os servizos municipais dispoñan de recursos suficientes, estables e baseados en criterios obxectivos e transparentes.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 17:31:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 17:32:02
Nº Rexistro: 48386
Data envío: 28/01/2026 17:32:02.039

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 17:32:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 17:32:02
Nº Rexistro: 48386
Data envío: 28/01/2026 17:32:02.039

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Argimiro Marnotes Fernández, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

O Consello da Xunta de Galicia de 22 de setembro de 2022 manifestou o seu interese de que Galicia puidera albergar partidos da Copa do Mundo de 2030 para o caso de que España e Portugal fosen designadas sedes de dita Copa do Mundo (como así resultou finalmente xunto con Marrocos), declarando o seu compromiso institucional coas candidaturas galegas a sede e o seu apoio ás mesmas. Ademais, na mesma sesión, o Goberno galego manifestaba a súa intención de cumprir con todos os requisitos, no marco das súas competencias e dispoñibilidades orzamentarias, que se concreten no seu momento pola FIFA, colaborando co Comité Organizador da Copa do Mundo para o seu desenvolvemento.

Á vista destas manifestacións de 2022, queda claro o compromiso da Administración autonómica galega coa que é, sen dúbida, unha das citas máis relevantes a nivel mundial no ámbito deportivo, e que virá a garantir a presenza de Galicia en todos os recunchos do planeta. O Goberno galego amosou dende un primeiro momento o seu apoio ás posibles sedes galegas, e continúa con esta idea no marco sempre das súas competencias e dispoñibilidades orzamentarias.

Pola súa parte, no mes de febreiro de 2025, o Consello de Ministros aprobaba a creación dunha Comisión Interministerial encargada de coordinar a preparación e organización da Copa Mundial da FIFA 2030.

Segundo se facía público entón, “o papel do Goberno de España en relación con este evento deportivo, concibido como un verdadeiro proxecto de país, vén definido polo acordo de Consello de Ministros do 30 de xullo de 2024 no que se detalla a asunción dunha serie de compromisos por parte do Executivo. Con eles, o Goberno de España certificou ante a FIFA que o noso país contará coas infraestruturas e os servizos que serán necesarios para un desenvolvemento óptimo da competición”. Ademais, “entre as competencias gobernamentais inclúense, entre outras, a seguridade e a orde pública, o transporte, a sanidade, a emisión de visados, a accesibilidade, a conectividade e a sustentabilidade, así como a proxección internacional do noso país”.

Asinado o día 28/01/2026 ás
17:43
Por Alberto Pazos Couñago





Chegados este punto, é necesario empezar a avanzar na concreción do compromiso de colaboración entre todas as administracións afectadas, nomeadamente no ámbito da financiación das instalacións deportivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para requirirlle que proceda a detallar e concretar o financiamento que vai aportar para acometer as obras precisas nos estadios deportivos que resulten designados sedes do Mundial 2030 en Galicia.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 17:43:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 17:44:22
Nº Rexistro: 48406
Data envío: 28/01/2026 17:44:22.953

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 17:44:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 17:44:22
Nº Rexistro: 48406
Data envío: 28/01/2026 17:44:22.953

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

As industrias agroalimentarias son esenciais para o desenvolvemento agrario de Galicia, ao engadir valor ás producións do campo e facilitar a súa comercialización, favorecendo o desenvolvemento das explotacións agrarias e de todo o tecido económico que as rodea nas zonas rurais.

É por este motivo que a Xunta de Galicia promoveu unha nova convocatoria de axudas destinada a investimentos en transformación e comercialización dos produtos agrarios galegos.

Estas axudas preséntanse mediante dúas modalidades de actuacións:

- Investimentos dirixidos a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro na industria, investimentos en procesamento de biomasa agrícola para produción de enerxía; así como incorporación de enerxías alternativas na industria agroalimentaria e investimentos, en xeral, que permitan mellorar a eficiencia enerxética.
- Investimentos no ámbito da transformación e da comercialización de produtos agroalimentarios que busquen, entre outros obxectivos, mellorar o rendemento e desenvolvemento económico das empresas fomentar os produtos de calidade; mellorar a seguridade alimentaria; favorecer a creación de cadeas cortas de comercialización; potenciar a innovación e a transformación dixital; o desenvolvemento de novos produtos; a busca de novos mercados ou valorización de subprodutos agrarios.

Os destinatarios destas achegas son empresarios individuais ou sociedades que sexan ou vaian ser titulares de instalacións obxecto da axuda dedicadas á transformación e/ou comercialización de produtos.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a seguir impulsando a convocatoria de axudas para a mellora da transformación e comercialización de produtos agroalimentarios xa que contribúen a engadir valor ás producións do campo e facilitar a súa comercialización, favorecendo o desenvolvemento das explotacións agrarias e de todo o tecido económico que as rodea nas zonas rurais”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 17:50:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 17:53:05
Nº Rexistro: 48418
Data envío: 28/01/2026 17:53:05.848

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 17:53:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 17:53:05
Nº Rexistro: 48418
Data envío: 28/01/2026 17:53:05.848

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é un centro museístico de titularidade estatal xestionado pola Xunta de Galicia, que conta cunha ampla sección histórico-arqueolóxica, con series representativas do mundo paleolítico e megalítico; pezas do mundo castrexo e galaicorromano e as de época romana, destacando a epigrafía. Xunto cunha serie arqueolóxica prerrománica e medieval, principalmente construtiva, ademais dunha sección de belas artes, que reúne escultura do renacemento e barroco, pintura do século XVII e XVIII, e finais do XIX, ademais de diversas artes decorativas.

En 2002, o museo pechou as súas portas para iniciar unhas obras de remodelación que hoxe aínda non remataron, cando debían telo feito hai xa dous anos, converténdose nun símbolo da total falta de compromiso do Goberno central coa conservación e difusión do patrimonio cultural.

A pesar de tratarse dun proxecto estratéxico para a cidade e para a provincia, as demoras acumuladas ao longo dos anos, teñen provocado unha importante perda de oportunidades culturais e un evidente prexuízo para o desenvolvemento turístico e educativo de Ourense e de Galicia.

Na actualidade, este museo, chamado a custodiar e exhibir pezas arqueolóxicas de enorme valor histórico, permanece pechado mentres se alongan trámites administrativos, decisións políticas e prazos de execución sen explicacións claras nin prazos fiables.

A última promesa do Goberno central fixou no primeiro trimestre de 2026 o remate das obras, máis cómpre que exista unha vontade política firme por parte do Goberno de España, acompañada de transparencia e responsabilidade, para que non se volvan a producir novos retrasos e que se lle permita á cidadanía o acceso a un equipamento cultural de referencia.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que proceda a inmediata apertura do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, cumprindo cos compromisos adquiridos polo mesmo”.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 18:25:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:26:18
Nº Rexistro: 48426
Data envío: 28/01/2026 18:26:18.717

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:26:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 18:26:18
Nº Rexistro: 48426
Data envío: 28/01/2026 18:26:18.717

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O pasado 19 de decembro, o Parlamento de Galicia, logo do acordo unánime dos grupos parlamentarios, expresou a declaración do ano 2026 como ano Otero Pedrayo, logo da proposta feita polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

Este recoñecemento, que conmemora o 100 aniversario do nacemento do “patriarca das Letras Galegas”, busca poñer en valor a súa figura e promover novas achegas para divulgar e coñecer o seu legado, en colaboración coas institucións culturais, educativas e académicas do país.

Do mesmo xeito, as administracións públicas tamén xogan un papel esencial no relativo á difusión e posta en valor da nosa cultura e os seus persoeiros, como pode ser o caso da programación desenvolvida no último ano con motivo da conmemoración do Ano Castela 2025, ou, de xeito habitual, coa programación relativa á conmemoración das Letras Galegas.

Por ese motivo, e ante un fito tan relevante, o Goberno galego debe desenvolver unha programación especial que poña en valor a figura dun dos máis grandes persoeiros das nosas letras, espallando o seu legado e difundindo tan valiosa creación como a que agromou do tinteiro de Otero Pedrayo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar e presentar unha programación especial que axude a divulgar e coñecer o legado de Otero Pedrayo, co gallo da conmemoración do Ano Oteriano 2026”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 18:33:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48431
Data envío: 28/01/2026 18:34:12.561

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:34:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48431
Data envío: 28/01/2026 18:34:12.561

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

O Concello de O Porriño, en relación ós datos oficiais do padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2025, conta cunha poboación de 20.935 habitantes.

Estamos ante un concello que se sitúa como o terceiro municipio por volume demográfico e que ademais conta coa maior porcentaxe de poboación menor de 25 anos de toda a mancomunidade, sendo por tanto, o da estrutura demográfica máis nova.

Co fin de visualizar a súa evolución, citaremos coma exemplo o ano 2001 onde contaba cunha poboación de 15.960 habitantes, o ano 2011 no que dita poboación aumentou a 18.033 habitantes; e o ano 2024 con 20.711 habitantes. O feito de ter un carácter principalmente industrial, sendo unha área loxística relevante e tendo en conta a súa excelente localización xeográfica poden levar a este municipio a incrementar a súa demografía.

Por isto, parece lóxico que a demanda de atención sanitaria sexa crecente e proporcional ao incremento de veciños e veciñas, así como vinculada a súa pirámide poboacional.

Pero non serve de nada a relativamente recente ampliación do mesmo en 1.100 metros cadrados ata alcanzar os 2.700, nin o PAC renovado que desde logo non rexeitamos, se a Xunta de Galicia non é capaz de cubrir as prazas vacantes.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:16:01
Nº Rexistro: 48491
Data envío: 29/01/2026 11:16:01.583

Finalmente, na presente semana na quenda da tarde no centro de saúde, deberían estar seis médicos e non había ninguén. Non fai falta comentar cales son as consecuencias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a por en marcha as medidas necesarias para garantir a cobertura completa das prazas do centro de saúde no Concello do O Porriño.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 29/01/2026 11:14:34

Elena Espinosa Mangana na data 29/01/2026 11:14:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/01/2026 11:14:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:16:01
Nº Rexistro: 48491
Data envío: 29/01/2026 11:16:01.583

CSV: BOPGDSPG-qYIF08wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 11:16:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:16:01
Nº Rexistro: 48491
Data envío: 29/01/2026 11:16:01.583

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:37
Nº Rexistro: 48524
Data envío: 29/01/2026 13:05:37.613

Asinado o día 29/01/2026 ás 13:02
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os expedientes de regulación de emprego anunciados na automoción galega e o seu impacto sobre o sector.

Asinado o día 29/01/2026 ás 13:02
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai demasiados anos o sector da automoción galega está a sufrir as consecuencias da flexibilización dos expedientes de emprego como ERTes e EREs, causando un enorme impacto sobre o emprego, como é lóxico, máis tamén sobre a calidade do mesmo.

E nesta nefasta aplicación de expedientes de regulación non se pode pasar por alto a responsabilidade do Goberno central, tanto por non reverter esta flexibilización nin exercer as súas competencias á hora de requirir novamente autorización administrativa previa para a súa aplicación.

Mais non é menos certo que o Goberno galego ten tamén abandonada, tanto por omisión como por ideoloxía, ás traballadoras e traballadores do conxunto de sectores produtivos afectados por expedientes de regulación de emprego.

O Goberno galego leva moito tempo sen atender as demandas de reunión dos diferentes comités de empresas afectadas por ERE, ERTE ou ameazas dos mesmos.

Asinado o día 29/01/2026 ás 13:02
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O actual Plan Director da Automoción non está a supoñer unha mellora para o emprego nin en termos de calidade nin de estabilidade, alén de que tampouco se está a conseguir dar estabilidade ao que é o conxunto da cadea de produción.

Non se pode negar que a existencia dun único gran fabricante no sector crea unha dinámica de dependencia que hoxe en día está a supoñer máis unha traba cara as empresas auxiliares que unha oportunidade.

Os últimos meses véñense de coñecer expedientes de regulación de emprego en diversas empresas como Akwel, o propio centro tecnolóxico CTAG e as últimas novas falan dun ERE de 75 persoas traballadoras á empresa GKN, un dos xigantes das auxiliares da automoción.

Estes tres exemplos de empresas, a pesar de pretender despedir a centos de persoas, levan recibindo sendas subvencións públicas por parte da Consellería de Economía e Industria.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Promover dende a Consellería de Economía e Industria reunións cos comités daquelas empresas en risco de despedimentos colectivos.
2. Blindar a través das modificacións normativas precisas que toda subvención pública concedida polo Goberno galego a unha empresa leve consigo a obrigatoriedade do mantemento do emprego durante un período de 5 anos após recibir dita subvención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Establecer cláusulas contra a deslocalización nos requisitos de acceso a axudas e subvencións destinadas ou susceptibles de ser recibidas por empresas.

4. Crear unha Mesa Galega da Automoción con presenza de tódolos axentes implicados na cadea de valor (clúster, sindicatos, centros tecnolóxicos, universidades, autoridade laboral e administración autonómica).

5. Instar ao Goberno central a efectuar as modificacións precisas para que os expedientes de regulación de emprego precisen autorización administrativa previa”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 29/01/2026 13:02:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/01/2026 13:02:22

Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2026 13:02:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:37
Nº Rexistro: 48524
Data envío: 29/01/2026 13:05:37.613

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 13:05:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:37
Nº Rexistro: 48524
Data envío: 29/01/2026 13:05:37.613

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás previsións da Xunta de Galiza para dar a coñecer o novo Plan de loita contra a trata que dea continuidade ao Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 e cumprimento aos acordos parlamentarios na materia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, numerosos documentos internacionais, como a *Declaration on the Elimination of Violence against Women of 1993* sinalan a trata e a explotación da prostitución forzosa de mulleres como forma de violencia contra as mulleres.

No ámbito do Estado español está pendente desde hai anos a aprobación dunha normativa específica estatal ao respecto con rango de lei, mais Galiza foi xa pioneira ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero no seu marco lexislativo. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola *Lei 12/2016, do 22 de xullo*, no seu artigo 3 letra f).

O desenvolvemento deste marco legal permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención e complétase desde o ano 2022 cun Plan Galego integral impulsado polo goberno galego en colaboración co asociacionismo do sector.

Asinado o día 29/01/2026 ás
13:43
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 29/01/2026 ás
13:43
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de que este Grupo Parlamentario pedira en varias ocasións a avaliación deste plan e o avance do seguinte, a Xunta comprometeuse a ambas cuestións mais de momento só se ten verificado, tardiamente, a publicación das conclusións e continúa pendente, malia estarmos xa no ano 2026, a publicación do novo Plan así como o compromiso acordado na Cámara galega de impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico de axuda ás mulleres prostituídas onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha axuda periódica para unha atención integral e inserción sociolaboral á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a explicar e asumir responsabilidades políticas pola demora na aprobación do próximo Plan, así como acelerar a súa concreción dándolle saída no prazo máximo de dous meses e garantir a participación social e institucional así como incrementar a súa dotación orzamentaria”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2026 13:43:10

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2026 13:43:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:44:53
Nº Rexistro: 48531
Data envío: 29/01/2026 13:44:53,958

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 13:44:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:44:53
Nº Rexistro: 48531
Data envío: 29/01/2026 13:44:53,958

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días fíxose público a través dos propios profesionais do Mar que a Xunta de Galicia tiña coñecemento desde o pasado 4 de decembro dun vertido de grandes dimensións fronte á EDAR de Cabo Prioriño, no litoral de Ferrol, sen que se adoptasen medidas inmediatas nin se informase á cidadanía nin ás administracións afectadas.

Este vertido, localizado nunha zona de alto valor ambiental e ecolóxico, supón un risco evidente para o medio mariño, os ecosistemas costeiros e a actividade pesqueira e marisqueira, ademais de xerar unha lóxica alarma social pola posible afección á saúde pública e á calidade das augas.

Resulta especialmente grave que, segundo a información coñecida, a Xunta de Galicia coñecese a existencia do vertido durante semanas sen activar protocolos de emerxencia ambiental, sen adoptar medidas correctoras inmediatas e sen garantir a transparencia e a información pública que esixe unha situación deste tipo.

A xestión dos vertidos e da depuración de augas residuais é unha competencia clave da Administración autonómica, que debe garantir o correcto funcionamento das infraestruturas, a prevención de episodios contaminantes e unha resposta rápida e eficaz cando estes se producen. A inacción, a falta de control e a



opacidade por parte do Goberno galego non só poñen en risco o medio ambiente, senón que evidencian unha preocupante falta de responsabilidade institucional.

Cómpre lembrar que Galicia ten unha extensa costa e unha economía fortemente vinculada ao mar, polo que a protección do litoral e das augas mariñas debe ser unha prioridade absoluta, con actuacións preventivas, medios suficientes e unha xestión rigorosa e transparente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de forma urxente todas as medidas necesarias para a limpeza, contención e avaliación do impacto ambiental do vertido fronte á EDAR de Cabo Prioriño, garantindo a recuperación do medio afectado.
2. Reforzar os sistemas de control, vixilancia e mantemento das estacións depuradoras de augas residuais, especialmente nas zonas costeiras de especial sensibilidade ambiental.

Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 29/01/2026 15:54:01

Carlos López Font na data 29/01/2026 15:54:07

Paloma Castro Rey na data 29/01/2026 15:54:13

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/01/2026 15:54:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48543
Data envío: 29/01/2026 16:07:49.898

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 16:07:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48543
Data envío: 29/01/2026 16:07:49.898

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días fíxose público a través dos propios profesionais do Mar que a Xunta de Galicia tiña coñecemento desde o pasado 4 de decembro dun vertido de grandes dimensións fronte á EDAR de Cabo Prioriño, no litoral de Ferrol, sen que se adoptasen medidas inmediatas nin se informase á cidadanía nin ás administracións afectadas.

Este vertido, localizado nunha zona de alto valor ambiental e ecolóxico, supón un risco evidente para o medio mariño, os ecosistemas costeiros e a actividade pesqueira e marisqueira, ademais de xerar unha lóxica alarma social pola posible afección á saúde pública e á calidade das augas.

Resulta especialmente grave que, segundo a información coñecida, a Xunta de Galicia coñecese a existencia do vertido durante semanas sen activar protocolos de emerxencia ambiental, sen adoptar medidas correctoras inmediatas e sen garantir a transparencia e a información pública que esixe unha situación deste tipo.

A xestión dos vertidos e da depuración de augas residuais é unha competencia clave da Administración autonómica, que debe garantir o correcto funcionamento das infraestruturas, a prevención de episodios contaminantes e unha resposta rápida e eficaz cando estes se producen. A inacción, a falta de control e a



opacidade por parte do Goberno galego non só poñen en risco o medio ambiente, senón que evidencian unha preocupante falta de responsabilidade institucional.

Cómpre lembrar que Galicia ten unha extensa costa e unha economía fortemente vinculada ao mar, polo que a protección do litoral e das augas mariñas debe ser unha prioridade absoluta, con actuacións preventivas, medios suficientes e unha xestión rigorosa e transparente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha auditoría técnica e ambiental do funcionamento da EDAR de Cabo Prioriño, co obxectivo de determinar as causas do vertido e evitar que se repitan episodios similares.
2. Garantir a máxima transparencia e información pública en materia de vertidos e episodios contaminantes, establecendo protocolos claros de comunicación inmediata coa cidadanía, o sector pesqueiro e as administracións locais.

Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 29/01/2026 15:55:17

Carlos López Font na data 29/01/2026 15:55:22

Paloma Castro Rey na data 29/01/2026 15:55:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/01/2026 15:55:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48546
Data envío: 29/01/2026 16:09:18.183

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48546
Data envío: 29/01/2026 16:09:18.183

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 16:09:19

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:35:46
Nº Rexistro: 48578
Data envío: 29/01/2026 16:35:46.392

Asinado o día 29/01/2026 ás 16:33
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Saleta Chao Rivas** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o uso partidista que fai o PP de Santiago da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo das últimas semanas intensificouse o uso partidista da Xunta de Galiza por parte do PP de Santiago, unha dinámica que non é nova mais que conta ata tres ocasións no que vai de mes nas que se fai un uso cuestionable da institución autonómica por parte do Partido Popular.

O primeiro exemplo vímolo o 18 de xaneiro, cando o portavoz municipal do PP en Santiago se reuniu co sector turístico do concello e co director da Axencia Turismo de Galiza, o señor Merelles. A anomalía democrática e o uso partidista da Axencia Turismo de Galiza non se debe á participación do seu director persoalmente nun acto do seu partido, senón á participación da institución, como recolle a propia comunicación que o PP de Santiago remitiu aos medios de comunicación onde indicaba “Turismo de Galicia, Xosé Manuel Merelles, xunto a 30 hoteleiros e hostaleiros co fin de analizar, polo miúdo, os retos turísticos aos que se enfronta a capital de Galicia”.

Esta situación é aínda máis preocupante tendo en conta que a concelleira de turismo de Santiago de Compostela ten denunciado publicamente a negativa do director de Turismo de Galiza a reunirse co Concello de Santiago, recollendo as peticións de xuntanza realizadas desde xuño de 2024 e que, ben non tiveron resposta, ben foron

Asinado o día 29/01/2026 ás 16:33
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 29/01/2026 ás 16:33
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

rexeitadas por motivos de axenda do señor Merelles, ou ben seguen pendentes de confirmación.

Só dous días despois desa xuntanza, o 20 de xaneiro, a Delegada Territorial da Xunta de Galiza na Coruña publicaba nas súas redes sociais unha publicación na que saía acompañada do portavoz municipal do PP visitando dous comercios composteláns. O obxectivo da visita, tal e como indicaba na publicación, era visitar “varios establecementos comerciais de Santiago que forman parte dos negocios beneficiarios das axudas da Xunta de Galicia ao comercio retalista e artesanal en 2025”. Sobre esta visita enviouse un correo informativo ao enderezo da alcaldía do Concello de Santiago de Compostela o día 19 de xaneiro ás 14:28 horas, sen moita marxe para organizar a visita, mais non aos grupos municipais, o que suporía, de novo, que a participación do portavoz municipal do PP se debe a un interese partidista de vincular as axudas da Xunta ao Partido Popular local.

Nesta mesma liña, o PP de Santiago anunciou un acto co Director Xeral de Comercio da Xunta, Gabriel Alén, o martes 27 de xaneiro. Un acto no que, de novo, non tería nada de cuestionable que participase Gabriel Alén a título persoal, mais, tendo en conta os últimos actos, todo parece indicar que nos atopamos diante dun novo exemplo de utilización partidista das institucións galegas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Renunciar a facer un uso partidista das institucións galegas, evitando participar en actividades que se trasladen publicamente como organizadas entre o Partido Popular e a propia Xunta de Galiza.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:35:46
Nº Rexistro: 48578
Data envío: 29/01/2026 16:35:46,392

- Exercer o máximo respecto institucional cara a outras institucións e niveis da administración gobernados por organizacións políticas distintas ao Partido Popular”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 29/01/2026 16:33:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/01/2026 16:33:33

Óscar Insua Lema na data 29/01/2026 16:33:44

Luis Bará Torres na data 29/01/2026 16:33:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:35:46
Nº Rexistro: 48578
Data envío: 29/01/2026 16:35:46.392

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:35:46
Nº Rexistro: 48578
Data envío: 29/01/2026 16:35:46.392

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 16:35:47

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Paloma Castro Rey** e **Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

O CEIP Xunqueira 1 de Pontevedra vén sufrindo dende hai anos unha situación continuada de deterioro das súas instalacións, agravada de maneira especialmente grave nos últimos meses, sen que ata o momento as administracións competentes teñan dado unha resposta axeitada e eficaz.

Dende o pasado 14 de novembro de 2025, o centro educativo ten inutilizados o comedor escolar e o salón de actos como consecuencia de asolagamentos reiterados. A presenza constante de auga obriga a empregar bombas de achique no patio do colexio de maneira diaria, evidenciando un problema estrutural grave e persistente. Dende esa data, o servizo de comedor préstase de maneira provisional, nun espazo que carece de auga corrente e das instalacións necesarias, sen garantir as condicións mínimas de seguridade, hixiene e calidade que debe ter un servizo esencial para o alumnado.

Esta situación viuse aínda máis agravada o pasado 26 de xaneiro de 2026, cando colapsou o falso teito dunha instalación recentemente reformada como consecuencia das obras realizadas pola Xunta de Galicia para a instalación dun ascensor.

Este feito provocou a inundación da planta baixa do centro, deixando inhabilitada esa zona e impedindo o acceso do alumnado a espazos fundamentais como o ximnasio, ademais do comedor, o salón de actos e os patios exteriores, o que levou á suspensión das sesións de Educación Física.



Cómpre salientar que a dirección do centro comunicou estas incidencias en repetidas ocasións aos organismos competentes, sen obter resposta nin solución efectiva ata o momento.

Sendo o CEIP Xunqueira 1 un centro educativo público da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde ao Concello de Pontevedra o mantemento ordinario das instalacións, e á Xunta de Galicia a execución das obras maiores necesarias. A falta de coordinación e actuación por parte de ambas administracións está a provocar unha situación de abandono institucional que afecta directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación pública de calidade en condicións dignas e seguras.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a :

1. Levar a cabo de maneira inmediata e en coordinación co Concello de Pontevedra, os estudos técnicos necesarios para determinar as causas dos asolagamentos recorrentes que afectan ao CEIP Xunqueira I, e unha vez determinadas as causas, executar con urxencia as obras necesarias para poñer fin de forma definitiva aos asolagamentos e aos desperfectos estruturais que se repiten ano tras ano.
2. Restablecer canto antes todos os espazos e servizos afectados, garantindo o funcionamento normal do comedor escolar, do ximnasio, do salón de actos e dos patios exteriores, en condicións de seguridade e dignidade.
3. Revisar a obra do ascensor co fin de determinar os fallos de execución e correxir os mesmos para que non volva suceder.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/01/2026 16:37:52

Aitor Bouza Manso na data 29/01/2026 16:37:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/01/2026 16:38:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:39:40
Nº Rexistro: 48581
Data envío: 29/01/2026 16:39:40.885

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:39:40
Nº Rexistro: 48581
Data envío: 29/01/2026 16:39:40.885

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 16:39:41

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:10:35
Nº Rexistro: 48588
Data envío: 29/01/2026 17:10:35.140

Asinado o día 29/01/2026 ás 17:09
Por Noa Presas Bergantiños

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de actualizar e aprobar unha nova lei de subvencións de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza vai camiño de cumprir vinte anos de vixencia, despois de sufrir seis modificacións no seu articulado en todo este tempo. É preciso traballar nunha actualización integral da norma para adaptala ás novas realidades existentes, para eliminar preceptos obsoletos que deberan estar derogados por entrar en vigor outros contraditorios, para simplificar os procedementos cando as subvencións se outorguen a outras administracións, ou para adoptar medidas que impidan perder unha axuda cando as causas de incumprimento non dependan do beneficiario.

Un exemplo son as convocatorias de axudas a entidades locais pola Xunta de Galiza que se publican anualmente, con prazos de execución moi curtos, que aínda se acurtan máis cando é preciso licitar contratos de obras, servizos ou subministracións para realizar o obxecto da subvención. E aínda se acurtan máis cando é necesario obter doutras administracións autorizacións ou permisos para executar certas obras. E que se acurtan aínda máis cando as condicións meteorolóxicas impiden executar certas obras en condicións idóneas ou o fin subvencionado. Estas axudas que se convocan reiteradamente ben podían tramitarse a través dunha convocatoria plurianual, como podería ocorrer coas axudas do Fondo de compensación ambiental, ou como ocorre con algunhas outras subvencións.

Asinado o día 29/01/2026 ás 17:08
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 29/01/2026 ás 17:08
Por Oscar Insua Lema



Outro exemplo, son as convocatorias da Xunta de Galiza que utilizan o réxime de concesión de axudas non competitivo, en base ao establecido no artigo 19.2, procedemento cualificado como excepcional na propia lei. Sen embargo, pódese comprobar que esta metodoloxía utilizada non é excepcional, senón a máis común para moitas das axudas, tanto a entidades locais, como aos galegos e galegas cando se outorgan bonos de distinta índole, sabendo que este criterio é discriminatorio e exclúinte sobre certos sectores da poboación que non manexan os medios dixitais coma outros, ao ser este o único medio para solícialos.

E hai moitos máis exemplos, como a necesidade de simplificar ou reducir os controis dos procedementos das subvencións, cando xa son supervisadas por funcionarios habilitados para esas funcións, como ocorre no caso dos interventores nos concellos, que informan ao respecto das mesmas. Por estas e outras razóns, é necesario iniciar a revisión da lei de subvencións de Galiza e introducir as modificacións oportunas para mellorar os procedementos que regula e incrementar a satisfacción das persoas implicadas neles co funcionamento da administración.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o Goberno galego a actualizar e presentar un novo anteproxecto de lei galega de subvencións, contando coa participación das distintas entidades sociais e do resto de administracións públicas que existen no noso país, nomeadamente cos concellos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 29/01/2026 17:08:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/01/2026 17:08:56

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2026 17:09:01

Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2026 17:09:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 17:10:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:10:35
Nº Rexistro: 48588
Data envío: 29/01/2026 17:10:35.140

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as obras realizadas na EEI Crespo Rivas e o non funcionamento da calefacción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 27 de xaneiro a ANPA da EEI Crespo Rivas denunciou publicamente que o centro seguía sen calefacción despois de que pasasen 95 días desde a inauguración das obras de ampliación da escola.

Nesa altura permitiuse por parte da Xunta a posta en funcionamento dunha nova zona-ampliación do centro con 200 nenas e nenos e o profesorado correspondente “sen contar coas garantías legais necesarias” e sen que estivese asinado o certificado de fin de obra.

A pesar da apertura e funcionamento do centro, ao longo de tres meses, o departamento de Industria da Xunta aínda non fixo o informe favorábel por deficiencias graves na instalacións, que son responsabilidade da empresa construtora.

Ao longo deste tempo a Xunta non deu información directa e previa sobre a situación, e tampouco respondeu aos escritos presentados pola ANPA. Só actuou e deu información como resposta ás denuncias públicas que fixo tanto a comunidade escolar como a CIG Ensino.

Con todo isto, ao longo destes de inverno habilitouse unha solución provisional con calefactores eléctricos que ademais de non quentar axeitadamente o edificio (dábanse clases a 14 graos de temperatura) deu lugar a reiterados cortes do subministro.

Asinado o día 29/01/2026 ás
17:50
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 29/01/2026 ás
17:49
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Esta situación pon de relevo a falta de planificación, de previsión, de información e de control das obras por parte da Consellaría de Educación, o que debe dar lugar ás conseguíntes responsabilidades e explicacións públicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Presentar un informe sobre as incidencias que tiveron lugar nas obras e na posta en funcionamento da ampliación da EEI Crespo Rivas (Pontevedra).
2. Actuar con transparencia neste tipo de situacións e dar resposta aos escritos presentados pola comunidade educativa.
3. Pedir desculpas públicas á comunidade escolar da EEI Crespo Rivas polos fallos e erros que levaron a que alumnado e profesorado tivesen que desenvolver as clases nunha situación que incumpre a normativa vixente.
4. Tomar as decisións necesarias para que este tipo de feitos non se volvan repetir no futuro.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 29/01/2026 17:49:28

Cristina Fernández Davila na data 29/01/2026 17:50:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:51:26
Nº Rexistro: 48601
Data envío: 29/01/2026 17:51:26.968

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 17:51:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:51:26
Nº Rexistro: 48601
Data envío: 29/01/2026 17:51:26.968

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48977
Data envío: 02/02/2026 16:12:21.239

Asinado o día 02/02/2026 ás 16:08
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno da conselleira de Economía e Industria**, para dar conta da actuación da Xunta de Galiza diante da situación na que se atopa a explotación mineira do Monte Neme que vén de provocar unha avalancha de auga e lodos trala ruptura dunha balsa afectando a montes e regatos do lugar de Aviño (Malpica), e o corte da estrada que vai dende este lugar ata Razo (Carballo).

Asinado o día 02/02/2026 ás 16:08
Por Daniel Castro García

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026

Asinado o día 02/02/2026 ás 16:08
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/02/2026 16:08:12
Daniel Castro García na data 02/02/2026 16:08:18
Luis Bará Torres na data 02/02/2026 16:08:25
Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2026 16:08:31
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/02/2026 16:08:38
Paulo Ríos Santomé na data 02/02/2026 16:08:45
Rosana Pérez Fernández na data 02/02/2026 16:08:54
Ariadna Fernández González na data 02/02/2026 16:09:01
Iria Carreira Pazos na data 02/02/2026 16:09:11
José Manuel Golpe Acuña na data 02/02/2026 16:09:21
Secundino Fernández Fernández na data 02/02/2026 16:09:27
Carmela González Iglesias na data 02/02/2026 16:09:38
Sonia Vidal Lamas na data 02/02/2026 16:09:44
Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/02/2026 16:09:50
Saleta Chao Rivas na data 02/02/2026 16:09:58
Óscar Insua Lema na data 02/02/2026 16:10:06
María Montserrat Prado Cores na data 02/02/2026 16:10:13
Ramón Fernández Alfonso na data 02/02/2026 16:10:23
Alexandra Fernández Gómez na data 02/02/2026 16:10:35
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/02/2026 16:10:42
Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2026 16:10:51
Cristina Fernández Davila na data 02/02/2026 16:10:58
Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2026 16:11:04
Iago Suárez Fernández na data 02/02/2026 16:11:10
Iria Taibo Corsanego na data 02/02/2026 16:11:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48977
Data envío: 02/02/2026 16:12:21.239

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 16:12:22

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, para informar **sobre asuntos relacionados coa súa consellería.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
30/01/2026 10:23:13

169680



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:23:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:23:22
Nº Rexistro: 48625
Data envío: 30/01/2026 10:23:22.477

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do Conselleiro de Sanidade, para dar conta das **medidas de reforzo para a atención primaria**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 14:35:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48912
Data envío: 02/02/2026 14:35:35.359

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:52:55
Nº Rexistro: 47609
Data envío: 23/01/2026 09:52:55,583

Asinado o día 23/01/2026 ás 09:49
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á Estratexia Galega de Almacenamento de Enerxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Calquera sistema enerxético debe orientarse a non ter dependencia externa e a garantir en todo momento as necesidades do consumo interno, ademais de facelo a un prezo competitivo. Segundo os desfasados datos do INEGA, a dependencia enerxética do exterior de Galiza no ano 2023 foi do 59,8%, diminuindo respecto ao 66,4% de 2022, e preto do obxectivo do 50% máximo para 2030 do PNIEC, mentres que a Axenda Enerxética de Galiza 2030 fixa un obxectivo cualitativo de diminución, sen máis concreción.

No contexto da transición enerxética, da descarbonización e electrificación da demanda, é obrigada unha análise dos datos da xeración eléctrica renovábel e da demanda en Galiza, que, segundo os datos máis actualizados de REE, posibilita distintas conclusións, entre elas a evidencia de que a produción supera á demanda, xa dende 2020, unha demanda que é estábel, cunha xeración renovábel irregular -a eólica é intermitente, a fotovoltaica, con pouco presenza, non cubre todas as horas do día, e a hidroeléctrica convencional depende do ciclo anual da auga-. Porén, dita análise tamén demostra que no sistema galego é fulcral o almacenamento enerxético de longa duración ou estacional, que permita gardar a electricidade durante períodos longos e cun tempo de descarga tamén amplo.

Asinado o día 23/01/2026 ás 09:49
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 23/01/2026 ás 09:49
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Das opcións actuais, a de maior desenvolvemento tecnolóxico e de fabricación é a do bombeo reversíbel, cun rendemento do 69%-88%, con tempos de descarga de até 36 horas, e potencias que poden chegar aos 3.000 MW. En 2024 a potencia de bombeo instalada no mundo era de 189.412 MW, dos que o 3% estaban en España, cunha aportación de Galiza duns 381 MW, con outros 125 MW en curso, segundo os datos de decembro de 2025 de REE, e con ausencia de proxectos con permiso de acceso e conexión na rede de transporte ou na de distribución, aínda que para o MITECO cando menos 1.746 MW estarían en distintas fases do trámite ambiental, sen contar os 1.900 MW incluídos nas axudas do IDAE e na listaxe de Proxectos de Interese Comunitario. Na súa totalidade, os bombeos en funcionamento e os proxectados son de titularidade privada, mentres que o Estado está para adxudicar un contrato de enxeñaría duns 7.500 MW de bombeo en 31 encoros de propiedade pública, todos fóra de Galiza.

Pois ben, para REE en 2025 Galiza ten 3.731 MW de potencia hidroeléctrica instalada, que, segundo o INEGA, serían o resultado das 45 grandes centrais (3.437 MW, dos que 432 MW xa son de bombeos) e 121 minicentrais (309 MW); atendendo ao Plan Hidrolóxico Galiza Costa 2021-2027 vixente, só o 12% da potencia das grandes e o 29% das pequenas son competencia de Augas de Galiza; todas elas teñen concesións públicas para o uso privativo dun recurso de dominio público como a auga -o único recurso natural que dispón de tal cualificación-, polo que, rematado o tempo da concesión deberan reverter para o público en perfectas condicións de uso. Na Galiza, con concesións hidroeléctricas de finais do século XIX e a maioría de mediados do XX, nunca houbo reversións, chegando o PP a rexeitar unha Iniciativa Lexislativa Popular da CIG que xa demandaba unha auditoría sobre todas as centrais.

Na adenda asinada en 2012 ao Pacto Ambiental entre a Xunta e Endesa Generación S.A. de 2005 centrado no complexo mineiro-eléctrico das Pontes, inclúe entre as actuacións a denominada “posibilidade de xestión hidráulica do lago para a regulación do río Eume e outros aproveitamentos enerxéticos”, en referencia aos estudos técnicos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que comprendían a instalación dun sistema de comporta cunha altura inferior aos cinco metros e o potencial aproveitamento hidroeléctrico mediante un sistema reversíbel de bombeo co lago como depósito inferior, actuación que, con distintos promotores, tamén privados, está a tramitar a Xunta.

Outras das tecnoloxías de almacenamento enerxético das chamadas de longa duración son as térmicas. Aínda que con menor desenvolvemento e con características máis modestas (60-70% en rendemento, até 24 horas de descarga, e potencias de 100-300 MW) que o bombeo reversíbel, estaríamos a falar dunha opción de oportunidade e de verdadeira circularidade, en relación ao peche e desmantelamento das centrais termoeléctricas de carbón, das que poderían aproveitarse moitos dos seus equipamentos, nomeadamente os relativos ao ciclo auga-vapor, substituíndo a combustión do carbón por determinados materiais aos que se eleva a súa temperatura mediante a electricidade xerada nas instalacións renovábeis e non demandada, polo que tamén favorecen a integración das mesmas, ademais de aportar flexibilidade e seguridade ao sistema.

Existen experiencias, na súa maioría de promotoras e grupos de expertos de Alemaña, no propio Estado e noutros no ámbito internacional, nos que unha central de carbón é utilizada para almacenamento térmico, conversión que se desenvolve en meses e que tamén permite aproveitar calor. A propietaria da central das Pontes, na actualidade nunha fase inicial de desmantelamento, ten proxectos en Italia, algún asociado a unha central de ciclo combinado, logo de desenvolver o seu Futur-e para Italia, “un plan cunha estrutura de economía circular para escoitar e dialogar con todas as partes interesadas, co obxectivo de involucrar á poboación, as institucións e as empresas locais ..., fomentando a participación directa de todos os grupos de interese a nivel local, nacional e internacional, ... para identificar conxuntamente, a través de convocatorias públicas e ideas, posíbeis solucións circulares e sostíbeis para transformar 23 plantas en novas oportunidades de desenvolvemento local, ... centrais eléctricas que representan un patrimonio industrial ao que aínda se pode engadir valor.”





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pola contra, lonxe das características do proceso en Italia, o peche da Central Térmica de carbón de Enel-Endesa nas Pontes foi solicitado en decembro de 2019, pasando logo polo proceso de impacto ambiental, primeiro nun intento errado por parte da propietaria de facer uso do procedemento simplificado, o mesmo que o resto de centrais en peche do Estado, que foi desestimado polo MITECO na súa Resolución de abril de 2021 obrigando ao sometemento dun procedemento ordinario, a única central de todo o Estado, que rematou coa publicación da Declaración de Impacto Ambiental do seu desmantelamento en marzo de 2022.

Foron varios os informes contrarios ao desmantelamento total e completo das instalacións durante a tramitación ambiental. A Xunta de Galiza, a traveso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, subliñou tanto no procedemento simplificado como no ordinario, de xeito reiterado, que, segundo os criterios e definicións sinalados na Lei do Patrimonio Cultural de Galiza e no Plan Estatal de Patrimonio Industrial, parte das estruturas do conxunto fabril poderían posuír as calidades e os valores propios do patrimonio industrial, polo que sería preciso un estudo concluínte en canto á caracterización do valor cultural dos inmobles, a xustificación da súa eventual consideración como bens integrantes do patrimonio cultural de Galiza, e, de ser o caso, a protección e as medidas correctoras para a súa salvagarda, cuestión que non tivo consideración algunha por parte do MITECO. Tamén o Concello das Pontes, coa base na reclamación da consideración no proceso de avaliación tamén de criterios ponderados técnicos, económicos e sociais, demandou a ampliación das alternativas (a promotora só enunciaba dúas, a de non facer nada e a do desmantelamento completo, aceptadas polos órganos substantivo e ambiental), demandou a inclusión de outras dúas novas alternativas, a da continuación da actividade mediante o uso de bio-combustíbeis, e a do desmantelamento parcial mantendo certas instalacións para outros posíbeis usos que facilitarían o desenvolvemento de novos proxectos industriais alternativos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Un ano antes da autorización do peche da Central das Pontes, en xullo de 2022, a CIG, na procura dunha maior seguridade no subministro eléctrico e, sobre de todo, dunha verdadeira transición xusta, esixía, ademais dunha revisión global das actuacións (hidráulicas, estradas, pistas, ...) desenvolvidas polo complexo mineiro-eléctrico e da situación do lago e da escombeira, o mantemento en situación de operatividade de dous dos catro grupos por cautela ante as incertezas no sector eléctrico, as mesmas que na actualidade motivan a decisión do Estado de manter en hibernación as centrais de carbón de Soto de Ribera (Asturias) e Es Murterar (Mallorca) en 2026, en contra da planificación de peche en 2025 de todas.

É obrigado subliñar, aínda que de seguro é coñecido pola Xunta, que a Estratexia de Almacenamento Enerxético estatal dedica parte das súas medidas á súa relación coa coñecida e non aplicada, cando menos en Galiza, Estratexia de Transición Xusta. Fálase da realización de proxectos de almacenamento nas zonas de transición xusta, aproveitando os recursos endóxeos, coa participación da fundación pública CIUDEN, en Cubillos do Sil, que poderá impulsar iniciativas de I+D+i en almacenamento enerxético favorecendo a reconversión de instalacións enerxéticas en desuso antes vinculadas á xeración térmica con carbón ou promovendo proxectos de almacenamento nas zonas afectadas polos peches, co aproveitamento dos nodos ou outras infraestruturas do sistema eléctrico para intentar atraer importantes beneficios.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Cal é a folla de ruta coa que conta a Xunta de Galiza para desenrolar tecnoloxía propia no eido do almacenamento enerxético, contar cun centro de I+D na materia e aproveitar instalacións existentes para facer realidade este centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 23/01/2026 9:49:19

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/01/2026 9:49:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/01/2026 9:49:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:52:55
Nº Rexistro: 47609
Data envío: 23/01/2026 09:52:55.583

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 9:52:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:52:55
Nº Rexistro: 47609
Data envío: 23/01/2026 09:52:55.583

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a demanda de actuacións na Ría do Burgo para a recuperación da actividade marisqueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de decembro, retomouse a actividade marisqueira na Ría do Burgo. O colectivo de mariscadores e mariscadoras lamenta que a cantidade de marisco dispoñíbel na actualidade non é suficiente para permitir a continuidade a longo prazo desta actividade profesional. O feito de que perigue a actividade produtiva resulta de extrema gravidade, tanto no que ten que ver cos aspectos laborais e sociais como polas consecuencias ambientais que isto ten.

A uns meses de que remate o período indicado na documentación da dragaxe da ría para que o marisco sementado baixo ese proxecto poida acadar o talle comercial, a situación xeral da ría, tanto no que ten que ver cos traballos derivados desta obra como en xeral, non é nin moito menos a desexábel para recuperar a súa capacidade produtiva.

O goberno galego é o único competente en materia de marisqueo, polo que debe asumir a súa responsabilidade para garantir o futuro das poucas persoas que manteñen a actividade na Ría do Burgo. Alén disto, é imprescindible que o goberno galego se implique en procurar a continuidade desta actividade a longo prazo, ademais de avanzar no proceso de recuperación ambiental da Ría.

A Xunta de Galiza debe facerse cargo de sementar marisco na Ría do Burgo novamente, como único xeito de garantir a continuidade da actividade marisqueira nesta

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:30
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:30
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

ría, que no seu día fora unha das principais de Galiza e na actualidade non deixa de perder traballadores e traballadoras por falta de marisco.

Outras rías galegas están a sufrir cambios da produción por diferentes motivos, polo que non é posíbel entender que as únicas causas da falta de marisco na Ría do Burgo estean relacionadas coas obras de rexeneración. Aínda que así fose, o goberno galego dispón dos medios técnicos necesarios para levar a cabo os estudos correspondentes que permitan analizar correctamente a situación actual e pór en marcha medidas axeitadas para potenciar a biodiversidade da Ría do Burgo e recuperar súa a produtividade, garantindo o futuro da actividade marisqueira nesta ría, sempre en diálogo e de xeito consensuado co sector.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a produtividade das rías galegas, e nomeadamente da Ría do Burgo?
- O goberno galego vai asumir a súa responsabilidade no ámbito marisqueiro no que se refire á situación da produtividade marisqueira na Ría do Burgo?
- O goberno galego ten previsto estudar a situación da produción de marisco da Ría do Burgo?
- O goberno galego vai levar a cabo algunha actuación para recuperar a produción de marisco da Ría do Burgo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 23/01/2026 13:30:46

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2026 13:30:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:32:13
Nº Rexistro: 47758
Data envío: 23/01/2026 13:32:13.146

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 13:32:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:32:13
Nº Rexistro: 47758
Data envío: 23/01/2026 13:32:13.146

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de inspeccionar e mellorar a Autovía AG-55 de Carballo á Coruña, en réxime de concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55), a primeira integramente galega, construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuíta, conformada por entidades políticas e sociais diversas.

A Xunta de Galicia é titular da autoestrada de peaxe A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, SA, en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro. O contrato de concesión réxese polos pregos que regulan a súa adxudicación, pola Lei 8/1972, 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión e polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e demais normas do dereito administrativo. Autoestradas de Galicia, A.G., C.X.G., S.A., é unha empresa fundada en marzo de 1.995, integrada no Grupo ITÍNERE, cuxo obxecto social é a construción, mantemento e explotación das autoestradas de peaxe A Coruña-



Carballo (AG-55) e Puxeiros -Val Miñor (AG-57), ambas as de titularidade da Xunta de Galicia.

Esta vía de 32 quilómetros conta con 51 curvas, tendo varios tramos de curvas moi perigosas dos que máis se queixan os usuarios. Esta autovía está repleta de rebacheos, con ducias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo e que acaban moitas das veces en accidentes de tráfico. Esta autoestrada precisa urxentemente a intervención da administración pública, que é titular da vía, porque é patente que a concesionaria non está a cumprir coas obrigas de mantemento da mesma, polo que é necesario que a Axencia Galega de Infraestruturas realice unha inspección global desta autovía para determinar as accións necesarias que resolvan e solucionen o mal estado que presenta o firme da mesma.

O Artigo 35 da lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, regula a Dirección e inspección da explotación das autoestradas galegas e establece que “A explotación do dominio público viario realizárase baixo a dirección ou inspección da administración titular da rede” e a Cláusula 81 do Decreto 215/1973, de 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión e que rexen segundo o Decreto 23/1995, do 20 de xaneiro, polo que se resolve o concurso para a concesión administrativa da construción, conservación e explotación das autoestradas A Coruña-Carballo e Puxeiros-Val Miñor. regula a “Comprobación do estado da autoestrada polo Ministerio de Obras Públicas” e establece que “Sen prexuízo da inspección técnica que o concesionario estableza para vixiar o estado da autoestrada, o Ministerio de Obras Públicas comprobará periodicamente devandito estado. O informe que emitan os seus técnicos servirá de base para que devandito Departamento esixa a reparación ou substitución dos elementos deteriorados ou desgastados, sinalando prazo e condicións dos materiais a empregar. Esta resolución non poderá alterar o trazado ou condicións especiais da autoestrada, limitándose a esixir a reposición das cousas ao seu primitivo ser e estado”.



Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Cal é a periodicidade de inspección por parte da Xunta das autovías concesionadas?
- Cantos informes se realizaron dende o ano 1995 na autovía AG-55?
- Cando realizou a Axencia Galega de Infraestruturas a última inspección da autovía?
- Cal foi o resultado desa inspección?
- A vista do estado actual que presenta a autovía, quen está a incumprir as súas funcións, a Axencia Galega de Infraestrutura na súa tarefa de supervisión e inspección da concesión ou a empresa concesionaria, nas súas obrigas de mantemento e conservación?
- Que medidas ten pensado realizar o goberno da Xunta ante o estado lamentable do firme desta autovía?
- Vai adoptar algunha medida de seguridade para os vehículos os días de choiva, tal e como está o firme da mesma?
- Cal foi o número de accidentes de tráfico nos últimos 5 anos? Leva a AXI conta destas estatísticas e das súas causas?
- Cantas penalidades se aplicaron conforme o prego de cláusulas administrativas do contrato por incumprimentos da concesionaria?
- Ten previsto rescatar a concesión a xunta de Galiza? En caso afirmativo, cando?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/01/2026 9:45:38

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 9:45:45

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2026 9:45:54

Iria Taibo Corsanego na data 26/01/2026 9:45:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:50:09
Nº Rexistro: 47878
Data envío: 26/01/2026 09:50:09.199

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 9:50:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:50:09
Nº Rexistro: 47878
Data envío: 26/01/2026 09:50:09.199

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:46:54
Nº Rexistro: 47988
Data envío: 26/01/2026 12:46:54.588

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e **Ramón Fernández Alfonso**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de rectificar a decisión política do goberno de financiar a banca privada para a instalación de caixeiros no territorio galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a pandemia da covid-19 Galiza asistiu a unha nova fase de reestruturación bancaria na que as entidades financeiras aproveitaron as circunstancias derivadas da pandemia como coartada para unha nova vaga de despedimentos, peches de oficinas, redución de caixeiros e empeoramento global das condicións dos servizos e, asemade, dos e das traballadores do sector, tal e como denunciaron no seu día organizacións sindicais, usuarios e usuarias e este Grupo Parlamentario.

Así as cousas, é necesario recordar que en xullo de 2019 a Xunta de Galiza anunciaba, após un Consello da Xunta, que procedería a licitar un servizo “que garantirá que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello, de modo que dispoñan dun caixeiro automático no seu municipio e poidan acceder tamén a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica”. Daquela aludía a un presunto informe da Consellaría de Facenda, que nunca foi remitido ao Parlamento galego, que viña a recoller, da mesma maneira que os informes ao respecto do Banco de España, que daquela 41 dos 313 municipios carecían dunha entidade financeira no seu territorio, singularmente nas comarcas de Ourense.

Con base a esta situación, que non era novidosa nin sobrevida, a Xunta de Galiza recollía unha inqueda social respecto da perda de servizos financeiros que por aquel entón continuaba de forma ininterrompida desde o estalido da crise financeira.

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:41
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:41
Por Noa Presas Bergantiños



Porén, xa avanzaba a peor das intencións: no lugar de exercer presión política sobre as entidades financeiras radicadas no país e sobre o goberno central para mudar a lexislación de servizos de pago, ou impulsar alternativas de control público do sector financeiro, a gran alternativa do goberno galego viña a ser que que o problema se parchease a costa do erario público.

Case dous anos despois daquel primeiro anuncio, a Xunta procedeu en xuño de 2021 a publicar no Diario Oficial de Galiza a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galiza e se convocan para as anualidades 2021 a 2025 (código de procedemento FA500A), con posterior corrección de erros no Diario Oficial do luns 5 de xullo de 2021 e con resolución a favor da entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A publicada no Diario Oficial de Galiza o venres, 3 de decembro de 2021.

Rematada a vixencia desta estratexia cómpre avaliar os seus resultados e comparar coa evolución xeral do sistema financeiro, avaliar se supuxo un “efecto chamada” para a redución de servizos, ver que utilidade ten para as novas prácticas lesivas das entidades, ver a súa utilidade en relación con outras medidas tomadas como a vinculación de oficinas de correos aos servizos bancarios, etc.

Por todo o exposto fórmase a seguinte Interpelación:

- Que valoración fai o goberno galego da exclusión financeira en Galiza?
- Cal é a situación derivada da finalización da vixencia da Orde do 18 de xuño de 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:46:54
Nº Rexistro: 47988
Data envío: 26/01/2026 12:46:54.588

-Realizou o goberno galego unha valoración ampla e plural dos seus resultados?

-E sobre a exclusión financeira, as consecuencias da evolución no ecosistema bancario e as medidas tomadas desde as institucións públicas desde a pandemia da covid-19 até a actualidade?

-Vaino facer a través do CES? E da Comisión de Competencia?

-Considera a Xunta de Galiza exitoso financiar con recursos públicos dos galegos e galegas entidades bancarias que continuaron pechando servizos e restrinxindo usos?

-Vai seguir adiante a Xunta coa política de subvencións ou vai rectificar?

-Que outras medidas valora, segundo informou publicamente a consellaría?

-Valorou esta cuestión coa Fegamp e os municipios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2026 12:41:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2026 12:41:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:46:54
Nº Rexistro: 47988
Data envío: 26/01/2026 12:46:54.588

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:46:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:46:54
Nº Rexistro: 47988
Data envío: 26/01/2026 12:46:54.588

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48035
Data envío: 26/01/2026 14:28:27.090

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días, a conselleira de Vivenda da Xunta de Galicia realizou diversos anuncios públicos nos que asegura que ao longo deste ano se licitarán as obras para a construción de arredor de 2.700 vivendas de promoción pública en Galicia, presentándoos como unha aposta decidida do Goberno galego para dar resposta á grave crise de acceso á vivenda que sofre a cidadanía.

Porén, estes anuncios prodúcense sen ofrecer información clara nin transparente sobre a procedencia real dos fondos cos que se pretende financiar estas actuacións, nin sobre a participación económica do Estado a través de programas estatais de vivenda ou fondos vinculados ao Plan Estatal de Vivenda ou a outros instrumentos de financiamento público.

O incremento da planta xudicial é certamente significativa, mais aínda insuficiente para atender as importantes carencias que padecen algúns partidos xudiciais de Galiza, nos que só o extraordinario compromiso das traballadoras evita o colapso. Unidades xudiciais como Viveiro, Vilagarcía, Carballo, Sarria ou Ribeira ... levan anos soportando unha elevada carga de traballo que provoca unha alta pendencia e demora na

Asinado o día 28/01/2026 ás 12:52
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

resolución dos procedementos co coherente deterioro do servizo público da xustiza e facendo bo o coñecido aforismo de que “unha xustiza lenta non é xusta”.

A realidade do exposto, consignados na estatística xudicial, provocou que nos últimos exercicios a Comisión Mixta Xunta de Galiza- Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza considerase prioritario a creación de xulgados nos indicados partidos xudiciais, parecer obviado na proposta contida no Real Decreto publicado estes días.

En todo caso a ampliación da planta xudicial debe implicar o coherente incremento do cadro de persoal nos corpos de auxilio, tramitación e xestión procesual, algo que non consta estea previsto nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2026 e que limitaría considerablemente os efectos positivos do incremento das prazas xudiciais.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Cal foi o contido do informe presentado pola Xunta de Galiza ante a proposta de Real Decreto para a creación de unidades xudiciais no ano 2026?

Considera prioritaria a creación de unidades xudiciais nalgún partido xudicial diferente aos das sete grandes cidades de Galiza ou cuxa competencia territorial exceda da do partido?

No seu caso, cal ou cales, e cando e como formalizou a proposta da creación de cada unha desas prazas?

Solicitou neste tramite de alegacións que a xurisdición das seccións de violencia sobre a muller dos Tribunais de Instancia de Ourense, Santiago de Compostela, Pontevedra ou Lugo non se estenda alén do partido xudicial respectivo?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cal é o incremento do cadro de persoal previsto para o ano 2026 nos corpos de auxilio, tramitación e xestión, e a a que órganos xurisdicionais atinxe?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/01/2026 12:52:53

Óscar Insua Lema na data 28/01/2026 12:53:04

Daniel Castro García na data 28/01/2026 12:53:21

María Montserrat Prado Cores na data 28/01/2026 12:53:33

Montserrat Valcárcel Armesto na data 28/01/2026 12:53:40

Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2026 12:53:48

Rosana Pérez Fernández na data 28/01/2026 12:54:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:59:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:59:02
Nº Rexistro: 48312
Data envío: 28/01/2026 12:59:02.820

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a permanencia da desigualdade socioeconómica das mulleres en Galiza e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Exposición de motivos

Fronte ao relato imperante de “igualdade conseguida”, a realidade é que o día a día das mulleres, tamén en Galiza, está marcado por unha enorme desigualdade en moitos ámbitos, entre os que ás portas do 8 e do 10 de marzo cómpre remarcar o socioeconómico e laboral.

Así as cousas, da análise dos datos cualitativos e cuantitativos, constatamos a ineficacia das políticas públicas e as consecuencias da concatenación de crises que vimos nos últimos tres lustros, tanto en temos de condicións da clase traballadora como na crise dos servizos públicos, cuxas consecuencias recaen de forma intensa e maioritaria nas mulleres.

Esta situación non é allea tampouco ao contexto de rearmamento do machismo, tanto a escala global como máis próxima. Hai que ter en conta que o actual contexto non só lexitima a desigualdade económica e laboral, senón que favorece a súa normalización.

A análise dos datos que nos ofrecen os distintos organismos estatísticos fai evidente que ollando desde o período do 2009 ao presente ou tramos máis recentes, a situación laboral da muller galega segue a ser desfavorable en comparación á do home. En especial, no que atinxe aos principais sectores de ocupación, ás condicións de traballo e á

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:14
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:12
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

remuneración. Aínda que algúns dos indicadores observen unha lixeira mellora, a desigualdade persiste. Porén, existe un número de persoas desempregados e inactivas mulleres que homes. A taxa de actividade feminina, aínda que veu aumentando desde a crise financeira, segue por debaixo da masculina. Na taxa de ocupación ocorre o mesmo e a taxa de desemprego feminina segue a ser maior que a masculina. É preciso tamén recordar o diferencial negativo en contra da muller galega se facemos unha comparación co Estado e coa UE. Así, por exemplo, aínda que taxa de actividade feminina se incrementa, segue a ser inferior á masculina e continua a ser inferior que as taxas de actividade femininas estatal e europea e o mesmo acontece coa ocupación.

Outro aspecto a salientar é que se constata o protagonismo da muller nos peores indicadores de temporalidade e precariedade. As taxas de temporalidade femininas seguen a superar as masculinas e a temporalidade feminina é maior en Galiza que no Estado. Así mesmo, a taxa de ocupación a tempo parcial no último ano completo (2024) triplica a masculina. Neste sentido, cómpre ter en conta que no período máis crítico da crise de 2008 e da pandemia COVID deuse unha expulsión das mulleres do mundo do traballo asalariado como consecuencia da súa asunción dos coidados.

O incumprimento das promesas de melloras do goberno do Estado e as políticas da Xunta de Galiza están a contribuír a isto. A reforma laboral, publicitada para rematar coa precariedade, especialmente entre as mulleres, non fixo máis que agravar as fendas de xénero existentes antes da súa aprobación tal e como vén sinalando activamente o sindicalismo nacionalista. Ao mesmo tempo, máis alá da degradación dos servizos públicos que temos analizado noutras ocasións, o goberno do PP vén intensificando a súa estratexia de privatización e “externalización” de coidados a través dunha política de bonos cos que pretende levar aos fogares a responsabilidade de soste os dereitos que non se garanten no sistema público para o coidado de menores e maiores. Exemplo disto son os datos referentes a excedencias por coidados e o alto número de mulleres que non buscan emprego ou aumentar a súa xornada por estas responsabilidades. Asemade, a precarización dos traballos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feminizados dos que é directamente responsable a Xunta de Galiza faise evidente na situación de colapso dos servizos públicos que estamos a ver con intensidade nos últimos meses a través das folgas, denuncias e mobilizacións das residencias de maiores, do SAF e doutros servizos públicos esenciais.

O exemplo máis evidente da consolidación da precariedade e que mellor reflexa as consecuencias de que os traballos máis feminizados sexan os máis precarios son os datos salariais. Así, o salario medio anual das mulleres en Galiza segue por debaixo non só dos homes, senón tamén por debaixo da media estatal. A fenda salarial non deixou de medrar até 2022 en Galiza e aínda que baixa lixeiramente en termos porcentuais no 2023, en termos absolutos é a maior de todo o período acadando os 4.706 euros. Alén da fenda salarial, observamos unha concentración do maior número de mulleres asalariadas galegas nos tramos de salarios máis baixos.

Finalmente, cómpre ter en conta a interseccionalidade e como esta situación se agrava se temos en conta factores como a migración, a monoparentalidade ou a mocidade e é necesario sinalar, pola súa importancia, a enorme desigualdade que reflicten o ámbito das pensións e a consolidación da feminización da pobreza. A pensión media anual da muller galega foi un 24% menor que a do home, o que en termos absolutos supón 4.851 euros menos, cun diferencial tamén a respecto do estado.

Máis aínda, cómpre lembrar que as taxas de risco de pobreza femininas superan ás masculinas no global e en todos os tramos de idade e no seu último informe a Rede Galega contra a Pobreza volve insistir na persistente feminización da pobreza como un fenómeno estrutural, especialmente nos fogares monomarentais e debido á desigualdade de xénero e aos traballos de coidado, afectando gravemente a súa independencia económica e sufrindo a falta de perspectiva de xénero transversal das políticas públicas.

Ante esta situación é necesario que o goberno galego intensifique as súas actuacións.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como avalía o goberno galego a falta de eficacia e cumprimento das súas políticas públicas á hora de corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres galegas?

Considera o goberno galego que está a ser útil para as mulleres galegas a falta de medidas incorporadas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes?

Está a supoñer un salto cualitativo e cuantitativo respecto da incorporación e funcionamento das cláusulas de igualdade?

Está a avanzar o goberno galego na persecución das discriminacións retributivas?

Considera que a fenda salarial se reduce lixeiramente pola súa acción política ou por outras circunstancias?

Considera que está a contribuír ao reparto e corresponsabilidade nos coidados? Como explica entón que tantas mulleres renunciem á súa vida persoal e laboral para asumir estas tarefas?

Como avalía a evolución da precariedade feminina?

Que fai o goberno galego para asegurar o desenvolvemento legal e cumprimento do marco do que nos temos dotado?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2026 13:12:48

Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2026 13:14:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:17:49
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 28/01/2026 13:17:49.146

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:17:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:17:49
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 28/01/2026 13:17:49.146

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á evolución da capacidade económica dos fogares galegos e a súa repercusión na economía.

Exposición de motivos

Recentemente coñeciamos os resultados da enquisa periódica do Instituto Galego de Estatística respecto da Enquisa conxuntural a fogares, que permiten ver como aínda unha parte importante dos galegos e galegas chegan con dificultade a fin de mes. Esta situación, máis aínda á luz da crise de prezos que repunta singularmente en ámbitos esenciais como a alimentación, debe ser observada e atendida polo goberno da Xunta de Galiza pola súa repercusión no conxunto da economía. De feito, a propia Memoria socioeconómica do Consello Económico e Social de Galiza para o ano 2024, o último ano completo analizado, sinala nas súas consideracións que “A elevada inflación está a prexudicar en maior medida ás persoas con menores recursos, ao seren as rúbricas máis afectadas as da vivenda e os alimentos. Cómpre, con urxencia, implementar as medidas oportunas para mitigar os efectos derivados desta situación.”

Así as cousas, cos datos correspondentes ao cuarto trimestre de 2025, o 56,96 % dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 37,00 % con dificultade e o 6,04 % restante con moita dificultade. Con respecto ao trimestre anterior, aumentan 1,14 puntos os fogares que chegan con facilidade ou moita facilidade a fin de mes e 0,43 puntos os que chegan con moita dificultade, mentres que diminuíu a proporción dos que chegan con dificultade (1,56).

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:14
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:12
Por Noa Presas Bergantiños



Esta enquisa incorpora unha parte na que se avalían as medidas tomadas polos fogares. Así, vemos como, no cuarto trimestre de 2025, o 21,13 % dos fogares galegos cambiou os seus hábitos de compra mercando marcas brancas, produtos en oferta etc, o que fai ver o impacto da alza dos produtos alimenticios. Esta foi a medida económica máis habitual empregada polos fogares para reducir os gastos, aumentar os ingresos ou afrontar pagos neste período. Ademais, o 11,49 % dos fogares galegos diminuíu outros gastos comúns (como roupa e calzado, transporte, gas, electricidade etc.), agás alimentación, que evidentemente, ten un carácter de gasto esencial.

Aínda que non son os peores datos da serie histórica recente, hai que ter en conta que ámbitos como a suba da alimentación teñen un impacto acumulado. Así, este factor en concreto non deixou de subir. Se botamos unha ollada á última década vemos como a cesta da compra sufriu un encarecemento incesante nos últimos once anos, cunha suba acumulada do 47% desde 2014. No último ano, o grupo de alimentos e bebidas non alcohólicas medrou un 3,2%.

Así mesmo, a vulnerabilidade económica da maioría social galega vese agravada pola fenda entre o custo da vida e os ingresos. A renda media por persoa en Galiza sitúase en 14.558 €, o que supón 249 € menos que a media estatal. Aínda que as rendas nominais medraron, o aumento dos prezos erosionou o poder adquisitivo real, ao que se suma o impacto das baixas pensións no noso país.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego a evolución da capacidade económica dos fogares galegos e a súa repercusión na economía?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como valora o goberno galego a evolución da capacidade económica dos fogares galegos e a súa repercusión na economía?

Considera cronificado que máis dun terzo do noso país non sexa quen de chegar facilmente a fin de mes?

Que medidas estruturais valora aplicar?

E conxunturais?

Considera o goberno galego que esta situación favorece unha economía robusta?

Valora o goberno rectificar a súa posición refractaria a elevar a achega galega ás pensións non contributivas?

E incrementar as contías das súas axudas propias?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2026 13:12:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/01/2026 13:14:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48329
Data envío: 28/01/2026 13:20:54.637

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:20:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48329
Data envío: 28/01/2026 13:20:54.637

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a falta de prazas nas escolas infantís públicas da comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O baremo extraordinario de decembro para as escolas infantís que forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2025-2026 deixa cifras preocupantes para a comarca da Coruña. Case 500 nenos e nenas fican fóra das escolas infantís públicas desta comarca (cidade da Coruña, Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada), dos cales 300 no rango de idade de 0 a 1 ano.

No caso deste grupo de idade, os prazos extraordinarios que se abren ao longo do ano permiten que as crianzas nadas despois do primeiro prazo de matrícula, que adoita ser entre marzo e abril, poidan incorporarse ás escolas infantís, mais nos últimos tempos constátase que o sistema implantado polo goberno galego non funciona, por varios motivos.

En primeiro lugar, o máis importante é a falta de prazas públicas. O sistema de gratuidade implantado pola Xunta de Galiza para as escolas infantís privadas, polo cal o goberno galego aboa o custo das prazas nestas escolas, implica unha privatización encuberta deste servizo. As escolas privadas non teñen o mesmo sistema de matriculación nin o mesmo custo que as escolas públicas. Na actualidade, máis dun terzo das prazas dispoñíbeis corresponden á rede privada de escolas, mais as cifras de solicitude de praza que se dan nos últimos meses mostran claramente que o sistema de gratuidade das prazas privadas non só é inxusto e contribúe á privatización encuberta do servizo, senón que non é suficiente para cubrir as necesidades das familias.

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:42
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:42
Por Iria Taibo Corsanego



As cifras do baremo extraordinario de decembro nas escolas públicas, sumadas á falta de prazas tamén nas escolas privadas, dan conta dun grave problema de conciliación para moitas familias. O feito de que na comarca da Coruña haxa 500 nenos e nenas que fican sen praza nas escolas infantís obriga a unha reflexión seria e urxente sobre este servizo e as consecuencias que a súa insuficiencia ten para a conciliación.

En 2024, o goberno galego rexeitou financiamento europeo que permitiría crear novas prazas de educación infantil, e xustificou esta decisión por tratarse duns fondos finalistas que non permitían o seu uso para o modelo actual da Xunta de Galiza.

A meirande parte dos concellos da comarca da Coruña están a medrar en poboación, polo que é imprescindíbel que o goberno galego, como responsábel das escolas infantís, planifique o seu funcionamento de acordo coa evolución demográfica. Esta adaptación debe facerse de xeito urxente, xa que non é a primeira vez que observamos e denunciemos a escaseza de prazas en educación infantil, nomeadamente de 0 a 1 anos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o goberno galego o problema da escaseza de prazas nas escolas infantís que se deduce do baremo extraordinario de decembro?
- Cales son as medidas previstas polo goberno galego para atender a demanda de prazas públicas nas escolas infantís da comarca da Coruña?
- O goberno galego ten previsto aumentar o número de prazas públicas nas escolas infantís da comarca da Coruña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 28/01/2026 13:42:46

Ariadna Fernández González na data 28/01/2026 13:42:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:44:37
Nº Rexistro: 48332
Data envío: 28/01/2026 13:44:37,602

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:44:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:44:37
Nº Rexistro: 48332
Data envío: 28/01/2026 13:44:37,602

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas nas Telleiras no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento, o que evidencia un grave desleixo de funcións ao permitir que unha situación anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían garantir seguridade, protección e estabilidade.

O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmovible, senón como o acceso a unha vivenda digna, adecuada, segura e saudable. A persistencia durante máis dunha década

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:57
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:57
Por Aitor Bouza Manso



de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Cómpre engadir, ademais, que a Xunta de Galicia forma parte da comunidade de propietarios e propietarias dos inmobles afectados, na que é titular de, ao menos, 30 vivendas, polo que participa ou debería participar nos órganos de decisión da mesma e está suxeita aos acordos adoptados legalmente pola comunidade en materia de conservación, mantemento e reparación das zonas comúns. O feito de que estes acordos non se executasen agrava aínda máis a responsabilidade da Administración autonómica.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Por que razóns a Xunta de Galicia non cumpriu ata o momento os acordos adoptados pola comunidade de propietarios do inmovible situado nas Telleiras no concello de Narón, da que é titular de, ao menos, 30 vivendas?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 28/01/2026 13:57:08

Carlos López Font na data 28/01/2026 13:57:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 28/01/2026 14:06:17.203

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 14:06:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 28/01/2026 14:06:17.203

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas nas Telleiras no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento, o que evidencia un grave desleixo de funcións ao permitir que unha situación anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían garantir seguridade, protección e estabilidade.

O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmovible, senón como o acceso a unha vivenda digna, adecuada, segura e saudable. A persistencia durante máis dunha década

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:57
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:57
Por Aitor Bouza Manso



de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Cómpre engadir, ademais, que a Xunta de Galicia forma parte da comunidade de propietarios e propietarias dos inmobles afectados, na que é titular de, ao menos, 30 vivendas, polo que participa ou debería participar nos órganos de decisión da mesma e está suxeita aos acordos adoptados legalmente pola comunidade en materia de conservación, mantemento e reparación das zonas comúns. O feito de que estes acordos non se executasen agrava aínda máis a responsabilidade da Administración autonómica.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cumpre a Xunta de Galicia de maneira periódica e puntual co pagamento das cotas ordinarias e extraordinarias da comunidade de propietarios do inmovible situado no concello de Narón?
2. Que consecuencias económicas ou xurídicas tivo para a comunidade de propietarios e para as persoas residentes o eventual incumprimento das obrigas económicas por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 28/01/2026 13:57:21

Carlos López Font na data 28/01/2026 13:57:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48344
Data envío: 28/01/2026 14:07:31.859

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 14:07:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48344
Data envío: 28/01/2026 14:07:31.859

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas nas Telleiras no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento, o que evidencia un grave desleixo de funcións ao permitir que unha situación anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían garantir seguridade, protección e estabilidade.

O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmovible, senón como o acceso a unha vivenda digna, adecuada, segura e saudable. A persistencia durante máis dunha década

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:57
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:57
Por Aitor Bouza Manso



de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Cómpre engadir, ademais, que a Xunta de Galicia forma parte da comunidade de propietarios e propietarias dos inmobles afectados, na que é titular de, ao menos, 30 vivendas, polo que participa ou debería participar nos órganos de decisión da mesma e está suxeita aos acordos adoptados legalmente pola comunidade en materia de conservación, mantemento e reparación das zonas comúns. O feito de que estes acordos non se executasen agrava aínda máis a responsabilidade da Administración autonómica.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Existe na actualidade algunha débeda pendente da Xunta de Galicia coa comunidade de propietarios derivada do impago total ou parcial de cotas comunitarias? En caso afirmativo, cal é o importe exacto e a que períodos corresponde?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia regularizar, de ser o caso, os pagamentos pendentes e cumprir de maneira inmediata cos acordos adoptados pola comunidade de propietarios? Que prazos concretos manexa para facelo?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 28/01/2026 13:57:35

Carlos López Font na data 28/01/2026 13:57:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48348
Data envío: 28/01/2026 14:08:45.137

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 14:08:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48348
Data envío: 28/01/2026 14:08:45.137

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao paso da gripe aviar ás vacas na UE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As novas constantes sobre casos de gripe aviar (H5N1) en aves silvestres no noso país e os máis de 15 gromos detectados no estado en aves de curral no intervalo 2025-2026, deixan un escenario preocupante en Galiza e no seu sector gandeiro. Tanto as granxas dedicadas á avicultura intensiva coma a extensiva, ao igual que as explotacións de autoconsumo, levan meses baixo a presión desta enfermidade vírica cuxo contaxio implica o sacrificio de explotacións enteiras a través de baleiros sanitarios co que iso significa para os titulares destas explotacións. Desta maneira, unha bioseguridade exhaustiva e unha prevención efectiva son o máximo garante de evitar a transmisión e a chegada do virus á nosa cabana gandeira, que sería devastadora para o sector.

Máis, aos casos recentemente detectados en Galiza, que deixan 2 aves silvestres positivas (unha pomba e unha gaivota, en Baltar e Pontevedra respectivamente) hai que sumarlle unha nova variable que pode traer consecuencias graves na nosa gandería. Trátase da información que nos chega dende os Países Baixos, onde veñen de detectarse anticorpos contra o virus H5N1 nunha vaca leiteira na rexión de Frisia, que presentou un cadro clínico compatible coa enfermidade no mes de decembro e superou a enfermidade. O virus ven de atravesar, polo tanto, o Atlántico e a barreira interespecie, o que amosa a súa grande capacidade de adaptación e nos pon en alerta dadas as características do noso sector.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

As interlocucións co mercado da UE e en concreto con esta rexión, onde ten orixe grande parte do transporte de animais vivos cara o noso país, poñen de manifesto a necesidade de aplicar ao máximo as medidas de bioseguridade, non só no sector da avicultura, se non no resto do noso gando, nomeadamente o do vacún, con especial precaución no de leite, que ata o de agora foi o afectado no caso dos EEUU e UE.

Unha introdución desta enfermidade nas nosas granxas de produción láctea sería moi daniña, xa que levaría ao sacrificio dos animais e tamén a pechar aos nosos produtos lácteos os mercados, feitos ámbolos dous que serían desastrosos para o país. Malia que a pasteurización dos produtos derivados do leite é abonda para inactivar o virus e que non sexa un risco para a poboación, non podemos esquecer a gran cantidade de gandeiros e gandeiras, veterinarios e resto de persoal que traballa nas explotacións pode estar en risco polo contacto con animais e leite cru infectados, considerándose un factor de perigo para as persoas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que medidas propias está a tomar a Xunta de Galiza para protexer o noso sector gandeiro na súa totalidade da chegada da gripe aviar ás nosas explotacións e ás persoas que traballan nel?
2. Que información e por que medios se lles trasladou aos propietarios e a poboación en xeral sobre as medidas de bioseguridade recomendadas ou obrigatorias nestes momentos respecto da gripe aviaria?
3. Hai algún tipo de control da Xunta de Galiza sobre as importacións e exportacións con analíticas específicas extra nos casos do transporte de animais vivos ou de ovos dende o noso país cara os veciños e viceversa?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4. Temos estudos sobre os efectos económicos derivados da situación sanitaria coa posible chegada da gripe aviar ás nosas explotacións avícolas e de vacún no caso de chegar a ese caso?

5. Que medidas de protección se están a desenvolver para a vixilancia e prevención da chegada da gripe aviar ás nosas explotacións de vacún?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 28/01/2026 16:29:35

Sonia Vidal Lamas na data 28/01/2026 16:29:43

Secundino Fernández Fernández na data 28/01/2026 16:29:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:32:09
Nº Rexistro: 48354
Data envío: 28/01/2026 16:32:09.157

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 16:32:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 16:32:09
Nº Rexistro: 48354
Data envío: 28/01/2026 16:32:09.157

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O Concello de O Porriño, en relación ós datos oficiais do padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2025, conta cunha poboación de 20.935 habitantes.

Estamos ante un concello que se sitúa como o terceiro municipio por volume demográfico e que ademais conta coa maior porcentaxe de poboación menor de 25 anos de toda a mancomunidade, sendo por tanto, o da estrutura demográfica máis nova.

Co fin de visualizar a súa evolución, citaremos coma exemplo o ano 2001 onde contaba cunha poboación de 15.960 habitantes, o ano 2011 no que dita poboación aumentou a 18.033 habitantes; e o ano 2024 con 20.711 habitantes. O feito de ter un carácter principalmente industrial, sendo unha área loxística relevante e tendo en conta a súa excelente localización xeográfica poden levar a este municipio a incrementar a súa demografía.

Por isto, parece lóxico que a demanda de atención sanitaria sexa crecente e proporcional ao incremento de veciños e veciñas, así como vinculada a súa pirámide poboacional.

Pero non serve de nada a relativamente recente ampliación do mesmo en 1.100 metros cadrados ata alcanzar os 2.700, nin o PAC renovado que desde logo non rexeitamos, se a Xunta de Galicia non é capaz de cubrir as prazas vacantes.

Asinado o día 29/01/2026 ás
11:13
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 29/01/2026 ás
11:13
Por Silvia Longueira Castro





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:17:11
Nº Rexistro: 48495
Data envío: 29/01/2026 11:17:11.663

Finalmente, na presente semana na quenda da tarde no centro de saúde, deberían estar seis médicos e non había ninguén. Non fai falta comentar cales son as consecuencias.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que previsións ten a Xunta de Galicia para dar cobertura ás prazas vacantes do centro de saúde do Concello de O Porriño?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-qYIF08wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

169796

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 29/01/2026 11:13:33

Elena Espinosa Mangana na data 29/01/2026 11:13:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:17:11
Nº Rexistro: 48495
Data envío: 29/01/2026 11:17:11.663

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 11:17:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 11:17:11
Nº Rexistro: 48495
Data envío: 29/01/2026 11:17:11.663

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os expedientes de regulación de emprego anunciados na automoción galega e o seu impacto sobre o sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai demasiados anos o sector da automoción galega está a sufrir as consecuencias da flexibilización dos expedientes de emprego como ERTes e EREs, causando un enorme impacto sobre o emprego, como é lóxico, máis tamén sobre a calidade do mesmo.

E nesta nefasta aplicación de expedientes de regulación non se pode pasar por alto a responsabilidade do Goberno central, tanto por non reverter esta flexibilización nin exercer as súas competencias á hora de requirir novamente autorización administrativa previa para a súa aplicación.

Mais non é menos certo que o Goberno galego ten tamén abandonada, tanto por omisión como por ideoloxía, ás traballadoras e traballadores do conxunto de sectores produtivos afectados por expedientes de regulación de emprego.

O Goberno galego leva moito tempo sen atender as demandas de reunión dos diferentes comités de empresas afectadas por ERE, ERTE ou ameazas dos mesmos.

O actual Plan Director da Automoción non está a supoñer unha mellora para o emprego nin en termos de calidade nin de estabilidade, alén de que tampouco se está a conseguir dar estabilidade ao que é o conxunto da cadea de produción.

Non se pode negar que a existencia dun único gran fabricante no sector crea

Asinado o día 29/01/2026 ás
13:01
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 29/01/2026 ás
13:01
Por Brais Ruanova Vilas-Boas



unha dinámica de dependencia que hoxe en día está a supoñer máis unha traba cara as empresas auxiliares que unha oportunidade.

Os últimos meses véñense de coñecer expedientes de regulación de emprego en diversas empresas como Akwel, o propio centro tecnolóxico CTAG e as últimas novas falan dun ERE de 75 persoas traballadoras á empresa GKN, un dos xigantes das auxiliares da automoción.

Estes tres exemplos de empresas, a pesar de pretender despedir a centos de persoas, levan recibindo sendas subvencións públicas por parte da Consellería de Economía e Industria.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Por que o Goberno permite que as axudas públicas paguen os despedidos das empresas que efectúan despedimentos colectivos?
- Como pensa o Goberno galego impedir que se sigan efectuando despedimentos colectivos no sector da automoción?
- Pensa o Goberno galego demandar do goberno central que os expedientes de regulación de emprego precisen autorización administrativa previa?
- Como pensa o Goberno galego blindar as axudas e subvencións públicas para que estas non poidan ser recibidas (ou sexan devoltas) para empresas que deslocalicen ou apliquen despedimentos colectivos?
- Como valora o Goberno galego o fracaso do seu Plan Director da Automoción?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 29/01/2026 13:01:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/01/2026 13:01:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:06
Nº Rexistro: 48522
Data envío: 29/01/2026 13:05:06.397

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 13:05:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:05:06
Nº Rexistro: 48522
Data envío: 29/01/2026 13:05:06.397

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás previsións da Xunta de Galiza para dar a coñecer o novo Plan de loita contra a trata que dea continuidade ao Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 e cumprimento aos acordos parlamentarios na materia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, numerosos documentos internacionais, como a *Declaration on the Elimination of Violence against Women of 1993* sinalan a trata e a explotación da prostitución forzosa de mulleres como forma de violencia contra as mulleres.

No ámbito do Estado español está pendente desde hai anos a aprobación dunha normativa específica estatal ao respecto con rango de lei, mais Galiza foi xa pioneira ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero no seu marco lexislativo. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola *Lei 12/2016, do 22 de xullo*, no seu artigo 3 letra f).

O desenvolvemento deste marco legal permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención e complétase desde o ano 2022 cun Plan Galego integral impulsado polo goberno galego en colaboración co asociacionismo do sector.

Despois de que este Grupo Parlamentario pedira en varias ocasións a avaliación deste plan e o avance do seguinte, a Xunta comprometeuse a ambas cuestións mais de momento só se ten verificado, tardiamente, a publicación das conclusións e continúa

Asinado o día 29/01/2026 ás
13:42
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 29/01/2026 ás
13:42
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pendente, malia estarmos xa no ano 2026, a publicación do novo Plan así como o compromiso acordado na Cámara galega de impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico de axuda ás mulleres prostituídas onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha axuda periódica para unha atención integral e inserción sociolaboral á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son os motivos para incumprir a Xunta de Galiza a folia de ruta de aprobación do novo plan galego contra a trata?

Que responsabilidades políticas vai asumir por tal dilación?

Cal é o cronograma previsto?

E o orzamento?

Vai ampliar o foco para alén das mulleres e nenas en situación de trata e impulsar máis actuacións para as mulleres en situación de prostitución?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2026 13:42:45

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2026 13:42:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:44:26
Nº Rexistro: 48529
Data envío: 29/01/2026 13:44:26.123

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 13:44:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 13:44:26
Nº Rexistro: 48529
Data envío: 29/01/2026 13:44:26.123

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48537
Data envío: 29/01/2026 14:17:02.549

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O CHUAC da Coruña vai camiño de se converter nun núcleo de problemas cada vez máis difíciles de arranxar. Un dos principais que afecta tanto a doentes, persoal e empresas auxiliares é o retraso das obras que a día de hoxe, coñecemos non se terminarán até o 2031, sen que para entón estean rematados todos os procesos que o conforman.

Entre outros, un dos problemas que o afectan é o intrusismo profesional que está a acontecer desde o ano 2021 no que se crea a categoría de técnico superior en dietética que son os responsables de que as comidas das 1.500 camas cheguen aos seus destinatarios cumprindo os requisitos de alimentación que cada paciente require.

Exceptuando as quendas de almorzo e merenda, nas quendas de comida e cea existen dúas cintas para os menús. En cada unha das cintas debe existir un técnico superior de dietética que controle o pase das comidas de xeito que se adapten aos pacientes e mesmo controlen as alerxias e demais condicións alimentarias.

Mais resulta que desde que se creou a categoría, desde a xerencia do CHUAC non respectan estas directrices, sendo estes profesionais os verdadeiros responsables da xestión alimentaria, mesmo no caso de que se produza calquera erro. As funcións son feitas polos pinches e cociñeiros que, non teñen a formación específica e, por outro, lado vulneran a protección de datos dos pacientes toda vez que acceden a través dos programas informáticos ás

Asinado o día 29/01/2026 ás
14:16
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 29/01/2026 ás
14:16
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

169807

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48537
Data envío: 29/01/2026 14:17:02.549

historias clínicas dos ingresados, modifican as dietas e os pedidos, e non son persoal sanitario autorizado. Até catro pinches de cociña teñen acceso aos ordenadores correspondentes aos técnicos superiores de dietética.

Non só non cobren as prazas de técnico superior en dietética, cousa que si acontece noutros hospitais do Sergas, senón que tampouco cobren as libranzas dos que piden algún día de libre disposición. Ademais os puntos de control preventivo de seguridade alimentaria, como os APPCC (análise de perigos e puntos de control crítico) existentes en todos os hospitais, onde dan o visto bo ao proceso; no caso do CHUAC non se especifica quen o fai, sendo responsabilidade dos técnicos xa especificados.

Outra das anomalías que acontecen é que os carros das comidas de pacientes con alerxias non están radicados noutro habitáculo que por norma debe estar habilitado. Ao tempo que por veces, e debido ás obras do CHUAC, tivo que pasar o carro do lixo que botaba líquido polo chan, incumprindo a normativa hixiénico sanitaria. Este tipo de incidencia aparece por escrito no rexistro de incidencias, aínda que na unidade de dietética non hai libro de rexistro, creando en agosto de 2025 un arquivo na nube.

En resumo: un dietista para 1.400 menús e se estás nunha cinta da cociña non podemos controlar o que acontece na outra, co que o 75 por cento da dietas están sen supervisar por un dietista. O único autorizado para facela. A situación está denunciada diante da dirección de recursos humanos do Sergas. E acontece desde abril de 2021.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

169808

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48537
Data envío: 29/01/2026 14:17:02.549

Polo exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Cal é o motivo polo que a Xerencia do CHUAC non cubre as prazas necesarias da equipa de Técnicos Dietistas para regularizar o correcto funcionamento do servizo de comidas?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

169809

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 29/01/2026 14:16:35

Elena Espinosa Mangana na data 29/01/2026 14:16:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48537
Data envío: 29/01/2026 14:17:02.549

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 14:17:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48537
Data envío: 29/01/2026 14:17:02.549

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días fíxose público a través dos propios profesionais do Mar que a Xunta de Galicia tiña coñecemento desde o pasado 4 de decembro dun vertido de grandes dimensións fronte á EDAR de Cabo Prioriño, no litoral de Ferrol, sen que se adoptasen medidas inmediatas nin se informase á cidadanía nin ás administracións afectadas.

Este vertido, localizado nunha zona de alto valor ambiental e ecolóxico, supón un risco evidente para o medio mariño, os ecosistemas costeiros e a actividade pesqueira e marisqueira, ademais de xerar unha lóxica alarma social pola posible afección á saúde pública e á calidade das augas.

Resulta especialmente grave que, segundo a información coñecida, a Xunta de Galicia coñecese a existencia do vertido durante semanas sen activar protocolos de emerxencia ambiental, sen adoptar medidas correctoras inmediatas e sen garantir a transparencia e a información pública que esixe unha situación deste tipo.

A xestión dos vertidos e da depuración de augas residuais é unha competencia clave da Administración autonómica, que debe garantir o correcto funcionamento das infraestruturas, a prevención de episodios contaminantes e unha resposta rápida e eficaz cando estes se producen. A inacción, a falta de control e a opacidade por parte do Goberno galego non só poñen en risco o medio ambiente, senón que evidencian unha preocupante falta de responsabilidade institucional.



Cómpre lembrar que Galicia ten unha extensa costa e unha economía fortemente vinculada ao mar, polo que a protección do litoral e das augas mariñas debe ser unha prioridade absoluta, con actuacións preventivas, medios suficientes e unha xestión rigorosa e transparente.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Realizou o Goberno galego algún estudo, informe técnico ou avaliación ambiental en relación co vertido fronte á EDAR de Cabo Prioriño? En caso afirmativo, que organismos os elaboraron, en que datas e cales foron as principais conclusións?

Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 29/01/2026 15:47:16

Carlos López Font na data 29/01/2026 15:48:19

Paloma Castro Rey na data 29/01/2026 15:48:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48561
Data envío: 29/01/2026 16:15:11.646

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48561
Data envío: 29/01/2026 16:15:11.646

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 16:15:12

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días fíxose público a través dos propios profesionais do Mar que a Xunta de Galicia tiña coñecemento desde o pasado 4 de decembro dun vertido de grandes dimensións fronte á EDAR de Cabo Prioriño, no litoral de Ferrol, sen que se adoptasen medidas inmediatas nin se informase á cidadanía nin ás administracións afectadas.

Este vertido, localizado nunha zona de alto valor ambiental e ecolóxico, supón un risco evidente para o medio mariño, os ecosistemas costeiros e a actividade pesqueira e marisqueira, ademais de xerar unha lóxica alarma social pola posible afección á saúde pública e á calidade das augas.

Resulta especialmente grave que, segundo a información coñecida, a Xunta de Galicia coñecese a existencia do vertido durante semanas sen activar protocolos de emerxencia ambiental, sen adoptar medidas correctoras inmediatas e sen garantir a transparencia e a información pública que esixe unha situación deste tipo.

A xestión dos vertidos e da depuración de augas residuais é unha competencia clave da Administración autonómica, que debe garantir o correcto funcionamento das infraestruturas, a prevención de episodios contaminantes e unha resposta rápida e eficaz cando estes se producen. A inacción, a falta de control e a opacidade por parte do Goberno galego non só poñen en risco o medio ambiente, senón que evidencian unha preocupante falta de responsabilidade institucional.



Cómpre lembrar que Galicia ten unha extensa costa e unha economía fortemente vinculada ao mar, polo que a protección do litoral e das augas mariñas debe ser unha prioridade absoluta, con actuacións preventivas, medios suficientes e unha xestión rigorosa e transparente.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que as actuacións realizadas foron suficientes e adecuadas, tendo en conta o tempo transcorrido desde o primeiro coñecemento do vertido?
2. Prevé a Xunta de Galicia adoptar novas medidas adicionais para garantir a recuperación ambiental da zona afectada e evitar que se repitan episodios similares no futuro?

Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 29/01/2026 15:48:37

Carlos López Font na data 29/01/2026 15:48:49

Paloma Castro Rey na data 29/01/2026 15:49:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48570
Data envío: 29/01/2026 16:19:07,094

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 16:19:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48570
Data envío: 29/01/2026 16:19:07,094

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O CEIP Xunqueira 1 de Pontevedra vén sufrindo dende hai anos unha situación continuada de deterioro das súas instalacións, agravada de maneira especialmente grave nos últimos meses, sen que ata o momento as administracións competentes teñan dado unha resposta axeitada e eficaz.

Dende o pasado 14 de novembro de 2025, o centro educativo ten inutilizados o comedor escolar e o salón de actos como consecuencia de asolagamentos reiterados. A presenza constante de auga obriga a empregar bombas de achique no patio do colexio de maneira diaria, evidenciando un problema estrutural grave e persistente. Dende esa data, o servizo de comedor préstase de maneira provisional, nun espazo que carece de auga corrente e das instalacións necesarias, sen garantir as condicións mínimas de seguridade, hixiene e calidade que debe ter un servizo esencial para o alumnado.

Esta situación viuse aínda máis agravada o pasado 26 de xaneiro de 2026, cando colapsou o falso teito dunha instalación recentemente reformada como consecuencia das obras realizadas pola Xunta de Galicia para a instalación dun ascensor.

Este feito provocou a inundación da planta baixa do centro, deixando inhabilitada esa zona e impedindo o acceso do alumnado a espazos fundamentais como o ximnasio, ademais do comedor, o salón de actos e os patios exteriores, o que levou á suspensión das sesións de Educación Física.

Asinado o día 29/01/2026 ás
16:37
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 29/01/2026 ás
16:37
Por Julio Abalde Alonso



Cómpre salientar que a dirección do centro comunicou estas incidencias en repetidas ocasións aos organismos competentes, sen obter resposta nin solución efectiva ata o momento.

Sendo o CEIP Xunqueira 1 un centro educativo público da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde ao Concello de Pontevedra o mantemento ordinario das instalacións, e á Xunta de Galicia a execución das obras maiores necesarias. A falta de coordinación e actuación por parte de ambas administracións está a provocar unha situación de abandono institucional que afecta directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación pública de calidade en condicións dignas e seguras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que a situación actual do CEIP Xunqueira 1 garante o dereito do alumnado a unha educación pública de calidade, en condicións de seguridade e normalidade?
2. Ten coñecemento a Consellería de Educación da situación de asolagamentos continuados que sofre o CEIP Xunqueira 1 de Pontevedra dende o 14 de novembro de 2025, que mantén inutilizados o comedor escolar e o salón de actos?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia executar obras de carácter estrutural no centro educativo para poñer fin de maneira definitiva aos asolagamentos e aos desperfectos que se producen de forma reiterada?
4. Que valoración fai a Consellería de Educación do feito de que o comedor escolar este a funcionar de maneira provisional, sen auga corrente nin as



instalacións axeitadas para prestar o servizo en condicións adecuadas de hixiene e seguridade?

5. Que medidas se adoptaron tras o derrumbamento do falso teito o día 26 de xaneiro de 2026, nunha zona recentemente reformada como consecuencia das obras para a instalación dun ascensor no centro?

6. Considera a Xunta de Galicia que as obras realizadas recentemente no CEIP Xunqueira 1 cumprían con toas as garantías técnicas e de seguridade esixibles? Vaise abrir algún procedemento de revisión ou depuración de responsabilidades polo sucedido?

7. Que previsións manexa a Consellería para a reapertura do ximnasio, do comedor, do salón de actos e dos patios exteriores, actualmente inutilizados, e para o restablecemento das sesións de Educación Física?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 29/01/2026 16:37:15

Aitor Bouza Manso na data 29/01/2026 16:37:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:40:14
Nº Rexistro: 48583
Data envío: 29/01/2026 16:40:14.324

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 16:40:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 16:40:14
Nº Rexistro: 48583
Data envío: 29/01/2026 16:40:14.324

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48477
Data envío: 28/01/2026 19:37:02.968

Asinado o día 28/01/26
19:32
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de contar cun número de prazas xudiciais suficiente en Galicia que favoreza a redución da sobrecarga de traballo en xulgados e tribunais, garantindo unha Xustiza áxil e eficaz

O Goberno de España vén de anunciar a creación de 500 prazas xudiciais neste ano 2026 para reforzar os tribunais de instancia, as audiencias provinciais, os tribunais superiores de Xustiza, a Audiencia Nacional ou o Tribunal Supremo.

Segundo detallou o Ministerio de Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, desas 500 novas prazas, 363 serán para tribunais de instancia, 2 para o Tribunal Central de Instancia, 71 para as audiencias provinciais, 7 para os tribunais superiores de xustiza, 4 para a Audiencia Nacional e 3 para o Tribunal Supremo. As 50 prazas restantes serán de adscrición territorial, destinadas a un territorio, pero móbiles en función dos cambios nas cargas de traballo nos seus tribunais.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego do anuncio realizado polo Goberno central sobre a creación de 500 novas prazas xudiciais este ano?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

Asinado o día 28/01/2026 ás
19:31
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 28/01/2026 19:31:56

Julio García Comesaña na data 28/01/2026 19:32:17

Roberto Rodríguez Martínez na data 28/01/2026 19:32:24

Argimiro Marnotes Fernández na data 28/01/2026 19:32:41

Paula Mouzo Mas na data 28/01/2026 19:32:48

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 19:33:01

Carmen Pomar Tojo na data 28/01/2026 19:33:09

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/01/2026 19:33:30

Katherinie Varela Fernández na data 28/01/2026 19:33:38



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 19:37:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48477
Data envío: 28/01/2026 19:37:02.968

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48976
Data envío: 02/02/2026 15:55:04.314

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A xustificación da urxencia vén dada pola gravidade dos feitos acaecidos o pasado 31 de xaneiro de 2026 ao produciuse a ruptura dunha balsa mineira na antiga explotación de Monte Neme, o que provocou un aluvián de lodo e auga que arrasou todo ao seu paso, invadindo o terreo e a estrada próxima e ocasionando importantes danos ambientais.

Este feito reviste unha especial gravidade se se ten en conta que o núcleo de vivendas de Aviño atópase a apenas 50 metros da zona afectada polo colapso. Por pura sorte —e unicamente pola hora na que se produciu o incidente— non había persoas nin vehículos circulando pola estrada nese momento, evitando consecuencias persoais que poderían ter sido trágicas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que actuacións concretas de restauración mineira levou a cabo a Xunta de Galicia en relación coa mina de Monte Neme desde o anterior incidente ocorrido hai 12 anos, ata o 23 de maio de 2025?

Santiago de Compostela, a 2 de febreiro do 2026

Asinado o día 02/02/2026 ás
15:52
Por Lara Méndez López

Asinado o día 02/02/2026 ás
15:51
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

169828

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/02/2026 15:51:58

Lara Méndez López na data 02/02/2026 15:52:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48976
Data envío: 02/02/2026 15:55:04.314

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 15:55:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48976
Data envío: 02/02/2026 15:55:04.314

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á situación da explotación mineira do Monte Neme (Carballo).

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na situación na que se atopa a explotación mineira do Monte Neme en Carballo na que se vén de producir a ruptura dunha balsa que provocou unha avalancha de auga e lodos.

Exposición de motivos

O 10 de febreiro de 2014 a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no Monte Neme provocou unha avalancha de material que afectou ás localidades de Aviño en Malpica e Razo da Costa en Carballo.

A canteira, pertencente á empresa Leitosa, levaba tres anos abandonada e carecía das elementais medidas de seguridade. Non existía ningunha sinalización do perigo, e a balsa de lama presentaba desde hai tempo unha brecha e ameazaba con desbordar.

Esta situación foi xa denunciada polo Concello de Carballo en abril de 2013 e tamén por diversos colectivos e particulares. Ao abeiro destas denuncias a Dirección Xeral de Minas anunciou a elaboración dun Plan de Seguridade para dita explotación mineira.

Ademais, o Grupo Parlamentar do BNG ten denunciado en diversas ocasións o perigo ambiental que representan as minas e canteiras abandonadas e o feito de que non

Asinado o día 02/02/2026 ás
16:40
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se tivesen desenvolvido as medidas contempladas na Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, no que atinxe ao cumprimento das obrigas ambientais por parte das empresas e o exercicio por parte da Xunta de Galiza das súas facultades inspectoras e sancionadoras.

Novamente, o pasado sábado 31 de xaneiro repetíase un episodio semellante de rotura dunha das balsas afectando a montes e regatos do lugar de Aviño, no concello de Malpica, e incluso provocando o corte da estrada que vai dende este lugar ata Razo, no veciño concello de Carballo.

O artigo 46 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia di:

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de minas, realizar as comprobacións necesarias e pedir a documentación e a información necesaria para o seguimento e a vixilancia das declaracións ambientais, así como comprobar o cumprimento da normativa mineira aplicable ás actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, de oficio ou por instancia de parte interesada, así como das condicións de seguridade de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras, sen prexuízo do establecido na normativa vixente en materia de riscos laborais.

Vemos así como a Xunta permitiu que acontecera o grave desastre ocorrido en Monte Neme en febreiro de 2014. Despois de varios meses de avisos, escritos e peticións ante a Consellaría de Industria finalmente unha das balsas que contiña as augas contaminadas pertencentes a esta antiga explotación mineira rompeu e verteu os seus residuos cara núcleos de poboación.

Dous meses e medio despois daquel desastre confírmase que Augas de Galicia detectou “alarmantes niveis de aluminio” en zonas receptoras das augas vertidas indicando tamén a presenza de augas ácidas tóxicas derivadas da actividade mineira.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O desleixo e inacción da Xunta deu coma resultado que o desastre se repetise este mesmo ano, coincidindo coa execución do plan de restauración ambiental. Execución que se demorou trece anos.

Nunha primeira análise do desastre recente parece evidenciarse un alto grao de improvisación; así o indica o descoñecemento, ou o menoscabo a respecto dunha galería existente dos tempos nos que funcionou a explotación mineira e que todo indica que foi o seu colapso o que deu lugar a este novo episodio de contaminación masiva.

No lugar da antiga mina de Monte Neme, quedan aínda dúas balsas cheas de auga, dun cor azul turquesa, que en tempos foi reclamo de instagramers e que se demostrou a súa toxicidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que responsabilidade asume a Xunta de Galiza neste desastre ambiental e como vai garantir que non se repita?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 02/02/2026 16:40:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:40:54
Nº Rexistro: 48996
Data envío: 02/02/2026 16:40:54.790

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 16:40:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:40:54
Nº Rexistro: 48996
Data envío: 02/02/2026 16:40:54.790

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia de dar conta da fronte común promovida por varias comunidades autónomas, entre elas Galicia, para defender o mantemento do equilibrio entre a conservación das poboacións de lobo e a actividade do sector gandeiro

O plan de xestión do lobo de Galicia non supón, en ningún caso, que a especie sexa obxectivo da caza senón que, en liña coas recomendacións do Comité Permanente do Consello de Berna, busca garantir a viabilidade da especie no territorio. En definitiva, pretende manter unha poboación estable e ao mesmo tempo compatibilizar a súa existencia coa gandaría extensiva e coa viabilidade económica das explotacións agropecuarias, entre outras adoptando medidas preventivas e establecendo liñas de axudas para paliar os danos causados pola especie.

As pretendidas anulacións de tres disposicións da Lei estatal 1/2025, do 1 de abril, de prevención das perdas e o desperdicio alimentario suporían unha intromisión nas competencias da Comunidade galega e, entre outros, levaría consigo quitarlle de novo a competencia ás comunidades autónomas na xestión do lobo.

A esta situación únese a inacción do Goberno Central que non ten convocado desde o pasado verán a Conferencia sectorial precisa para aprobar o informe sexenal que reflicte que o estado das poboacións do lobo no norte de España é favorable, un documento que tería que estar en Europa desde o ano pasado. De feito, o incumprimento do prazo motivou que Bruxelas abrixa un expediente a España.

Ademais, a débeda do Goberno central con Galicia en relación aos fondos que debe de anos pasados para sufragar as medidas de prevención e compensación de danos polos ataques da especie vai en aumento sen ningún tipo de xustificación.





Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

1. Que accións está a adoptar a Xunta de Galicia para facer valer as competencias que lle outorga o Estatuto de Autonomía, respecto da caza e doutras normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, e que se concretan en iniciativas de control das poboacións do lobo?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 02/02/2026 16:54:07

Gonzalo Trenor López na data 02/02/2026 16:54:18

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/02/2026 16:54:25

Carmen Pomar Tojo na data 02/02/2026 16:54:34

José Luis Ferro Iglesias na data 02/02/2026 16:54:49

María Nazaret Cendán Gayoso na data 02/02/2026 16:54:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/02/2026 16:55:08

Argimiro Marnotes Fernández na data 02/02/2026 16:55:19

Moisés Rodríguez Pérez na data 02/02/2026 16:55:27

Katherinie Varela Fernández na data 02/02/2026 16:55:35



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 16:56:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:56:56
Nº Rexistro: 49005
Data envío: 02/02/2026 16:56:56.936

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 17:10:34
Nº Rexistro: 49019
Data envío: 02/02/2026 17:10:34.437

Asinado o día 02/02/2026 ás 17:08
Por Miguel Fidalgo Igi

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereas Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez,, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo acontecido na madrugada do sábado 31 de xaneiro cando produciuse a rotura dunha das balsas da antiga mina de Monte Neme, situada entre os concellos de Carballo e Malpica, provocando o arrastre de auga, lodos, pedras e restos vexetais ladeira abaixo.

A escorrentía afectou vías municipais e obrigou a activar dispositivos de emerxencia, sen que, afortunadamente, se rexistrasen danos persoais.

Segundo a información trasladada polos servizos técnicos e polos alcaldes da zona, o colapso produciuse a través dunha antiga galería non detectada previamente, nun contexto de fortes precipitacións acumuladas nas últimas semanas.

A Xunta de Galicia xa ten en marcha —e en fase de execución— o proxecto de restauración ambiental integral da antiga explotación mineira, co obxectivo de garantir a estabilidade do terreo, eliminar acumulacións de auga e recuperar ambientalmente a contorna.

Dado o impacto do suceso, a proximidade a núcleos habitados e o interese da veciñanza por coñecer a evolución dos traballos, considérase oportuno solicitar información actualizada sobre as actuacións realizadas e previstas.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

1. Que información actualizada pode ofrecer a Xunta de Galicia sobre o suceso acontecido na madrugada do venres ao sábado na antiga explotación mineira de Monte Neme?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 02/02/2026 ás 17:06
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 02/02/2026 ás 17:05
Por Rubén Lorenzo Gómez



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/02/2026 17:05:46
Cristina Sanz Arias na data 02/02/2026 17:06:00
Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/02/2026 17:08:06
María Encarnación Amigo Díaz na data 02/02/2026 17:08:24
María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/02/2026 17:08:38
Ángel Rodríguez Conde na data 02/02/2026 17:08:46
Moisés Rodríguez Pérez na data 02/02/2026 17:09:03
Borja Vereza Fraiz na data 02/02/2026 17:09:16
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 02/02/2026 17:09:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 17:10:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 17:10:34
Nº Rexistro: 49019
Data envío: 02/02/2026 17:10:34.437

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre o futuro industrial naval nos terreos que ocupa Astilleros San Enrique após a fin da súa concesión.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego actúe canto antes diante da decisión do consello de administración do Porto de Vigo de revocar a concesión de uso dos terreos portuarios a Astilleros San Enrique e a posible perda da actividade industrial nos mesmos.

Exposición de motivos

Dentro dos sectores sobre os que pivotou a economía da ría de Vigo está o sector da industria naval, sendo este un pilar fundamental e cunha traxectoria histórica que aglutinou o coñecemento de xeración arredor da construción naval.

Un sector que en 2008 chegou a empregar a máis de 10.000 persoas, hoxe en día apenas supera o millar en Vigo, nun contexto no que a falta de persoal cualificado está sendo unha das demandas do sector, facendo incluso fincapé, na necesidade de que o PERTE sirva tamén á formación.

Falar de sector naval é falar necesariamente de estaleiros como Barreras, como Freire ou como Vulcano. Este último, agora Astilleros San Enrique, sufriu un proceso de reconversión crítico.

Asinado o día 02/02/2026 ás
17:53
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como Vulcano, pasou dun concurso de acredores a un ERE e, actualmente como Astilleros San Enrique, nunha situación de incumprimento das condicións que fixou coa Autoridade Portuaria de Vigo para a concesión dos terreos, o que levou a dita Autoridade a ampliar os prazos iniciais até en dúas ocasións.

Paralelamente a isto a propia Autoridade Portuaria e Vigo presentou o pasado ano 2024 a proposta de delimitación dos espazos e usos portuarios (DEUP) na cal, entre outras afeccións, abría a porta a destinar os espazos ocupados por Astilleros San Enrique a uso comercial ou mesmo a espazo de almacenaxe do contedores.

Así as últimas novas deste ano 2026, após a primeira reunión do consello de administración do Porto de Vigo, fan máis plausible que nunca a fin da concesión dos terreos a este estaleiro, o que suporía a fin da actividade naval ininterrompida no peirao de Espiñeiro máis dun século despois do seu inicio.

No entanto, e atendendo o carácter estratéxico para a cidade de Vigo, como actividade tractora do punto de vista produtivo e socioeconómico, do sector da construción e reparación naval, e considerando o seu acervo histórico como unha das principais actividades portuarias en Vigo, carece de xustificación a pretensión de facer desaparecer ese uso nas dependencias dos actuais estaleiros San Enrique (antiga Vulcano).

Para alén do máis, precisamente ese ámbito reúne as condicións técnicas necesarias para poder albergar un Centro de Reparación Naval da Ría de Vigo, que ten sido longamente proxectado e reivindicado, e que se non é realidade é pola falla de impulso e decisión das administracións públicas.

Atendendo a reparación naval como actividade garantista do mantemento do emprego e do coñecemento na industria naval, que non dependa dos prazos nin das dinámicas de oscilación da carga de traballo que son características da construción naval.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Como pensa o Goberno galego garantir a continuidade da actividade industrial a futuro no espazo que previsiblemente quedará sen uso após a fin da concesión de Astilleros San Enrique (antiga Vulcano) en Vigo?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/02/2026 17:53:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 17:57:24
Nº Rexistro: 49024
Data envío: 02/02/2026 17:57:24.249

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 17:57:24
Nº Rexistro: 49024
Data envío: 02/02/2026 17:57:24.249

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 17:57:27

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 49027
Data envío: 02/02/2026 18:18:22.223

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, cre vostede que verdadeiramente está dando resposta efectiva ás necesidades de galegos e galegas coas súas decisións políticas?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro do 2026

Asinado o día 02/02/2026 ás
17:42
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

169848

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 17:42:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 49027
Data envío: 02/02/2026 18:18:22.223

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 18:18:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 49027
Data envío: 02/02/2026 18:18:22.223

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, que motiva o seu agasallo fiscal ás eléctricas coa modificación do canon eólico?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026

Asinado o día 02/02/2026 ás
18:20
Por Ana Pontón Mondelo



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/02/2026 18:20:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 18:20:57
Nº Rexistro: 49028
Data envío: 02/02/2026 18:20:57.897

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 18:20:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 18:20:57
Nº Rexistro: 49028
Data envío: 02/02/2026 18:20:57.897

CSV: BOPGDSPG-qYfO8wMH-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

